

**INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA  
DAVID BUJÁN**

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
DO  
DEPARTAMENTO DE GEOGRAFÍA E  
HISTORIA**



**CAMBRE**

**CURSO ACADÉMICO:  
2008-2009**

**MATERIAS QUE IMPARTE O DEPARTAMENTO:**

- **CIENCIAS SOCIAIS 1º, 2º, 3º e 4º ESO** (3 horas semanais/grupo + 2 horas semanais/agrupamentos de 1º e 2º = 16 horas semanais).
- **ÁMBITO SOCIO-LINGÜÍSTICO PCPI** (3 horas semanais)
- **HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO 1º Bacharelato** (8 horas semanais).
- **HISTORIA DE ESPAÑA 2º Bacharelato** (4 horas semanais)
- **XEOGRAFÍA 2º Bacharelato** (4 horas semanais).
- **HISTORIA DO ARTE 2º Bacharelato** (4 horas semanais).
- **SOCIEDADE ESA** (4 horas semanais).

**CURSOS E GRUPOS QUE DEPENDEN DO DEPARTAMENTO:**


<b>CURSO E GRUPO:</b>	<b>ÁREA/MATERIA:</b>	<b>PROFESOR/A:</b>	<b>HORAS SEMANAIS:</b>
<b>2º BACHARELATO GRUPO A/B</b>	HISTORIA DA ARTE /XEOGRAFÍA	José Mª Blanco Blanco	8 horas semanais
<b>2º BACHARELATO GRUPOS B /ESA</b>	HISTORIA DE ESPAÑA	Francisco Cobo Rguez.	8 horas semanais
<b>1º BACHARELATO GRUPO B/C. 4º ESO A/B/C</b>	HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO	Xoán Gabeiras Vérez.	18 horas semanais
<b>3º ESO GRUPOS A/B/C. PCPI</b>	CIENCIAS SOCIAIS	Mª Isabel Sánchez	16 h. semanais
<b>2º ESO GRUPOS A/B</b>	CIENCIAS SOCIAIS	Mª Soledad Puente de Montoya	6 h. semanais + 2 h. agrupamento
<b>1º ESO GRUPOS A/B</b>	CIENCIAS SOCIAIS	Mª Soledad Puente de Montoya	6 h. semanais + 2 h. agrupamento

**PROFESORADO QUE FORMA PARTE DO DEPARTAMENTO:**

Asdo.: José Mª Blanco Blanco	Asdo.: Francisco Cobo Rguez.	Asdo.: Isabel Sánchez Cachaza
Asdo.: Juan A. Granados Loureda	Asdo.: Xoán Gabeiras Vérez.	Asdo.: Mª Soledad Puente de Montoya <b>Xefa Departamento</b>

## **ÍNDICE XERAL:**

1. **PROGRAMACIÓN 1º ESO: páxinas 3 – 92**
2. **PROGRAMACIÓN DE 2º ESO: páxinas 93 – 130**
3. **PROGRAMACIÓN 3º ESO: páxinas 131 – 155**
4. **PROGRAMACIÓN 4º ESO: páxinas 156 – 175**
5. **PROGRAMACIÓN 1º BACHARELATO. HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO: páxinas 176 – 182**
6. **PROGRAMACIÓN 2º DE BACHARELATO. HISTORIA DE ESPAÑA: páxinas 183 – 194**
7. **PROGRAMACIÓN 2º BACHARELATO. HISTORIA DA ARTE: páxinas 195 – 204**
8. **PROGRAMACIÓN 2º BACHARELATO. XEOGRAFÍA: páxinas 205 – 211**
9. **PROGRAMACIÓN DO ÁMBITO DA SOCIEDADE PARA ESA: páxinas 212 – 219**
10. **EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA E OS DEREITOS HUMANOS: Páxinas 220 - 230**



DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E  
HISTORIA

**XEOGRAFÍA E HISTORIA**

**1º DE ESO**

**CIENCIAS SOCIAIS**

**PRIMEIRO CURSO**

**CURSO: 2008 – 2009**

## ÍNDICE:

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE CIENCIAS SOCIALES DE 1º ESO.....	
1. OBTXECTIVOS XERAIS.....	
<b>2. COMPETENCIAS BÁSICAS</b> .....	
3. CONTIDOS E OBTXECTIVOS POR UNIDADES DIDÁCTICAS.....	
4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	
5. CONTIDOS TRANSVERSAIS.....	
6. RECURSOS DIDÁCTICOS.....	
7. CONTIDOS E OBTXECTIVOS MÍNIMOS.....	
8. CONCRECIÓN E RELACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	
9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....	
10. METODOLOXÍA.....	
<b>11. CONTRIBUCIÓN OS PLANS LECTOR E AS TIC</b> .....	
12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .....	
 PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE 2º DE ESO.....	
1. OBTXECTIVOS.....	
2. CONTIDOS E OBTXECTIVOS POR UNIDADES DIDÁCTICAS.....	
3. <a href="#">CONTIDOS E OBTXECTIVOS MÍNIMOS</a> .....	
4. TEMPORALIZACIÓN.....	
5. AVALIACIÓN.....	
6. METODOLOXÍA.....	
7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	
8. TEMAS TRANSVERSAIS .....	
9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	
10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	
11. PROGRAMACIÓN PARA ALUMNOS PENDENTES	

## OBXECTIVOS XERAIS

### OBXECTIVOS DO PRIMEIRO CURSO

1. Desenvolver sentimentos de pertenza á comunidade galega e as entidades políticas nas que esta se integra valorando positivamente a diversidade cultural e a historia común da Unión Europea, España e Galicia.
2. Valorar e coñecer os dereitos e deberes que outorga a cidadanía preparándose para o exercicio dos primeiros e para o cumprimento dos segundos.
3. Recoñecer os mecanismos esenciais que rexen o funcionamento dos feitos sociais e económicos dentro da estrutura da nosa sociedade e, deste xeito, comprender e saber analizar os problemas máis apremantes das sociedades contemporáneas.
4. Coñecer as características da Terra, do Sol e do Sistema Solar; explicar os movementos de rotación y translación do noso planeta e os factores que inciden na alternancia do día e da noite, e das estacións.
5. Explicar a distribución das placas e das dorsais oceánicas da Terra e identificar os axentes internos e externos que interveñen na formación do relevo.
6. Coñecer a composición das distintas partes que forman a atmosfera e a función que desempeña cada unha delas.
7. Analizar a distribución da auga no noso planeta, os movementos de mares e océanos e a acción erosiva dos ríos.
8. Describir o clima, a vexetación e a fauna das distintas paisaxes da Terra (ecuatorial, tropical, desértica, mediterránea, etc.).
9. Comparar o xeito de vida das sociedades que habitan nas distintas zonas xeográficas da Terra (lapóns, pastores do deserto, pobos da sabana africana, etc.).
10. Analizar as interaccións que as sociedades humanas establecen cos seus territorios na utilización do espazo e no aproveitamento dos recursos naturais.
11. Recoñecer os factores que determinan o tempo e mais o clima dun determinado territorio e establecer as características das grandes zonas climáticas da Terra.
12. Coñecer o medio físico e humano (relevo, clima, augas, vexetación) da Comunidade Autónoma de Galicia, de España e de Europa valorando a diversidade humana, cultural e natural como un ben que cómpre preservar.
13. Entender o proceso de hominización e a evolución cultural da Humanidade desde os primeiros australopitecos até a aparición do *Homo Sapiens Sapiens*.
14. Coñecer o xeito de vida dos grupos cazadores-recolectores da Prehistoria e analizar os restos materiais das súas actividades cotiás (ferramentas, obxectos de adorno, vestido, etc.) e as súas principais manifestacións artísticas.
15. Explicar as orixes do Neolítico, o desenvolvemento da agricultura e da gandaría e o proceso de sedentarización dos grupos humanos.
16. Recoñecer a importancia do desenvolvemento da metalurxia, a artesanía e mais o comercio na evolución social e cultural das sociedades prehistóricas.

17. Analizar as principais características das civilizacións exipcia e mesopotámica (economía, sociedade, arte, etc.) e localizar no tempo as orixes da escritura.
18. Coñecer a evolución histórica da civilización grega desde o nacemento da polis até a creación dos reinos helenísticos e recoñecer a herdanza cultural dos gregos (arte, filosofía, política, etc.) valorando a súa contribución á configuración da cultura occidental.
19. Coñecer a evolución histórica do Imperio romano, desde a fundación de Roma até a destitución do último emperador de Occidente, e caracterizar os trazos distintivos da organización social e económica, os costumes, a relixión e os aspectos da vida cotiá dos romanos, facendo especial fincapé nas características das cidades romanas e as súas obras urbanísticas.
20. Describir o proceso de expansión do Cristianismo a través do Imperio Romano.
21. Analizar as causas da crise do século III e das invasións xermánicas; e localizar cronoloxicamente a fin do Imperio Romano de Occidente.
22. Analizar a organización socioeconómica, o asentamento e mais a distribución no territorio dos pobos prerromanos da Península Ibérica e nas terras de Galicia.
23. Explicar os elementos característicos do proceso de romanización na Península Ibérica e no territorio galego e identificar os principais testemuños arqueolóxicos da época romana no territorio español e en Galicia.
24. Coñecer a evolución histórica e cultural da Hispania visigoda e recoñecer as principais manifestacións artísticas e culturais dos visigodos en España e en Galicia.
25. Entender a relación entre os acontecementos máis significativos da historia de Galicia, a historia de España e a Historia Universal, respectando os aspectos comúns e os de carácter diverso, co fin de valorar a pertenza a varias identidades colectivas.
26. Valorar a diversidade lingüística e cultural no mundo e no territorio español; e ser respectuosos e tolerantes coas actitudes, crenzas e xeitos de vida de persoas ou grupos que pertencen a sociedades ou culturas diferentes á propia.
27. Valorar a importancia do patrimonio natural, lingüístico, artístico e histórico de España e de Galicia, asumir a responsabilidade de conservalo e melloralo, e apreciálo como fonte de gozo xeral e como manifestación valiosa da nosa memoria colectiva.
28. Reflexionar sobre as repercusións da intervención humana no medio físico, especialmente desde os comezos da revolución industrial até os nosos días, reparando nos problemas ecolóxicos que nos son máis próximos (contaminación atmosférica, consumo de auga, etc.); e actuar de acordo coas posibilidades de cada individuo para contribuír á protección e mellora do medio.
29. Valorar diferentes manifestacións artísticas a partir do coñecemento dos elementos técnicos básicos que as conforman e situándoas no seu contexto histórico.
30. Adquirir e empregar o vocabulario específico da área con precisión e rigor.
31. Estudar, comparar e contrastar a información obtida a través de diferentes fontes de información directa (enquisas, traballos de campo, etc.) e indirecta (vídeos, imaxes, obras de arte, etc.).
32. Manexar e interpretar correctamente diferentes instrumentos de traballo xeográfico e histórico como as gráficas, os mapas, as series estatísticas, etc.; saber interpretar a escala gráfica e os signos convencionais que se utilizan nos distintos tipos de mapas (topográficos, políticos, temáticos, etc.).

33. Realizar pequenas investigacións de carácter descritivo, organizando os datos e as ideas; e resolver diversos problemas mediante a aplicación de técnicas e procedementos sinxelos de procura e tratamento da información propios da Xeografía e da Historia.
34. Valorar a construción do coñecemento científico e tecnolóxico como froito dun esforzo colectivo e comprender a súa dimensión de saber provisional exposto a revisións e transformacións nos seus conceptos básicos.
35. Desenvolver actividades en grupo adoptando actitudes colaboradoras construtivas e respectuosas coa opinión dos demais.
36. Recoñecer as actitudes e situacións discriminatorias que tiveron lugar ao longo da historia por razón de raza, sexo, relixión ou de calquera outra condición o circunstancia persoal ou social; e mostrar unha actitude solidaria cos individuos e colectividade que foron obxecto desta discriminación.
37. Apreciar os dereitos e liberdades das persoas como un logro irrenunciable da humanidade, denunciar as actitudes discriminatorias e inxustas e mostrarse solidario con aqueles que estean privados dos seus dereitos ou dos recursos económicos necesarios.
38. Comprender e valorar a realidade dinámica e cambiante da sociedade galega, así como, as súas interrelacións sociais, económicas ou culturais con outras realidades sociais.



## COMPETENCIAS BÁSICAS

### UNIDADE 1. A representación da Terra

#### OBXECTIVOS

1. Coñecer distintas formas de representación do espazo terrestre.
2. Orientarse no espazo.
3. Localizar puntos nun mapa utilizando as coordenadas xeográficas.
4. Comprender o concepto de escala e utilizala para medir distancias.
5. Coñecer os elementos básicos da cartografía.
6. Construír e interpretar gráficos simples.

#### CONTIDOS

---

##### CONCEPTOS

- O globo terráqueo e os mapas.
  - Os tipos de mapas.
  - Os elementos dun mapa.
  - Os puntos cardinais.
  - Os paralelos e os meridianos.
  - Os hemisferios.
  - A latitude e a lonxitude.
  - A escala: definición e tipos.
- 

##### PROCEDEMENTOS, DESTREZAS E HABILIDADES

- Interpretar a lenda dun mapa.
  - Usar distintas formas de orientación.
  - Localizar un punto nun mapa utilizando as coordenadas xeográficas.
-

- 
- Interpretar mapas a distintas escalas.
  - Usar a escala nun plano e nun mapa.
  - Construír e interpretar gráficos simples: lineais, de barras e sectoriais.
- 

**ACTITUDES**

- Curiosidade por coñecer distintas formas de representar o espazo terrestre.
  - Valoración positiva do enxeño que os seres humanos teñen aplicado para descubrir distintas formas de representar o noso planeta e do labor de xeógrafos e cartógrafos.
  - Precisión nas representacións cartográficas e nos cálculos numéricos necesarios para calcular escalas.
  - Iniciativa na planificación e execución de procedementos cartográficos.
  - Valoración da orientación como destreza básica para desenvolverse no espazo con autonomía e seguridade.
- 

**COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN****Competencias específicas****Competencia espacial**

- Analizar globos e mapas, dúas formas de representar o espazo terrestre.
- Coñecer os distintos tipos de mapas: físicos, políticos e temáticos.
- Usar a simboloxía dun mapa e elaborar e interpretar lendas.
- Orientarse de forma relativa no espazo mediante os puntos cardinais.
- Orientarse de forma absoluta no espazo mediante coordenadas xeográficas.

**Pensamento social**

- Interpretar a evolución dun fenómeno representado nun gráfico lineal.
- Comparar as categorías representadas nun gráfico de barras.
- Analizar a distribución dun fenómeno nun gráfico sectorial.

**Competencias xerais****Comunicación lingüística**

- Comprender un texto narrativo (*Hillary, desde o teito do mundo*).
- Elaborar respostas escritas.

**Competencia matemática**

- Usar sistemas de referencia.
- Calcular escalas.
- Calcular proporcións e porcentaxes para elaborar un gráfico sectorial.
- Representar graficamente información estatística en distintos tipos de gráficos.

**Tratamento da información e competencia dixital**

- Coñecer as bases da linguaxe cartográfica.
- Usar a cartografía como fonte de información.

**Competencia social e cidadá**

- Traballar en grupo: xogo de localización de obxectos no espazo.
- Usar na realidade as coordenadas xeográficas para resolver un problema: atopar persoas perdidas.

**Autonomía e iniciativa persoal**

- Empregar a escala en contextos cotiáns, por exemplo, a compra dun piso ou a elaboración dun itinerario turístico.
- Elaborar un plano seguindo as pautas correctas.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Localizar lugares ou espazos nun mapa empregando datos de coordenadas xeográficas e obter información sobre o espazo representado a partir da lenda e a simboloxía, comunicando as conclusións de forma oral ou escrita.
2. Realizar unha lectura comprensiva de fontes de información escrita de contido xeográfico ou histórico e comunicar a información obtida de forma correcta por escrito.

## CONTIDOS TRANSVERSAIS

Esta unidade ofréceno-la posibilidade de traballa-los contidos transversais relacionados coa **educación ambiental**, xa que nela abórdanse contidos que implican un maior coñecemento do medio en que vivimos, que poden permitir ós alumnos comprende-la orixinalidade que supón a vida terrestre no medio do universo e por qué paga a pena coida-lo planeta. Así mesmo, poden traballarse os contidos relacionados coa **educación para a paz e a convivencia**, ó analiza-lo eurocentrismo que supoñen algunhas proxeccións cartográficas (coma a de Mercator, a máis estendida), ou se se interpretan os descubrimentos xeográficos non desde o prisma dos descubridores senón dos “pobos descubertos”.

A interdisciplinabilidade pode establecerse coa área de **Ciencias da Natureza**, onde se abordan temas relacionados co universo e coa vida na Terra, ou as **Matemáticas**, onde se estudian redes de coordenadas e proporcións numéricas. Tamén é posible establecer conexións coa área artística e tecnolóxica no referente a proxeccións e cartografía.

## RECURSOS DIDÁCTICOS

- . O libro de texto.
- . Atlas Mundial.
- . Mapas e esfera.
- . Vídeos: serie Cosmos.
- . Enciclopedia Encarta 2000.
- . Enciclopedia multimedia.
- . Páxinas web:
  - Axencia Espacial estadounidense: [www.nasa.gov](http://www.nasa.gov)
  - Axencia Espacial Europea: [www.esrin.esa.it](http://www.esrin.esa.it)
  - Planetario de Madrid: [www.planetmad.es](http://www.planetmad.es)

## UNIDADE 2. O relevo terrestre

### OBXECTIVOS

1. Coñecer a estrutura da cortiza terrestre en distintas placas tectónicas.
2. Diferenciar as distintas formas do relevo continental, costeiro e submarino.
3. Explicar de forma básica como se orixina o relevo terrestre e como cambia ó longo do tempo pola acción da auga, do vento e os seres vivos.
4. Interpretar distintas formas de representar o relevo: as gamas de color e as curvas de nivel dos mapas topográficos.
5. Localizar nun mapa os principais accidentes do relevo terrestre.

### CONTIDOS

<b>CONCEPTOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A estrutura interna da Terra: cortiza, manto e núcleo.</li> <li>• Os océanos e os continentes.</li> <li>• As placas tectónicas.</li> <li>• O concepto de relevo.</li> <li>• As formas do relevo terrestre: continentais, costeiras e submarinas.</li> <li>• As forzas do interior da Terra, orixe do relevo: fallas, plegues, terremotos e erupcións volcánicas.</li> <li>• O relevo cambia: a acción da auga, o vento e os seres vivos sobre o relevo.</li> </ul>
<b>PROCEDIMENTOS, DESTREZAS E HABILIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Interpretar representacións esquemáticas do interior da Terra e das formas do relevo terrestre.</li> <li>• Utilizar algúns mapas básicos: de océanos e continentes, de</li> </ul>

---

placas tectónicas, do relevo do mundo.

- Analizar procesos: orixe e evolución do relevo terrestre.
  - Interpretar distintas formas de representar o relevo: as gamas de color e as curvas de nivel.
- 
- Utilizar un mapa topográfico para preparar unha excursión, para o que é preciso interpretar a lenda, usar a escala para calcular distancias e interpretar as curvas de nivel para averiguar como é a paisaxe.

---

#### ACTITUDES

- Curiosidade por coñecer como é o relevo terrestre.
  - Valoración positiva do inxenio que os seres humanos aplicaron para descubrir distintas formas de representar o relevo terrestre e do labor de xeógrafos e cartógrafos.
  - Precisión nas representacións cartográficas e nos cálculos numéricos necesarios para calcular escalas.
  - Iniciativa na planificación de actividades da cotidiá utilizando os coñecementos e destrezas que proporciona a Xeografía.
  - Valoración positiva da diversidade do relevo terrestre.
- 

#### COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN

##### Competencias específicas

##### Competencia espacial

- Coñecer o espazo físico no que se desenvolve a nosa vida.
- Localizar as principais unidades do relevo do mundo.
- Representar o relevo por medio de esquemas gráficos e mapas de gamas de color.
- Describir formas do relevo.
- Utilizar o mapa topográfico.

**Pensamiento social**

- Plantexar hipótesis sobre a orixe das montañas e a antiga situación das placas terrestres.
- Realizar prediccións sobre a posible evolución das placas terrestres.

**Competencias xerais****Comunicación lingüística**

- Vocabulario: conceptos relacionados co relevo terrestre.
- Detectar similitudes e diferencias.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretación e organización da información.
- Elaborar respostas escritas.

**Competencia matemática**

- Calcular escalas.

**Aprender a aprender**

- Coñecer os distintos marcadores textuais como sinais que nos axudan a desentrañar a estrutura dun texto.

**Tratamento da información e competencia dixital**

- Usar a cartografía e os esquemas debuxados como fonte de información.

**Competencia social e cidadana**

- Reflexionar críticamente sobre os efectos das accións humanas sobre o relevo terrestre.

**Autonomía e iniciativa persoal**

- Utilizar coñecementos xeográficos en contextos cotiás, por exemplo, a planificación dunha excursión.

## CRITERIOS DE EVALUACIÓN

1. Localizar lugares ou espazos nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas e obter información sobre o espazo representado a partir da lenda e a simboloxía, comunicando as conclusións de forma oral ou escrita.
2. Localizar nun mapa os elementos básicos que configuran o medio físico mundial, de Europa y de España caracterizando os rasgos que predominan nun espazo concreto.
3. Identificar e explicar, algúns exemplos dos impactos que a acción humana ten sobre o medio natural, analizando as súas causas e efectos, e aportando medidas e conductas que serían necesarias para limitalos.
4. Realizar unha lectura comprensiva de fontes de información escrita de contido xeográfico ou histórico e comunicar a información obtida de forma correcta por escrito.

## CONTIDOS TRANSVERSAIS. INTERDISCIPLINARIEDADE

Nesta unidade segue presente de forma importante a **educación ambiental** nos aspectos relacionados cos riscos ambientais e deterioro de paisaxes naturais pola acción humana, mediante a cal se pretende que os alumnos asuman unha actitude activa no coidado do medio e na reivindicación de políticas máis proteccionistas.

Tamén atopamos unha importante relación deste tema coa **educación para o consumo**, debido á necesidade de suscitar reflexións acerca do consumo excesivo polo esgotamento de recursos. Así mesmo pode facerse fincapé na importancia da auga e na diversa distribución desta no planeta, o que se pode relacionar con elementos de **educación para a saúde, a paz e a convivencia**. Por último, partindo da diversidade de paisaxes existentes na Terra, pode realizarse unha reflexión sobre a **diversidade de formas culturais** e de vida, asociadas a esas paisaxes que hai no planeta.

A interdisciplinarietàade nesta unidade establécese fundamentalmente coa rama de **Ciencias da Natureza**, onde se tocan temas relacionados co clima, vexetación, ciclo da auga, as augas continentais ou problemas ambientais.

## RECURSOS DIDÁCTICOS

- . Libro de texto.
- . Atlas Mundial.
- . Mapamundis murales: físicos, zona de vexetación e clima.
- . Vídeos.

Páxinas web:

- Información sobre volcáns: [www.volcano.und.nodak.edu/vw.htm](http://www.volcano.und.nodak.edu/vw.htm)
- Ministerio de Medio Ambiente: [www.mma.es](http://www.mma.es)
- Vistas da Terra (continentes, océanos): [www.fourmilab.ch/earthview/vplanet.html](http://www.fourmilab.ch/earthview/vplanet.html)
- Prensa e revistas.



## UNIDADE 3. As augas

### OBXECTIVOS

1. Coñecer a estrutura das augas do planeta: augas continentais (ríos, lagos, xeos e augas subterráneas) e augas mariñas.
2. Interpretar distintas formas de representar as augas mariñas e continentais.
3. Localizar nun mapa os principais mares, ríos e lagos do mundo.
4. Apreciar a importancia das augas para a nosa vida.
5. Valorar as augas como parte do patrimonio do noso planeta.

### CONTIDOS

---

<b>CONCEPTOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• As augas mariñas e as augas continentais.</li> <li>• Os ríos: definición e conceptos fundamentais (cauce, conca, curso e caudal).</li> <li>• As augas mariñas: definición e características (salinidade, movementos).</li> <li>• Os lagos: qué son, orixes.</li> <li>• As augas subterráneas: qué son, formación, importancia.</li> <li>• Os glaciares: qué son, partes.</li> <li>• Os usos da auga.</li> </ul>
<b>PROCEDIMENTOS, DESTREZAS E HABILIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Interpretar debuxos esquemáticos: o ciclo da auga, o curso dun río, un glaciar de montaña.</li> <li>• Utilizar algúns mapas básicos: de ríos, de mares, de lagos.</li> <li>• Interpretar un mapa de fluxos: o mapa das correntes mariñas.</li> <li>• Analizar a foto de satélite do río Nilo.</li> <li>• Interpretar o gráfico do curso dun río.</li> <li>• Analizar procesos: a acción dos ríos sobre o relevo nas</li> </ul>

---

---

distintas partes do seu curso.

- Establecer relacións entre o clima das zonas polas que pasa un río e o seu caudal.
- 

#### **ACTITUDES**

- Curiosidade por coñecer cómo son as augas da Terra.
  - Valoración positiva do inxenio que os seres humanos aplicaron para descubrir distintas formas de representar as augas da Terra e do labor de xeógrafos e cartógrafos.
  - Actitude negativa cara o consumo excesivo da auga e a súa contaminación.
  - Valorar as augas como parte do patrimonio do noso planeta, a través do análise dos ríos Amazonas e Nilo.
- 

#### **COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN**

##### **Competencias específicas**

##### **Competencia espacial**

- Coñecer o espazo físico no que se desenvolve a nosa vida.
- Localizar os principais mares, ríos e lagos do mundo.
- Representar a hidrografía por medio de debuxos esquemáticos, gráficos e mapas.
- Interpretar un mapa de fluxos: o mapa das correntes mariñas.
- Interpretar o gráfico do curso dun río.

##### **Pensamento social**

- Establecer relacións entre as augas e os seres humanos: a) entre a presenza de auga e o asentamento da poboación; b) entre a presenza de auga e o desenvolvemento das actividades económicas con especial fincapé na agricultura; c) entre o tipo de corrente mariña que baña unha zona e o asentamento da poboación.
- Explicar o por qué dalgúns fenómenos relacionados coas augas, por exemplo, a distinta salinidade dos mares.
- Relacionar distintos factores físicos: a) o relevo e as augas para explicar as características das distintas partes do curso dun río; b) o clima e as augas para explicar os distintos réximes dos ríos.

**Competencias xerais****Comunicación lingüística**

- Vocabulario: conceptos relacionados coa hidroloxía terrestre.
- Detectar similitudes e diferencias.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretación e organización da información.
- Elaborar respostas escritas.

**Aprender a aprender**

- Usar a técnica do suliñado.
- Realizar clasificacións.

**Tratamento da información e competencia dixital**

- Usar a cartografía e os esquemas debuxados como fonte de información.
- Usar as fotografías de satélite como fonte de información.

**Competencia social cidadana**

- Reflexionar críticamente sobre os efectos das accións humanas sobre a calidade e cantidade das augas terrestres.

**Autonomía e iniciativa persoal**

- Utilizar coñecementos xeográficos para argumentar sobre problemas cotiás, por exemplo, a necesidade de conservar os acuíferos.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Localizar lugares ou espazos nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas e obter información sobre o espazo representado a partir da lenda e a simboloxía, comunicando as conclusións de forma oral ou escrita.
2. Localizar nun mapa os elementos básicos que configuran o medio físico mundial, de Europa e de España caracterizando os rasgos que predominan nun espazo concreto.
3. Identificar e explicar, algúns exemplos dos impactos que a acción humana ten sobre o medio natural, analizando as súas causas e efectos, e aportando medidas e condutas que serían necesarias para limitalos.
4. Realizar unha lectura comprensiva de fontes de información escrita de contido xeográfico ou histórico e comunicar a información obtida de forma correcta por escrito.

## CONTIDOS TRANSVERSAIS. INTERDISCIPLINARIEDADE

No continente europeo, a gran tradición industrial, o elevado grao de desenvolvemento e a súa longa historia causaron a degradación dunha parte importante do seu medio natural. Por iso é imprescindible que os alumnos asuman a idea da necesidade de preservar os espazos que chegaron ata nós nunhas óptimas **condicións medioambientais** e da importancia que ten que os distintos países europeos cheguen a acordos que permitan reduci-los niveis de contaminación e degradación do medio. Na páxina 87 desta unidade dedícase un espazo destacado para tratar este tema.

Ademais da contaminación terrestre, Europa sofre a degradación dos seus mares. A fauna e a flora mariñas desapareceron en moitas franxas costeiras debido á vertedura incontrolada de substancias contaminantes e a sobreexplotación pesqueira levou á case desaparición de diversas especies de peixes nas augas territoriais de moitos países europeos. A este tema dedícase tamén un espazo nas páxinas de aproveitamento do medio.

## UNIDADE 4. O tempo e o clima

### OBXECTIVOS

1. Diferenciar entre tempo e clima.
2. Coñecer os principais elementos do clima (temperatura, precipitacións, presións e ventos) e os factores que os modifican.
3. Realizar observacións do tempo, aplicando o estudiao á comprensión do propio entorno.
4. Interpretar distintas formas de representar o tempo.
5. Valorar a influencia que o clima ten na nosa vida.

### CONTIDOS

---

#### CONCEPTOS

- A atmosfera.
  - O tempo e o clima.
  - As temperaturas: definición, medida, factores.
  - As precipitacións: definición, medida, factores.
-

- As presións: definición, medida, factores.
- Os ventos: definición, tipos.

---

**PROCEDIMENTOS,  
DESTREZAS E  
HABILIDADES**

- Interpretar representacións esquemáticas da atmosfera terrestre.
  - Utilizar algúns mapas básicos: de temperaturas medias, de precipitacións totais e os ventos.
  - Analizar procesos: os tipos de precipitacións e a formación de os ventos.
  - Interpretar distintas formas de representar o tempo: o mapa pictográfico e o mapa de superficie.
  - Realizar rexistros diarios do tempo do entorno.
- 

**ACTITUDES**

- Curiosidade por coñecer cómo é o clima terrestre.
  - Valoración positiva do inxenio que os seres humanos aplicaron para descubrir distintas formas de estudar e de representar o tempo.
  - Precisión na observación do entorno.
  - Iniciativa na planificación de actividades da vida cotiá utilizando os coñecementos e destrezas que proporciona a Xeografía.
- 

**COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN**

**Competencias específicas**

**Competencia espacial**

- Coñecer o espazo físico no que se desenvolve a nosa vida, concretamente da atmosfera e a súa dinámica.
- Representar en mapas da distribución dos elementos do clima.
- Interpretar mapas do tempo pictográficos e de superficie.
- Realizar observacións do tempo do entorno.

**Pensamento social**

- Analizar a influencia dos seguintes factores (latitude, altitude e distancia ó mar) nas temperaturas, precipitacións, presións e ventos.
- Analizar a influencia da inclinación dos raios solares nas temperaturas terrestres.
- Explicar procesos: a) a formación das precipitacións; b) tres orixes diferentes para as precipitacións; c) a formación e dirección dos ventos.
- Explicar por qué: a) as borrascas traen tempo inestable; b) os anticiclóns traen tempo estable.
- Realizar prediccións sobre a posible evolución do tempo na localidade.

### **Competencias xerais**

#### **Comunicación lingüística**

- Vocabulario: conceptos relacionados cos elementos do clima terrestre.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretación e organización da información.
- Elaborar respostas escritas.

#### **Competencia matemática**

- Utilizar con soltura as unidades de medida das temperaturas, as precipitacións e as presións.

#### **Aprender a aprender**

- Esquematizar a información mediante distintas técnicas: a ficha, o esquema de claves e o esquema de flechas.

#### **Tratamiento da información e competencia dixital**

- Usar a cartografía e os esquemas debuxados como fonte de información.
- Realizar búsquedas de información fóra do libro de texto.

#### **Competencia social e cidadana**

- Reflexionar críticamente sobre a importancia da capa de ozono para nosa vida.

#### **Autonomía e iniciativa persoal**

- Utilizar coñecementos xeográficos, por exemplo, a comprensión do tempo e a súa previsión, á hora de planificar actividades cotiás.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Localizar lugares ou espazos nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas e obter información sobre o espazo representado a partir da lenda e a simboloxía, comunicando as conclusións de forma oral ou escrita.
2. Identificar e explicar, algúns exemplos dos impactos que a acción humana ten sobre o medio natural, analizando as súas causas e efectos, e aportando medidas e condutas que serían necesarias para limitalos.
3. Realizar unha lectura comprensiva de fontes de información escrita de contido xeográfico ou histórico e comunicar a información obtida de forma correcta por escrito.

### CONTIDOS TRANSVERSAIS. INTERDISCIPLINARIEDADE

-A educación para a conservación do medio ambiente é a protagonista; céntrase no problema da auga en España. Ademais, ó longo dos distintos epígrafes da unidade, tamén se estudian outros aspectos relacionados con este eixe transversal: os espazos naturais, os bosques, o esgotamento dos caladoiros pesqueiros e a responsabilidade humana no agravamento de determinados riscos naturais.

-Suscita-lo debate da racionalidade de usos con respecto á auga e de cómo soluciónalo déficit hídrico crónico que sofre gran parte da España meridional.

En canto á **interdisciplinabilidade**, esta unidade relaciónase coa de área de *Ciencias da Natureza: Bioloxía e Xeoloxía*.

### RECURSOS DIDÁCTICOS

- .Vídeos.
- .Atlas
- Mapas
- Prensa.
- .Páxinas web:
  - Ministerio de Medio Ambiente: [www.mma.es](http://www.mma.es)
  - Médicos sen Fronteiras: [www.msf.es](http://www.msf.es)
- .Carpeta de recursos.

## UNIDADE 5. As paisaxes da Terra

**OBXECTIVOS**

1. Diferenciar os distintos climas que existen na Terra e describir as súas principais características.
2. Analizar a influencia do clima sobre os ríos, a vexetación e a forma de vida das persoas.
3. Diferenciar as distintas paisaxes que se poden observar na Terra como consecuencia de esas relacións.
4. Apreciar o distinto grao de humanización destas paisaxes.
5. Interpretar imaxes de distintas paisaxes.
6. Localizar nun mapa os principais climas paisaxes da Terra.
7. Valorar a diversidade de paisaxes terrestres como algo que hai que conservar.

**CONTIDOS****CONCEPTOS**

- Os climas da Terra.
- A paisaxe ecuatorial: situación, clima, ríos, vexetación, humanización.
- A paisaxe tropical: situación, clima, ríos, vexetación, humanización.
- Os desertos: situación, clima, ríos, vexetación, humanización.
- A paisaxe mediterránea: situación, clima, ríos, vexetación, humanización.
- A paisaxe continental: situación, clima, ríos, vexetación, humanización.
- A paisaxe oceánica: situación, clima, ríos, vexetación, humanización.
- A paisaxe polar: situación, clima, ríos, vexetación, humanización.
- A paisaxe de alta montaña: situación, clima, ríos, vexetación, humanización.



---

**PROCEDIMENTOS,  
DESTREZAS E  
HABILIDADES**

- Interpretar representacións esquemáticas de distintas paisaxes terrestres.
- Utilizar algúns mapas básicos: o mapa de climas.
- Elaborar un mapa de vexetación.
- Analizar a relación entre a paisaxe natural e a forma de vida das persoas.
- Interpretar fotografías aéreas de paisaxes.
- Elaborar un croquis.
- Elaborar e interpretar un climograma.

---

**ACTITUDES**

- Curiosidade por coñecer cómo son as paisaxes da Terra.
- Valoración positiva do inxenio que os seres humanos aplicaron para descubrir distintas formas de representar os climas e as paisaxes.
- Precisión na representación de datos climáticos nun climograma.
- Valoración positiva da diversidade da paisaxe terrestre.

---

**COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN****Competencias específicas****Competencia espacial**

- Coñecer os distintos tipos de paisaxes nos que se desenvolve a nosa vida.
- Localizar os principais climas e paisaxes do mundo.
- Elaborar e interpretar climogramas.
- Representar as paisaxes mediante debuxos esquemáticos, fotos e croquis.
- Describir paisaxes.
- Diferenciar entre os elementos naturais e humanos dunha paisaxe.

**Pensamento social**

- Analizar a relación entre o clima e outros aspectos do medio físico, como as augas, a vexetación e a fauna.
- Analizar a relación entre a paisaxe natural, o grao de humanización e a forma de vida dos seres humanos desa zona.

### **Competencias xerais**

#### **Comunicación lingüística**

- Vocabulario: conceptos relacionados co clima e a paisaxe terrestre.
- Detectar similitudes e diferencias.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretación e organización da información.
- Elaborar respostas escritas.

#### **Competencia matemática**

- Representar gráficamente datos de temperaturas medias e precipitacións totais.

#### **Aprender a aprender**

- Realizar comparacións mediante cuadros de dobre entrada.

#### **Tratamiento da información e competencia dixital**

- Usar a cartografía e os esquemas debuxados como fonte de información.
- Extraer información dunha fotografía aérea.

#### **Competencia social e cidadana**

- Reflexionar criticamente sobre os efectos das accións humanas sobre a paisaxe terrestre.

#### **Autonomía e iniciativa persoal**

- Utilizar os coñecementos do tema para argumentar cales son as paisaxes máis favorables e máis desfavorables para os seres humanos.
- Planificar como elaborar unha reportaxe periodística sobre unha paisaxe terrestre e levalo a cabo según o planificado.
- Utilizar croquis para moverse en espazos cotiás.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Localizar lugares ou espazos nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas e obter información sobre o espazo representado a partir da lenda e a simboloxía, comunicando as conclusións de forma oral ou escrita.
2. Comparar os rasgos físicos máis destacados (relevo, clima, augas e elementos bioxeográficos) que configuran os grandes medios naturais do planeta, localizándoos no espazo representado e relacionándoos coas posibilidades que ofrecen ós grupos humanos.
3. Identificar e explicar, algúns exemplos dos impactos que a acción humana ten sobre o medio natural, analizando as súas causas e efectos, e aportando medidas e condutas que serían necesarias para limitalos.
4. Realizar unha lectura comprensiva de fontes de información escrita de contido xeográfico ou histórico e comunicar a información obtida de forma correcta por escrito.

## UNIDADE 6. Os continentes: estudio físico

### OBXECTIVOS

1. Coñecer os principais rasgos físicos de África, Asia, Oceanía, América e A Antártida.
2. Explicar as razóns da configuración física de cada un dos continentes citados.
3. Localizar nun mapa os elementos básicos que configuran o medio físico de África, Asia, Oceanía, América e A Antártida.
4. Valorar eses elementos destacados como parte do patrimonio do noso planeta.
5. Utilizar o atlas.

### CONTIDOS

#### CONCEPTOS

- A paisaxe de África: situación, extensión, relieve, augas, climas e paisaxes.
- A paisaxe de Asia: situación, extensión, relieve, augas, climas e paisaxes.
- A paisaxe de Oceanía: situación, extensión, relieve, augas, climas e paisaxes.
- A paisaxe de América: situación, extensión, relieve, augas, climas e paisaxes.
- A paisaxe de A Antártida: situación, extensión, relieve, augas, climas e paisaxes.

**PROCEDIMENTOS,  
DESTREZAS E  
HABILIDADES**

- Interpretar mapas de relevo, ríos e climas a escala continental.
- Interpretar gráficos de picos e ríos de cada continente.
- Analizar imaxes de paisaxes dos distintos continentes.
- Completar mapas mudos.
- Comparar mapas do mesmo continente nun atlas.

**ACTITUDES**

- Curiosidade por coñecer a paisaxe dos continentes no europeos.
- Precisión nas representacións cartográficas.
- Valoración positiva da diversidade do relevo terrestre.
- Valoración dos elementos naturais máis destacados de cada continente como parte do patrimonio do noso planeta, a través do estudo de casos concretos: o Sahara, o mar Muerto, os arrecifes de coral, os Andes e o río Mississippi.

**COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN****Competencias específicas****Competencia espacial**

- Localizar África, Asia, Oceanía, América e A Antártida utilizando as coordenadas xeográficas.
- Localizar as principais unidades do relevo, ríos, lagos, climas e paisaxes de África, Asia, Oceanía, América e A Antártida.
- Interpretar gráficos de picos e ríos.
- Elaborar mapas mudos dos continentes.
- Utilizar o atlas.

**Pensamento social**

- Explicar as razóns da configuración física dos continentes, por exemplo: a) por que África ten un relevo horizontal e unha altitude media elevada; b) por que en América se dan todos os climas; c) por que os climas fríos ocupan maior extensión

en Asia que en África.

- Relacionar as características dos ríos de cada continente (caudal, lonxitude, curso...) coas do relevo e o clima das zonas polas que pasan.
- Relacionar a distribución da vexetación de cada continente coa distribución climática.
- Plantexar hipótesis sobre cales serán as zonas máis poboadas de cada continente tendo en conta as súas características físicas.
- Explicar procesos: a) por que se formaron as cataratas do Niágara; b) por que no Rift Valley hai numerosos volcáns.

### Competencias xerais

#### Comunicación lingüística

- Vocabulario: conceptos relacionados coa paisaxe específica dos continentes.
- Comprender un texto narrativo.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretación e organización da información.
- Elaborar respostas escritas.

#### Aprender a aprender

- Coñecer distintos métodos nemotécnicos.

#### Tratamento da información e competencia dixital

- Usar a cartografía, os gráficos e as fotografías como fonte de información.
- Buscar información nun atlas.

#### Competencia social e cidadana

- Coñecer algunhas das mostras máis interesantes do patrimonio natural mundial e reflexionar criticamente sobre ls efectos das accións humanas sobre os mesmos.
- Valorar a importancia que podería teer o desxeo de l A Antártida para a nosa propia supervivencia.
- Traballar en grupo co atlas.

**Autonomía e iniciativa persoal**

- Argumentar sobre o acordo ou desacordo co tratado de Washington, que prohíbe a explotación de A Antártida hata 2040.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Localizar lugares ou espazos nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas e obter información sobre o espazo representado a partir da lenda e a simboloxía, comunicando as conclusións de forma oral ou escrita.
2. Localizar nun mapa os elementos básicos que configuran o medio físico mundial, de Europa e de España caracterizando os rasgos que predominan nun espazo concreto.
3. Identificar e explicar, algúns exemplos dos impactos que a acción humana ten sobre o medio natural, analizando as súas causas e efectos, e aportando medidas e condutas que serían necesarias para limitalos.
4. Realizar unha lectura comprensiva de fontes de información escrita de contido xeográfico o histórico e comunicar aa información obtida de forma correcta por escrito.

**CONTIDOS TRANSVERSAIS INTERDISCIPLINARIEDADE**

Nesta unidade trátanse contidos moi relacionados co tema transversal da **educación ambiental**. Nos contidos da unidade encontrámoslos, dunha forma xeral, estudiando as paisaxes naturais, e máis particularmente na información que se nos proporciona sobre os espazos naturais protexidos e sobre as accións do home que van encamiñadas ó respecto á natureza.

O tratamento deste contido transversal pode reforzarse mediante algunhas actividades concretas, que axuden a unha mellor concienciación e a un maior grao de respecto ó medio.

- Recoller información de actuacións do home sobre o medio, clasificándoas segundo sexan agresivas ou compatibles.
- Visitar algún espazo protexido da comunidade.
- Realizar un traballo de campo que supoña posibles medidas que o alumno poda poñer en práctica para protexe-lo medio máis próximo ó seu contorno.
- Suscitar un debate que teña como punto central o desenvolvemento sostible, poñendo exemplos concretos de casos que se estean a dar na comunidade.

Tamén pode abordarse na unidade a **educación para a saúde**, ó trata-los contidos relativos ás explotacións agrícolas e gandeiras que se basean en produtos naturais e que limitan o uso de produtos químicos, analizando as consecuencias que pode ter para o ser humano o uso abusivo e descontrolado de tales produtos.

A **educación do consumidor** ten tamén relación con esta unidade no que se refire ó tratamento da auga como un ben valioso. Se ben é certo que a nosa comunidade é excedentaria en auga, tamén, tamén o é que cada ano se consome máis cantidade e os ríos están máis contaminados pola actividade humana.

A **educación moral e cívica** podemos relacionala con esta unidade a través do respecto á natureza e a necesidade de conservar moitas e variadas especies que existen na nosa comunidade, tanto de flora como de fauna.

En canto á interdisciplinabilidade, cabe destaca-la clara relación que ten esta unidade coa materia de Ciencias da Natureza, ben sexa desde os aspectos físicos (relevo, hidrografía...), como desde os aspectos da bioloxía (formas de vida na comunidade).

## RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro de texto.
- Caderno de traballo.
- Atlas xeográfico.
- Mapas murais.
- Páxinas web:
- Greenpeace: [www.greenpeace.org](http://www.greenpeace.org)
- Instituto Nacional de Meteorología: [www.inm.es](http://www.inm.es)
- Noticias sobre o ambiente: [www.ourplanet.com](http://www.ourplanet.com)

## Unidade 7. A paisaxe de Europa e de España

### OBXECTIVOS

1. Coñeces os principais rasgos físicos de Europa e España.
2. Explicar as razóns da configuración física de Europa e España.
3. Localizar nun mapa os elementos básicos que configuran o medio físico de Europa e España.

4. Valorar eses elementos destacados como parte do patrimonio do noso planeta.
5. Utilizar o atlas.

## CONTIDOS

<b>CONCEPTOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A paisaxe de Europa: situación, extensión, relieve, augas, climas e paisaxes.</li> <li>• A paisaxe de España: situación, extensión, relieve, augas, climas e paisaxes.</li> </ul>
<b>PROCEDIMENTOS, DESTREZAS E HABILIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Interpretar mapas de relevo, ríos e climas a escala continental e nacional.</li> <li>• Interpretar gráficos de picos e ríos.</li> <li>• Analizar imaxes de paisaxes.</li> <li>• Completar mapas mudos.</li> <li>• Comparar mapas do mesmo espazo nun atlas.</li> <li>• Comprensión elemental dun perfil lonxitudinal a partir da interpretación dun gráfico dunha etapa da Volta Ciclista.</li> </ul>
<b>ACTITUDES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Curiosidade por coñecer a paisaxe española e europea.</li> <li>• Precisión nas representacións cartográficas.</li> <li>• Valoración positiva da diversidade da paisaxe española europea.</li> <li>• Valoración dos elementos naturais máis destacados da paisaxe de Europa e de España como parte do patrimonio do noso planeta.</li> <li>• Crítica dos problemas medio ambientais que algunhas actuacións humanas están provocando no noso entorno.</li> </ul>

## COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN

Competencias específicas
--------------------------



**Competencia espacial**

- Localizar España e Europa utilizando as coordenadas xeográficas.
- Localizar as principais unidades do relevo, ríos, lagos, climas e paisaxes de España e Europa.
- Interpretar gráficos de picos e ríos.
- Elaborar mapas mudos dos continentes.
- Utilizar o atlas.

**Pensamento social**

- Explicar as razóns da configuración física de España e Europa, por exemplo: a) por que Europa ten unha altitude media baixa e España elevada; b) por que en Europa os ríos soen ser longos e caudalosos, pero non en España; c) por que en Canarias no hai catro estacións.
- Relacionar as características dos ríos europeos españois (caudal, lonxitude, curso...) coas do relevo e o clima das zonas polas que pasan.
- Relacionar a distribución da vexetación en Europa e España coa distribución climática.
- Plantexar hipótesis sobre cales serán as zonas máis poboadas de Europa e de España tendo en conta as súas características físicas.
- Explicar procesos:
  - a) por que a actividade do Etna modifica a paisaxe da zona;
  - b) por que no Rift Valley hai numerosos volcáns.

**Competencias xerais****Comunicación lingüística**

- Vocabulario: conceptos relacionados coa paisaxe específica de España e Europa.
- Comprender un texto narrativo.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Elaborar respostas escritas.

**Competencia matemática**

- Representar información numérica nun gráfico: elaborar un gráfico de picos coas principais alturas europeas representadas nun mapa físico.

**Aprender a aprender**

- Elaborar mapas de conceptos para sintetizar a información do tema.

**Tratamiento da información e competencia dixital**

- Usar a cartografía, os gráficos e as fotografías como fonte de información.
- Buscar información nun atlas.
- Buscar información sobre a Xeografía Física da Comunidade Autónoma.

**Competencia social e cidadana**

- Comprender por que é preciso protexer determinados espazos naturais (por exemplo, os humedales) e propoñer medidas concretas de protección.
- Traballar en grupo: a retransmisión da Volta Ciclista a España.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Localizar lugares ou espazos nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas e obter información sobre o espazo representado a partir da lenda e a simbioxía, comunicando as conclusións de forma oral ou escrita.
2. Localizar nun mapa os elementos básicos que configuran o medio físico mundial, de Europa e de España caracterizando os rasgos que predominan nun espazo concreto.
3. Comparar os rasgos físicos máis destacados (relevo, clima, augas y elementos bioxeográficos) que configuran os grandes medios naturais do planeta, con especial referencia a España, localizándoos no espazo representado e relacionándoos coas posibilidades que ofrecen ós grupos humanos.
4. Identificar e explicar, algúns exemplos dos impactos que a acción humana ten sobre o medio natural, analizando as súas causas e efectos, e aportando medidas e condutas que serían necesarias para limitalos.
5. Realizar unha lectura comprensiva de fontes de información escrita de contido xeográfico ou histórico e comunicar a información obtida de forma correcta por escrito.

## UNIDADE 8. As persoas nos relacionamos co medio natural

### OBXECTIVOS

1. Seleccionar que zonas son máis favorables para a vida das persoas, en función do seu clima, altitude, cursos de auga, situación costeira ou interior e solos.
2. Analizar os cambios que as persoas introducen no medio natural para satisfacer as súas necesidades e como esta acción modifica a paisaxe natural, creando distintas paisaxes transformadas.
3. Comparar distintas paisaxes humanizadas españois, como resultado da acción dos grupos humanos sobre distintas paisaxes naturais.
4. Coñecer cales son os principais problemas ambientais que provoca a acción dos seres humanos no medio natural e explicar as súas causas e consecuencias.
5. Valorar positivamente as formas de acción humana que fan posible un desenvolvemento sostible.
6. Propoñer accións de protección da natureza.

### CONTIDOS

<b>CONCEPTOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os factores físicos que condicionan a vida humana: clima, altitude, auga, costas, solos.</li> <li>• A paisaxe natural e a paisaxe transformada ou humanizada.</li> <li>• As distintas clases de paisaxes humanizadas: rural, urbana, industrial, turística...</li> <li>• Os elementos naturais e humanos das paisaxes españois: atlántica, mediterránea litoral, mediterránea interior canaria.</li> <li>• Os principais problemas ambientais: a sobreexplotación da auga, a contaminación e o cambio climático, a erosión e a desertización e a perda de biodiversidade.</li> <li>• As accións de protección da natureza.</li> </ul>
<b>PROCEDIMENTOS,</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comparar unha paisaxe antes e despois de ser transformada</li> </ul>

---

<b>DESTREZAS E HABILIDADES</b>	<p>polos seres humanos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Analizar como se adaptan as personas ós distintos medios naturais e como esti dá como resultado distintas paisaxes transformadas.</li> <li>• Extraer información medioambiental de distintos mapas temáticos e fotografías.</li> </ul>
<b>ACTITUDES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Toma de conciencia de que os procesos da natureza son moi longos, mentras que as accións humanas poden afectalos en moi poucos anos.</li> <li>• Valoración positiva de formas de explotar o medio natural que sexan respetuosas co medio ambiente.</li> <li>• Crítica dos problemas medio ambientais que algunhas actuacións humanas están provocando no noso entorno.</li> </ul>

---

## COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN

### Competencias específicas

#### Pensamiento social

- Determinar os factores que foron decisivos na poboación ou no dun espacio e no tipo de forma de vida que as personas establecen nese lugar.
- Explicar por que os grupos primitivos alteraban menos o medio que nosoutros.
- Explicar as causas e consecuencias dos principais problemas ambientais.
- Analizar ls modificaciones que ls personas producen nun espacio determinado.

### Competencias xerais

#### Comunicación lingüística

- Vocabulario: conceptos relacionados co medio ambiente.
- Comprender un texto narrativo.

- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Elaborar respostas escritas.

**Aprender a aprender**

- Facer resúmenes do tema.

**Tratamento da información e competencia dixital**

- Usar a cartografía, os gráficos e as fotografías como fonte de información.
- Buscar información en Internet.

**Competencia social e cidadana**

- Propoñer solucións para os principais problemas ambientais, que sexan adecuadas según a análise de causas-consecuencias que os alumnos fixeron previamente.
- Propoñer solucións que sexan viables desde o punto de vista social.
- Xuzgar as actuacións humanas sobre a paisaxe utilizando criterios éticos.

**Autonomía e iniciativa persoal**

- Argumentar sobre a transformación humana dunha paisaxe concreta.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Identificar e explicar, algúns exemplos dos impactos que a acción humana ten sobre o medio natural, analizando as súas causas e efectos, e aportando medidas e condutas que serían necesarias para limitalos.
2. Realizar unha lectura comprensiva de fontes de información escrita de contido xeográfico ou histórico e comunicar a información obtida de forma correcta por escrito.

**UNIDADE 9. Os riscos naturais**

**OBXECTIVOS**

1. Tomar conciencia de que o medio non é so un recurso, sénón tamén un risco para as persoas.
2. Explicar as causas, desenvolvemento e consecuencias ddos principais riscos naturais: volcáns, terremotos, maremotos, furacáns, sequías e inundacións.
3. Propoñer accións que limiten as consecuencias catastróficas destes fenómenos.
4. Cooperar con aqueles que sufriron os efectos dunha catástrofe natural

**CONTIDOS**

<b>CONCEPTOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Definición de risco natural.</li> <li>• Os volcáns.</li> <li>• Os terremotos.</li> <li>• Os maremotos ou tsunamis.</li> <li>• Os furacáns.</li> <li>• As sequías.</li> <li>• As inundacións.</li> </ul>
<b>PROCEDIMENTOS, DESTREZAS E HABILIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicar o proceso de desenvolvemento das catástrofes citadas.</li> <li>• Analizar as súas causas e as súas consecuencias.</li> <li>• Localizar ls lugares nos que se soen dar cada un destes tipos de catástrofes.</li> <li>• Propoñer plans de acción.</li> </ul>
<b>ACTITUDES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Toma de conciencia dos riscos que a natureza pode supoñer para a nosa vida, o que debe levarnos a tomar decisións téndoos en conta (por exemplo, non construír en zonas inundables).</li> <li>• Preocupación e cooperación coas persoas que sufriron unha catástrofe natural.</li> </ul>

**COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN****Competencias específicas****Competencia espacial**

- Percibir o medio como algo máis que o mero soporte da nosa vida e fonte de recursos e de disfrute, analizando os riscos ós que tamén nos somete.

**Pensamento social**

- Explicar as causas e consecuencias dos principais riscos naturais.
- Describir o proceso de desenvolvemento destas catástrofes.
- Analizar un caso real: a sequía en España 2004-2005.

**Competencias xerais****Comunicación lingüística**

- Vocabulario: conceptos relacionados cos riscos naturais.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Elaborar respostas escritas.

**Aprender a aprender**

- Establecer secuencias para organizar a información referente a procesos.

**Tratamiento da información e competencia dixital**

- Usar a cartografía, os gráficos e as fotografías como fonte de información.
- Buscar información en Internet.

**Competencia social e cidadana**

- Propoñer formas de axudar a persoas que viven en lugares que sufriron unha catástrofe natural, a partir dun análise dos aspectos que máis inflúen no número de vítimas.
- Propoñer solucións que sexan viables desde o punto de vista social.
- Propoñer solucións seguindo criterios éticos.

**Autonomía e iniciativa persoal**

- Saber como comportarse en caso dun terremoto e unha inundación.

- Elaborar plans de acción diferentes, axeitados ó tipo de catástrofe.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Identificar e explicar, algúns exemplos dos impactos que a acción humana ten sobre o medio natural, analizando as súas causas e efectos,ey aportando medidas e conductas que serían necesarias para limitalos.
2. Realizar unha lectura comprensiva de fontes de información escrita de contido xeográfico ou histórico e comunicar a información obtida de forma correcta por escrito.

## UNIDADE 10. O Paleolítico: os nosos antepasados máis remotos

### OBXECTIVOS

1. Coñecer a diferenza entre a Prehistoria e a Historia.
2. Caracterizar as etapas que se distinguen na Prehistoria.
3. Coñecer e apreciar como é o traballo do arqueólogo.
4. Describir o proceso de hominización.
5. Encuadrar o Paleolítico no seu contexto temporal e espacial.
6. Coñecer as principais características da forma de vida no Paleolítico.

### CONTIDOS

CONCEPTOS	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A Prehistoria e as súas etapas.</li> <li>• O estudio da Prehistoria, o traballo do arqueólogo.</li> <li>• O proceso de hominización.</li> <li>• O Paleolítico: época en que se desenvolveu e espacio (a vida na sabana e na zona glaciaria).</li> <li>• As características do Paleolítico: ferramentas de pedra, óso e</li> </ul>



---

	<p>madeira; organización en tribus; nomadismo; dedicación á caza e a recolección; vestido con peles; escasa esperanza de vida; a creencia nos espíritus e o culto ós mortos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A arte paleolítica: pinturas rupestres, esculturas e grabados, música e danza.</li> </ul>
--	---

---

<b>PROCEDIMENTOS, DESTREZAS E HABILIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Interpretación de líneas do tempo.</li> <li>• Análise de debuxos e fotografías de restos reais para obter información.</li> <li>• Explicación de procesos tecnolóxicos do Paleolítico: a elaboración dunha ferramenta de pedra e das pinturas cantábricas.</li> </ul>
---	--

---

<b>ACTITUDES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sentimento de que todas as persoas pertecemos a unha mesma especie, e que, por tanto, todos compartimos unha base biolóxica e un fondo antropolóxico comúns.</li> <li>• Valoración dos restos do paleolítico como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, por tanto, é preciso conservar.</li> <li>• Aprecio pola arte paleolítica, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por reflectir a creatividade humana.</li> </ul>
------------------	--

---

## COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN

### Competencias específicas

#### Competencia temporal

- Precisar o contexto espacio-temporal do Paleolítico.
- Valorar os seguintes procesos como claves no noso pasado: a posición bípeda, a aparición das primeiras ferramentas, a utilización da linguaxe, a vida en comunidade, a aparición da arte.
- Describir formas de vida do pasado, concretamente a vida no Paleolítico.
- Comprender que a forma de vida paleolítica perdurou durante millóns de anos.
- Interpretar e elaborar líneas do tempo.

#### Competencia cultural e artística

- Coñecer as principais manifestacións da arte paleolítica, as súas características e os principais exemplos.
- Utilizar termos artísticos básicos: pintura, escultura, grabado.
- Analizar obras de arte do Paleolítico.

#### **Pensamento social**

- Analizar as diferentes formas de vida dos nosos antepasados según o clima cálido ou frío das zonas nas que vivían.
- Explicar procesos tecnolóxicos do pasado.
- Formular hipóteses sobre o uso de distintos obxectos do Paleolítico.
  
- Comprender que gran parte das nosas afirmacións sobre a Prehistoria son meras hipóteses, pero, iso si, hipóteses razoadas e basadas nun restos.

#### **Competencias xerais**

##### **Comunicación lingüística**

- Utilizar o vocabulario relacionado co Paleolítico.
- Comprender un texto narrativo (Pinturas de Altamira).
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Elaborar respostas escritas.

##### **Aprender a aprender**

- Resumir información en fichas.

##### **Tratamento da información e competencia dixital**

- Usar fontes primarias e secundarias para obter información.
- Usar fontes escritas, materiais e iconográficos para obter información.
- Buscar información en Internet.
- Buscar información en enciclopedias.

##### **Competencia social e cidadana**

- Comprender a importancia de que as persoas vivan en comunidade para a supervivencia e o desenvolvemento da nosa especie.
- Analizar o papel activo no Paleolítico de grupos marxidados en outras épocas da

historia, como as mulleres e os anciáns.

- Sentir empatía polas persoas doutras épocas, neste caso polos nosos antepasados do Paleolítico. Comprender a que problemas se enfrentaban, como os resolvían e cales podían ser os seus sentimentos.
- Comprender que a tribu era unha forma de organización social bastante igualitaria.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Utilizar as convencións e unidades cronolóxicas e as nocións de evolución e cambio aplicándoas ós feitos e procesos da Prehistoria e historia antiga do mundo e da península Ibérica.
2. Realizar unha lectura comprensiva de fontes de información escrita de contido xeográfico ou histórico e comunicar a información obtida de forma correcta por escrito.

## UNIDADE 11. As civilizacións fluviaais. Mesopotamia

### OBXECTIVOS

1. Explicar o paso da Prehistoria á Historia.
2. Analizar as características das primeiras civilizacións.
3. Situar Mesopotamia no seu contexto espacio-temporal.
4. Analizar a estrutura social de Mesopotamia.
5. Valorar as aportacións da cultura mesopotámica ó patrimonio da humanidade.

### CONTIDOS

#### CONCEPTOS

- A aparición da escritura.
- O paso das cidades ós primeiros imperios en Mesopotamia, Exipto, China e India.
- As civilizacións fluviaais: definición e características.

- O espacio mesopotámico.
- A historia de Mesopotamia: contexto temporal e etapas.
- A estrutura social mesopotámica.
- A cultura mesopotámica: relixión, arquitectura, escultura.

---

#### PROCEDIMENTOS, DESTREZAS E HABILIDADES

- Interpretación de mapas históricos e de líneas do tempo.
- Análise de obxectos de forma pautada.
- Análise de debuxos e fotografías de restos reais para obter información.
- Elaborar unha pirámide social.
- Analizar cambios e permanencias ó longo do tempo.

---

#### ACTITUDES

- Curiosidade por coñecer formas de vida doutras épocas.
- Valoración dos restos das civilizacións fluviais como fontes fundamentais que nos permiten reconstruir o noso pasado e que, por tanto, é preciso conservar.
- Aprecio pola arte mesopotámica, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por reflectir a creatividade humana.
- Rechazo da falta de dereitos de grandes grupos sociais nesta civilización.

---

#### COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN

##### Competencias específicas

##### Competencia temporal

- Precisar o contexto espacio-temporal das civilizacións fluviais en xeral e de Mesopotamia en particular.
- Explicar por que a aparición da escritura e das primeiras civilizacións son procesos clave no noso pasado.
- Describir formas de vida do pasado, concretamente en Mesopotamia.
- Comprender que ó tempo que se desenvolvían as primeiras civilizacións, o resto dos espazos do mundo se mantían na Prehistoria.

- Comprender que non todos os aspectos dunha civilización evolucionan ó mesmo ritmo.
- Situar en mapas históricos e líneas do tempo os procesos históricos feitos estudados.

#### **Competencia cultural e artística**

- Coñecer as principais manifestacións da arte mesopotámica, as súas características e os principais exemplos.
- Analizar as relacións entre a arte e a sociedade: entre a aparición dun poder político forte e o inicio da arquitectura monumental.
- Utilizar termos artísticos básicos: arco, bóveda, zigurat.
- Analizar obras de arte mesopotámicas.

#### **Pensamento social**

- Explicar por que consideramos que a aparición da escritura abre o paso á Historia.
- Diferenciar entre os factores que nos axudan a explicar por que xurdiron as primeiras civilizacións e as características destas civilizacións.
- Formular hipóteses sobre a función de distintos restos da civilización mesopotámica.

#### **Competencias xerais**

##### **Comunicación lingüística**

- Utilizar o vocabulario relacionado coas civilizacións fluviais e Mesopotamia.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Elaborar respostas escritas.

##### **Tratamento da información e competencia dixital**

- Usar fontes primarias e secundarias para obter información.
- Usar fontes escritas, materiais e iconográficas para obter información.
- Buscar información en Internet.
- Utilizar formas especializadas de representar información, como a pirámide social.

**Aprender a aprender**

- Ler para estudar: uso de distintas técnicas para estudar diariamente e para estudar antes dun exame.

**Competencia social e cidadana**

- Explicar como xurdiron os primeiros Estados, e como esta forma de organización se diferencia das tribus paleolíticas e as aldeas do Neolítico e a Idade dos Metais.
- Analizar os poderes que tiña un soberano nas primeiras civilizacións e comparalos cos dun goberno actual.
- Explicar os termos libre e escravo e analizar a súa pervivencia na actualidade.
- Explicar cal era a situación da muller e aportar unha opinión propia ó respecto.
- Sentir empatía polas persoas doutras épocas, neste caso polos nosos antepasados mesopotámicos. Comprender a que problemas se enfrentaban, como os resolvían e cales podían ser os seus sentimentos.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Utilizar as convencións e unidades cronolóxicas e as nocións de evolución e cambio aplicándoas ós feitos e procesos da Prehistoria e historia antiga do mundo e da península Ibérica.
2. Diferenciar os rasgos máis relevantes que caracterizan algunha das primeiras civilizacións urbanas.
3. Realizar unha lectura comprensiva de fontes de información escrita de contido xeográfico ou histórico e comunicar l información obtida de forma correcta por escrito.

**CONTIDOS TRANSVERSAIS. INTERDISCIPLINARIEDADE**

Pode aproveitarse a explicación sobre as primeiras etapas do Paleolítico e a orixe do home moderno para integrar contidos de **educación para a paz** mediante a presentación da cuestión da igualdade esencial do ser humano. Mantendo o respecto ás diferencias culturais, as tradicións e o sentimento de identidade fundamentado sobre a tolerancia, hai unha igualdade esencial que nos une. Debe transmitirse a idea de que non é necesario empregar métodos violentos para expresa-las opinións nin para lograr ningún tipo de meta porque o ser humano ten a capacidade de enfrontarse por medio da palabra e unha dimensión moral que o enriquece.

Nesta mesma liña poden tamén tratarse contidos de **Educación para a igualdade** na parte dedicada á Idade do Cobre e á Idade do Bronce, onde os alumnos poden debater

en clase acerca da orixe das desigualdades sociais e da muller respecto do home nas sociedades patriarcais.

As relacións interdisciplinares máis estreitas son as que existen coa área de **ciencias naturais e física e química**. Neste sentido poden tratarse asuntos coma a evolución humana, a importancia da adaptación natural, o cambio climático do Holoceno, a diferenza entre as especies salvaxes e domésticas ou o sistema de datación do Carbono 14. Tamén poden establecerse relacións coa área de **tecnoloxía** ó aborda-la orixe da metalurxia e coa de **matemáticas** ó traballa-lo procedemento da cronoloxía.

## RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro de texto.
- Carpeta de recursos.
- Vídeos: película “En busca del fuego”, dirixida por Jean Jacques Annaud.

## O antigo Exipto

### OBXECTIVOS

1. Explicar a influencia do medio físico na civilización exipcia.
2. Coñecer as etapas e principais personaxes e acontecementos da historia exipcia.
3. Describir as estruturas política e social do Exipto antigo.
4. Explicar como eran as crencias dos antigos exipcios e valorar a súa influencia na arte.

### CONTIDOS

#### CONCEPTOS

- A paisaxe exipcia e a súa influencia na forma de vida, con especial interese no Nilo.
- As etapas da historia exipcia.
- O poder do faraón.
- Unha sociedade desigual: privilegiados e non privilexiados.

- A muller exipcia.
- A vida cotiá no campo e na cidade.
- As crenzas: politeísmo e vida despois da morte.
- A arte: arquitectura (templos e tumbas), a escultura, a pintura e as artes menores.

---

#### PROCEDIMENTOS, DESTREZAS E HABILIDADES

- Interpretación de mapas históricos e de líneas ddo tempo.
- Análise de obxectos de forma pautada.
- Análise de debuxos e fotografías de restos reais para obter información.
- Interpretar o plano dun edificio.
- Analizar enterramentos e extraer información deles.
- Escribir con xeroglíficos.

---

#### ACTITUDES

- Curiosidade por coñecer formas de vida doutras épocas.
- Valoración dos restos de Exipto como fontes fundamentais que nos permiten reconstruir o nosos pasado e que, polo tanto, é preciso conservar.
- Crítica das ideas erróneas que se transmiten a miúdo sobre a civilización exipcia.
- Aprecio pola arte exipcia, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por reflectir a creatividade humana.
- Rechazo da falta de dereitos de grandes grupos sociais nesta civilización.

---

#### COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN

##### Competencias específicas

##### Competencia temporal

- Precisar o contexto espacio-temporal da civilización exipcia.
- Coñecer os principais personaxes da civilización exipcia.
- Describir formas de vida do pasado, concretamente no antigo Exipto.
- Analizar as semellanzas e diferencias entre Exipto e Mesopotamia e valorar



como nun mesmo marco histórico conviven grupos humanos diferentes.

- Situar en mapas históricos e líneas do tempo os procesos históricos e feitos estudados.

#### **Competencia cultural e artística**

- Coñecer as principais manifestacións da arte exipcia, as súas características e os principais exemplos.
- Analizar as relacións entre arte e sociedade: a influencia das crenzas na arte exipcia, tanto no seu tipo de manifestacións (templos e tumbas) como nas súas características.
- Utilizar termos artísticos básicos: adintelado, columna, perspectiva, frontalidade, idealización.
- Analizar obras de arte exipcias.
- Interpretar o plano dun edificio.

#### **Pensamento social**

- Analizar a importancia do factor xeográfico no desenvolvemento da civilización exipcia.
- Explicar as distintas formas como os exipcios solucionaron un problema: como aproveitar as augas do Nilo.
- Xerarquizar os grupos sociais según a súa posición de poder.
- Explicar os motivos polos que os exipcios construían grandes tumbas e momificaban ós mortos.
- Formular hipóteses sobre a vida cotiá dos exipcios a partir da observación de esculturas.
- Averiguar o grupo social ó que pertecía un difunto a partir do análise dos restos dun enterramento.

#### **Competencias xerais**

##### **Comunicación lingüística**

- Utilizar o vocabulario relacionado coa civilización exipcia.
- Comprender un texto narrativo.

- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Elaborar respostas escritas.

#### Tratamento da información e competencia dixital

- Usar fontes primarias e secundarias para obter información.
- Usar fontes escritas, materiais e iconográficas para obter información.
- Buscar información en Internet e en enciclopedias.
- Analizar textos históricos: textos gregos que nos informan do antigo Exipto.

#### Competencia social e cidadana

- Analizar que significaba que o soberano exipcio fora considerado un deus e comparar coa actualidade.
- Reflexionar sobre o feito que nas sociedades nunca son iguais todos os seus membros, o que varía son os criterios nos que se fundamentan esas desigualdades.
- Sentir empatía polas persoas doutras épocas, neste caso polos nosos antepasados exipcios. Comprender a que problemas se enfrentaban, como os resolvían e cales podían ser os seus sentimentos.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Utilizar as convencións e unidades cronolóxicas e as nocións de evolución e cambio aplicándoas ós feitos e procesos da Prehistoria e historia antiga do mundo e da península Ibérica.
2. Diferenciar os rasgos máis relevantes que caracterizan algunha das primeiras civilizacións urbanas.
3. Realizar unha lectura comprensiva de fontes de información escrita de contido xeográfico ou histórico e comunicar a información obtida de forma correcta por escrito.

### CONTIDOS TRANSVERSAIS. INTERDISCIPLINARIEDADE

A unidade é rica en contidos transversais relacionados coa **educación para a paz** e a **educación moral e cívica**. Ó longo do desenvolvemento dos contidos hai numerosos datos que permiten unha reflexión sobre aspectos coma a escravitude e, por extensión, as diferencias na situación xurídica das persoas (*Escribas, campesiños e escravos*), as obrigacións e dereitos de cada grupo social (*Faraóns e campesiños*) ou as actitudes de tolerancia ou intolerancia entre diferentes

culturas . Seguindo estas informacións, o profesor pode suscitar unha reflexión sobre aspectos coma as razóns da intolerancia e os seus efectos sobre as persoas, ou as manifestacións da desigualdade social e xurídica.

Na unidade podemos atopar relacións de **interdisciplinabilidade** con outras materias: **lingua** (adquisición de vocabulario específico), **matemáticas** (interpretación de gráficos, orixe do cálculo sexagesimal) e **ciencias da natureza** (coñecemento de anatomía na cultura exipcia).

### RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro de texto.
- Mapas localización das grandes civilizacións.
- Vídeos: película de “Tierra de faraones”

## UNIDAD 12. A Grecia Clásica

### OBXECTIVOS

1. Describir a estrutura social na antiga Grecia.
2. Describir a vida cotiá dos gregos: actividades económicas, alimentación, vestido e vivenda.
3. Comprender como era unha cidade griga e valorala como inicio do noso urbanismo.
4. Identificar e describir edificios característicos da antiga Grecia.
5. Coñecer os principais rasgos da relixión grega.
6. Coñecer as características da arte grega e valorar a súa influencia na arte occidental.

**CONTIDOS**

<b>CONCEPTOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A sociedade grega.</li> <li>• As actividades económicas.</li> <li>• A vida cotiá: alimentación, vestido e vivenda.</li> <li>• As cidades.</li> <li>• A relixión grega: deuses e heroes, os mitos, o culto relixioso.</li> <li>• A arquitectura: os templos.</li> <li>• A escultura.</li> <li>• A cultura da razón.</li> </ul>
<b>PROCEDIMENTOS, DESTREZAS E HABILIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise de debuxos e fotografías de restos reais para obter información.</li> <li>• Análise dun edificio.</li> <li>• Análise dunha escultura.</li> <li>• Comparación de características das distintas etapas da escultura grega.</li> <li>• Identificación de cerámicas gregas.</li> </ul>
<b>ACTITUDES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Curiosidade por coñecer formas de vida doutras épocas.</li> <li>• Valoración dos restos da civilización grega como fontes fundamentais que nos permiten reconstruir o noso pasado e que, polo tanto, é preciso conservar.</li> <li>• Valoración dos gregos como unha das bases da civilización occidental.</li> <li>• Rechazo da falta de dereitos de grandes grupos sociais nesta civilización.</li> </ul>

**COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN****Competencias específicas****Competencia temporal**

- Enumerar e describir as principais características da forma de vida dos gregos: sociedade, economía, vida cotiá, crezas.

- Comprender que nos aspectos concretos dunha civilización (política, economía, sociedade, arte) se distinguen etapas, e que as etapas de cada un destes aspectos no teñen por que coincidir, pois cada aspecto evoluciona a un ritmo diferente.
- Analizar a pervivencia na actualidade de determinados rasgos gregos: na política, no urbanismo, na arte, nas ciencias...

#### **Competencia cultural e artística**

- Coñecer as principais manifestacións da arte grega, as súas características e os principais exemplos.
- Analizar as relacións entre arte e sociedade: a arte como espello dos valores dunha época (gusto pola beleza, a proporción, as medidas humanas, a estrutura racional).
- Utilizar termos artísticos básicos: orden, frontón, columna, fuste, cornisa, metopa, friso, arquitrabe, capitel, realismo, expresividade.
- Identificar edificios específicos e describir a súa forma e función: o templo e o teatro.
- Analizar edificios.
- Analizar esculturas.
- Identificar cerámicas.

#### **Pensamento social**

- Comparar a situación dos distintos grupos sociais respecto ós dereitos e liberdades.
- Explicar a importancia da aparición da moeda.
- Identificar os factores que explican o emplazamento e estrutura da cidade grega.

#### **Competencias xerais**

##### **Comunicación lingüística**

- Utilizar o vocabulario relacionado coa sociedade e a cultura gregas.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Elaborar respostas escritas.

##### **Tratamento da información e competencia dixital**

- Usar fontes primarias e secundarias para obter información.
- Usar fontes escritas, materiais e iconográficas para obter información.
- Buscar información en Internet e en enciclopedias.
- Analizar textos históricos: Grecia a través dos textos de Homero.
- 

#### **Aprender a aprender**

- Elaborar mapas de conceptos.

#### **Competencia social e cidadana**

- Comprender que o concepto de cidadano está vinculado a uns dereitos políticos, que uns posúen e dos que outros están excluídos.
- Sentir empatía polas persoas doutras épocas, neste caso polos nosos antepasados gregos. Comprender a que problemas se enfrentaban, como os resolvían e cales podían ser os seus sentimentos.

#### **Autonomía e iniciativa persoal**

1. Utilizar a información estudiada como base na que fundar opinións razonadas, por exemplo, sobre a escravitude.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- 1 Utilizar as convencións e unidades cronolóxicas e as nocións de evolución e cambio aplicándoas ós feitos e procesos da Prehistoria e historia antiga do mundo e da península Ibérica.
2. Diferenciar os rasgos máis relevantes que caracterizan a civilización grega, identificando os seus elementos orixinais e valorando aspectos significativos da súa aportación á civilización occidental.
3. Realizar unha lectura comprensiva de fontes de información escrita de contido xeográfico ou histórico e comunicar a información obtida de forma correcta por escrito.

### **CONTIDOS TRANSVERSAIS. INTERDISCIPLINARIEDADE**

A unidade é rica en contidos transversais relacionados coa **educación para a igualdade**. O estudo da escravitude, das estruturas sociais da polis e os grupos sociais excluídos da vida política, a situación da muller na antiga Grecia, as diferencias na educación dos nenos e das nenas préstanse a traballar sobre a discriminación do sexo feminino, as súas manifestacións e as súas causas.

En canto á **interdisciplinabilidade**, a unidade ten importantes e abundantes conexións con outras materias como **Lingua** (uso do vocabulario específico), **Literatura** (a traxedia e a comedia), **Filosofía** (filósofos do s. V a.C., cultura helenística), **Matemáticas** (cultura helenística, actividades finais) e **Física** (principio de Arquímedes).

## RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro de texto.
- Mapas.
- Páxinas web:
- A muller no mundo antigo:<http://www.stoa.org/diotima>
- Vídeos.
- Película : Alejandro Magno / Páxinas web:
- Troya / Hércules (Disney)

## UNIDADE 13. O Imperio Romano

### OBJECTIVOS

1. Explicar as características do espazo xeográfico romano.
2. Coñecer as etapas da historia romana: época, características e principais acontecementos.
3. Valorar o papel histórico de personaxes relevantes, por exemplo, Xxullo César e Augusto.
4. Explicar as causas e consecuencias da crise do imperio romano.

### CONTIDOS

---

<b>CONCEPTOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O espazo romano.</li> <li>• As etapas da historia romana.</li> <li>• A Monarquía: goberno.</li> <li>• A República: goberno, a loita entre patricios e plebios, as Guerras Púnicas.</li> <li>• A crise da República.</li> <li>• O Alto Imperio: goberno, características.</li> <li>• O Baixo Imperio: a crise do século III, a recuperación do século IV.</li> <li>• Fin do imperio romano de Occidente e fragmentación do Mediterráneo.</li> </ul>
------------------	---

---

**PROCEDIMENTOS,  
DESTREZAS E  
HABILIDADES**

- Interpretación de mapas históricos e de líneas do tempo.
- Análise de debuxos e fotografías de restos reais para obter información.
- Interpretación de organigramas.
- Lectura crítica de cómics sobre os romanos.
- Análise de moedas.
- Comparación de características das distintas etapas da historia dunha mesma civilización

**ACTITUDES**

- Curiosidade por coñecer formas de vida doutras épocas.
- Valoración dos restos da civilización romana como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, por tanto, é preciso conservar.

**COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN****Competencias específicas****Competencia temporal**

- Precisar o contexto espacio-temporal en que se desenvolveu a civilización romana.
- Coñecer acontecementos e personaxes fundamentais da historia romana: a conquista etrusca, os conflitos entre patricios e plebeios, a expansión territorial, as Guerras Púnicas, os triunviratos, o establecemento do Imperio, os principais emperadores, o fin do imperio romano.
- Explicar por que a creación do imperio romano e o seu fin son dous procesos claves do noso pasado.
- Comprender que na historia dunha civilización se distinguen etapas con características propias.
- Situar en mapas históricos e líneas do tempo os procesos históricos e feitos estudados.

**Pensamento social**

- Analizar o peso do factor militar na expansión romana.
- Explicar os efectos que a conquista romana tivo sobre os pobos conquistados.



- Comparar distintas formas de organización política dos romanos.
- Comparar dúas crises sufridas polo mundo romano (a crise da República e a crise final do Imperio) e analizar o peso das causas internas e externas en cada unha delas.
- Enumerar máis dunha consecuencia das Guerras Púnicas.
- Valorar as solucións que buscaron distintos emperadores ó problema da crise durante o Baixo Imperio.

### **Competencias xerais**

#### **Comunicación lingüística**

- Utilizar o vocabulario relacionado coa historia política romana.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Elaborar respostas escritas.

#### **Tratamento da información e competencia dixital**

- Usar fontes primarias e secundarias para obter información.
- Usar fontes escritas, materiais e iconográficas para obter información.
- Buscar información en Internet e en enciclopedias.

#### **Aprender a aprender**

- Sintetizar información nunha línea do tempo.

#### **Competencia social e cidadana**

- Analizar as loitas entre patricios e plebeios como modelo dun conflito social.
- Comparar os distintos medios de conquista que usaron os romanos (desde o pacto ó aplastamento militar total) e valoralos desde un punto de vista ético.
- Constatar a existencia dunha diversidade de intereses entre os grupos que compoñen unha sociedade e como a imposición violenta dunss sobre outros pode provocar unha forte crise (como sucedeu na República romana).
- Ser capaz de explicar os motivos das accións doutras persoas.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Utilizar as convencións e unidades cronolóxicas e as nocións de evolución e cambio aplicándoas ós feitos e procesos da Prehistoria e historia antiga do mundo e da península Ibérica.
2. Caracterizar os rasgos da organización política, económica e social da civilización romana valorando a trascendencia da romanización en Hispania e a pervivencia do seu legado no noso país, analizando algunhas das súas aportacións máis representativas.
3. Realizar unha lectura comprensiva de fontes de información escrita de contido xeográfico ou histórico e comunicar a información obtida de forma correcta por escrito.

## CONTIDOS TRANSVERSAIS. INTERDISCIPLINARIEDADE

Poden introducirse contidos de **educación para a paz** aproveitando a explicación do proceso polo cal o modelo urbano se estableceu de forma paulatina. Roma tratou de integra-los pobos conquistados, en moitas ocasións mediante pactos que implicaban negociacións e o respecto dos seus costumes e tradicións. Unha suxestión para ampliar estes contidos é a explicación ós alumnos do “dereito de xentes”, que lexislaba a condición dos pobos estranxeiros. A continuación podemos suscita-la importancia da existencia de leis e tribunais internacionais como fundamento dos actuais Estados de dereito.

A organización social de Roma e da familia romana pode servir de pretexto para atender-los contidos de **educación para a igualdade** mediante o debate e a reflexión sobre as condicións de inferioridade ás que estivo sometida a muller en determinadas sociedades. Para o seu desenvolvemento, suxírese que os alumnos sinalen e expresen as súas opinións sobre a forma da familia romana e a consideración da muller en Roma. Isto pode axudar ós alumnos a manter un certo distanciamento do seu punto de vista que lles permita emitir xuízos críticos sobre algúns aspectos relacionados coa situación da muller na sociedade actual.

A área que mellor se presta a un tratamento **interdisciplinar** deste tema é a de **educación plástica e visual**, concretamente ó traballa-lo procedemento que consiste en interpreta-lo plano dunha cidade romana. Hai relación tamén coa área de **matemáticas** á hora de traballar, na actividade de ampliación, co calendario romano e as súas equivalencias.

## RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro de texto.
- Páxinas web:
- Museo Nacional de Arte Romano de Mérida: <http://www.mcu.es/mnar>
- Vídeos: Película Ben Hur.

## UNIDADE 14. O mundo romano

### OBXECTIVOS

1. Describir a estrutura social no imperio romano.
2. Describir a vida cotiá dos romanos: actividades económicas, alimentación, vestido e vivenda.
3. Comprender como era unha cidade romana e valorala como inicio do noso urbanismo.
4. Identificar e describir edificios característicos do imperio romano.
5. Coñecer os principais rasgos da relixión romana.
6. Valorar a importancia da aparición do cristianismo na historia occidental.
7. Valorar a influencia da cultura romana na civilización occidental.

### CONTIDOS

---

<b>CONCEPTOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A sociedade romana.</li> <li>• As actividades económicas.</li> <li>• A vida cotiá: alimentación, vestido e vivenda.</li> <li>• As cidades.</li> <li>• A relixión romana: paganismo e cristianismo.</li> <li>• A arquitectura: principais edificios e técnicas de construción.</li> </ul>
<b>PROCEDIMENTOS, DESTREZAS E HABILIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise de debuxos e fotografías de restos reais para obter información.</li> <li>• Análise da foto aérea dos restos dunha cidade.</li> <li>• Análise de edificios.</li> <li>• Extraer información de esculturas.</li> </ul>

---

- Identificación de obxectos cotiás.

**ACTITUDES**

- Curiosidade por coñecer formas de vida doutras épocas.
- Valoración dos restos da civilización romana como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, por tanto, é preciso conservar.
- Valoración dos romanos como unha das civilizacións occidentais.
- Rechazo da falta de dereitos de grandes grupos sociais nesta civilización.

**COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN****Competencias específicas****Competencia temporal**

- Valorar a aparición do cristianismo e a súa conversión en relixión oficial como un cambio fundamental no noso pasado.
- Enumerar e describir as principais características da forma de vida dos romanos: sociedade, economía, vida cotiá, crenzas.
- Comprender que, ó tempo que a vida política discorre con continuos cambios, as estruturas políticas, sociais, económicas e culturais se manteñen moito máis tempo, durante séculos.
- Analizar a pervivencia na actualidade de determinados rasgos romanos: na política, no urbanismo, na arte, nas ciencias...
- Interpretar un proceso de cambio relixioso: o paso do politeísmo (paganismo) ó monoteísmo (cristianismo) e da existencia dunha grande liberdade relixiosa á dunha relixión oficial obrigatoria para todos.

**Competencia cultural e artística**

- Coñecer as principais manifestacións da arte romana, as súas características e os principais exemplos.
- Analizar as relacións entre arte e sociedade: a arte como espello das necesidades humanas, a relación entre arte e función (edificios de ocio, conmemorativos, relixiosos e vivendas).
- Utilizar termos artísticos básicos: cúpula, bóveda de cañón, mosaico.
- Identificar edificios específicos e describir a súa forma e función: o templo, o teatro, o anfiteatro, o circo, as termas, as distintas vivendas...

- Extraer información de esculturas.

#### **Pensamento social**

- Explicar a relación entre a creación dunha extensa rede de comunicacións e o desenvolvemento do comercio.
- Comparar a situación dos distintos grupos sociais respecto ós dereitos e liberdades.
- Comparar o paganismo e o cristianismo.
- Dar máis dunha razón para explicar o éxito final do cristianismo.
- Plantexar hipóteses sobre a función de determinados obxectos romanos.

#### **Competencias xerais**

##### **Comunicación lingüística**

- Utilizar o vocabulario relacionado coa sociedade e a cultura romanas.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Elaborar respostas escritas.

##### **Tratamento da información e competencia dixital**

- Usar fontes primarias e secundarias para obter información.
- Usar fontes escritas, materiais e iconográficas para obter información.
- Buscar información en Internet e en enciclopedias.
- Analizar textos históricos: mitos romanos.

##### **Aprender a aprender**

- Elaborar mapas de conceptos.

##### **Competencia social e cidadana**

- Comprender que o concepto de cidadano está vinculado a uns dereitos políticos, que uns posúen e dos que outros están excluídos.
- Sentir empatía polas persoas doutras épocas, neste caso polos nosos antepasados romanos. Comprender a que problemas se enfrentaban, como os resolvían e cales podían ser os seus sentimentos.

##### **Autonomía e iniciativa persoal**

3. Utilizar a información estudiada como base na que fundar opinións razonadas,

por exemplo, sobre a escravitude.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Utilizar as convencións e unidades cronolóxicas e as nocións de evolución e cambio aplicándoas ós feitos e procesos da Prehistoria e historia antiga do mundo e da península Ibérica.
2. Caracterizar os rasgos da organización política, económica e social da civilización romana valorando a trascendencia da romanización en Hispania e a pervivencia do seu legado no noso país, analizando algunhas das súas aportacións máis representativas.
3. Realizar unha lectura comprensiva de fontes de información escrita de contido xeográfico ou histórico e comunicar a información obtida de forma correcta por escrito.

## UNIDADE 15. Hispania romana

### OBXECTIVOS

1. Conocer os pobos que vivían na península Ibérica e Baleares no primeiro milenio antes de Cristo e describir os rasgos principais da súa forma de vida.
2. Describir o desenvolvemento da conquista romana da península Ibérica e Baleares.
3. Comprender o significado do proceso denominado como romanización, identificar os seus rasgos e valorar o grao de romanización de Hispania.
4. Describir a vida cotiá da Hispania romana.
5. Valorar a influencia da cultura romana na nosa cultura.

### CONTIDOS

#### CONCEPTOS

- Os iberos: situación espacio-temporal, organización política e social, economía, crenzas e arte.
- Os celtas: situación espacio-temporal, organización política social, economía, crenzas e arte.
- A conquista romana de Hispania.
- A sociedade hispanorromana.

---

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A economía hispanorromana.</li> <li>• A romanización de Hispania: o latín, a relixión, as cidades e a arte.</li> <li>•</li> </ul>
<b>PROCEDIMENTOS, DESTREZAS E HABILIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Interpretar mapas históricos e líneas do tempo.</li> <li>• Localizar nun mapa os grupos de pobos iberos e celtas.</li> <li>• Análises de debuxos e fotografías de restos reais para obter información.</li> <li>• Elaborar un dossier.</li> </ul>
<b>ACTITUDES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Curiosidade por coñecer a historia do noso territorio.</li> <li>• Valorar que somos o froito do legado que deixaron numerosos pobos sobre o noso territorio.</li> <li>• Valoración dos restos que deixaron distintas culturas como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, por tanto, é preciso conservar.</li> </ul>

---

### COMPETENCIAS QUE SE TRABALLAN

<p><b>Competencias específicas</b></p> <p><b>Competencia temporal</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicar o significado do termo romanización.</li> <li>• Enumerar e describir as principais características da forma de vida dos iberos e os celtas.</li> <li>• Analizar como cambiou esta forma de vida coa conquista romana.</li> <li>• Describir por fases o proceso de conquista romana da península Ibérica e Baleares.</li> <li>• Coñecer as datas e personaxes clave neste proceso de conquista.</li> <li>• Situar en mapas históricos e líneas do tempo os procesos históricos y; e feitos estudados.</li> </ul> <p><b>Competencia cultural e artística</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conocer as principais manifestacións da arte ibérica, celta e hispanorromaa, </li> </ul>
--

as súas características e os principais exemplos.

- Analizar como era a cultura da península Ibérica antes e despois da chegada dos romanos.

#### **Pensamento social**

- Analizar o papel que desempeñaron as legións como medio de transmisión cultural.
- Descompoñer o proceso de romanización nos elementos que o conforman.
- Formular hipóteses sobre as razóns que poderían explicar a rapidez da conquista romana de Hispania.

#### **Competencias xerais**

##### **Comunicación lingüística**

- Valorar a romanización como un proceso clave que explica como somos.
- Buscar as ideas básicas do tema e interpretar e organizar a información.
- Elaborar respostas escritas.

##### **Tratamento da información e competencia dixital**

- Usar fontes primarias e secundarias para obter información.
- Usar fontes escritas, materiais e iconográficas para obter información.
- Buscar información en Internet e en enciclopedias.

##### **Aprender a aprender**

- Elaborar resúmenes.
- Elaborar un dossier.

##### **Competencia social e cidadana**

- Analizar a convivencia nun mesmo territorio (a península Ibérica) de pobos con distintos rasgos culturais (iberos e celtas).
- Sentir empatía polas persoas doutras, neste caso polos nosos antepasados iberos, celtas e hispanorromanos. Comprender a que problemas se enfrentaban, como os



resolvían e cales podían ser os seus sentimentos.

- Traballar en equipo para elaborar un dossier.

#### Autonomía e iniciativa persoal

- Utilizar a información estudiada como base na que fundar opinións razonadas sobre os distintos graos de desenvolvemento cultural dos pobos que vivían na Península na Antigüedad.
- Utilizar as pautas correctas para planificar e realizar os procedimentos do tema.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Utilizar as convencións e unidades cronolóxicas e as nocións de evolución e cambio aplicándoas ós feitos e procesos da Prehistoria e historia antiga do mundo e da península Ibérica.
2. Caracterizar os rasgos da organización política, económica e social da civilización romana valorando a transcendencia da romanización en Hispania e a pervivencia do seu legado no noso país, analizando algunhas das súas aportacións máis representativas.
3. Realizar unha lectura comprensiva de fontes de información escrita de contido xeográfico ou histórico e comunicar a información obtida de forma correcta por escrito.

### CONTIDOS TRANSVERSAIS. INTERDISCIPLINARIEDADE

Para atender os contidos referidos á **Educación para a paz** propónse unha reflexión sobre as relixións do Imperio. Suxírese unha presentación da cuestión baseándose na convivencia de sistemas de crenzas moi diferentes nun mesmo ámbito territorial. Para iniciar o tema, poden facerse algunhas preguntas sobre a posibilidade de coexistencia de diferentes relixións na situación actual: ¿Cantas relixións conviven hoxe en España? ¿É posible a convivencia de relixións? ¿Poderían repetirse persecucións coma as que houbo durante o Imperio romano? ¿Por que?

Hai relacións **interdisciplinares** coa área de **educación plástica e visual** e a de **lingua e literatura**. No primeiro caso, pode colaborar na elaboración dun glosario ilustrado dos principais conceptos que aparecen en relación coa arte romana e no estudo do procedemento, que require a elaboración dun mapa.

O procedemento titulado *Séneca e a escravitude* pode ser un bo punto de partida para tratar contidos de educación para a paz e de educación moral e cívica. A proposta para o seu desenvolvemento é a realización do comentario de texto de Séneca por parte dos alumnos no que

haberá un apartado especial coas opinións e reflexións dos propios estudantes. A continuación, realizarase un “panel integrado” en grupos que permitirá sacar conclusións para o seu debate en forma de asemblea.

A área coa que máis relacións interdisciplinares poden establecerse é a de lingua e literatura, ó estuda-las escrituras antigas da península Ibérica. Os alumnos poden repasa-lo que é un alfabeto e en qué se distingue dun silabario, así como a orixe das linguas peninsulares.

## RECURSOS DIDÁCTICOS

- .Libro de texto.
- .Mapas.
- .Vídeos.
- .Carpeta de recursos.
- .Internet.

## UNIDADE 16. Galicia na antigüidade

### ANTES DE EMPEZAR. ENFOQUE METODOLÓXICO

- O enfoque metodolóxico que ha de darse a este tema ha de ser esencialmente motivador. Ó ser un período tan afastado de nós, debe comezarse con algo que estimule o interese do alumnado pola súa proximidade. Pode servir algunha visita a un museo, unhas escavacións, etc., ou, polo menos, a proxección dalgún elemento audiovisual. Unha vez coñecido algo próximo, pode pasarse dunha forma inductiva, ó máis afastado. No referido á comprensión dos tempos, ás formas de vida, etc., debe terse en conta que o alumnado non adquiriu o grao de abstracción necesario para aprehender determinados aspectos, pola que a aprendizaxe se fará máis de forma concreta e particular. Servirán de grande axuda os mapas para comprende-la localización xeográfica e os eixes cronolóxicos para ordena-los acontecementos e inicia-la comprensión da secuencia histórica.
- O aspecto central da unidade é a evolución das distintas culturas asentadas no territorio galego durante a Prehistoria e a Idade Antiga. Os contidos seguen un criterio cronolóxico e destacan os principais feitos de cada período sucedidos en Galicia, sempre relacionándoo cun contexto xeral que estudaron nas unidades anteriores: paleolítico, neolítico, megalitismo, culturas dos metais, pobos prerromanos, romanos e suevos.
- Os contidos acompañanse de fichas de profundamento, en que se analizan temas concretos da nosa Comunidade, e apóianse en abundante material gráfico (fotografías, debuxos, mapas, etc.), como elementos motivadores e, á vez, propiciadores dunha percepción máis concreta.
- Os procedementos que se desenvolven na unidade refírense á busca de información. Nun período histórico tan antigo é unha tarefa problemática, pero, en calquera caso, debe buscarse a información necesaria recorrendo a distintas fontes. Unha vez que se dispón dalgunha información, debe organizarse de xeito que resulte comprensible, de forma global, mediante unha ficha.
- A dificultade máis importante coa que se vai atopa-lo profesor é a de que o alumno asimile a gran diferenza nos tempos dos períodos estudados. Os restos arqueolóxicos atópaos todos xuntos neste momento e é difícil a comprensión da orde cronolóxica e dos distintos ritmos históricos.

## OBXECTIVOS

1. Coñece-los trazos das primeiras civilizacións prehistóricas asentadas no territorio da nosa Comunidade.
2. Localiza-la distribución espacial dos pobos prerromanos e describi-las súas formas de vida.
3. Comprende-la influencia e o desenvolvemento da presenza romana en Galicia nos principais aspectos políticos, económicos, artísticos e culturais.
4. Coñece-las causas da transformación do Imperio romano e do asentamento dos pobos xermánicos en Galicia.
5. Extraer información tanto das fontes escritas que chegaron ata os nosos días, como dos obxectos e monumentos de carácter arqueolóxico.

## CONTIDOS

### *Conceptos*

#### I. Galicia, porta ó Atlántico: o Paleolítico galego

1. Galicia, porta ó Atlántico
2. O Paleolítico galego

#### II. Neolítico e megalitismo

1. O Neolítico galego
2. O megalitismo

#### III. Os inicios da metalurxia en Galicia

1. A Idade dos Metais
2. Os petroglifos
3. As relacións con outras culturas: a área atlántica
4. As relacións co mundo mediterráneo

#### IV. Os pobos prerromanos

1. A cultura castrexa

#### V. A presenza romana

1. A conquista
2. A romanización
3. Vida económica

#### 4. As vías romanas

#### VI. A transformación do Imperio romano e o reino visigodo

1. Os cambios dos séculos III e IV
2. O cristianismo
3. A chegada dos pobos xermanos
4. Os visigodos

##### *Procedementos*

- Obtención de información explícita e implícita (mediante inferencias) a partir de restos arqueolóxicos, imaxes e obras de arte.
- Interpretación e representación dos procesos de cambio histórico mediante eixes temporais, cadros cronolóxicos e mapas.
- Realización de traballos de síntese a partir de fontes primarias e secundarias de natureza diversa e presentación clara e ordenada.
- Explicación dos trazos ou feitos característicos das épocas estudadas, profundando no coñecemento de factores de tipo tecnolóxico, político, económico, relixioso, cultural, etc.
- Análise multicausal dos acontecementos máis importantes da prehistoria e da historia antiga de Galicia.

##### *Actitudes*

- Rigor crítico e curiosidade cara a formas de vida das primeiras culturas humanas.
- Interese por coñecer as formas de expresión artística e cultural de sociedades afastadas no tempo.
- Tolerancia, respecto e valoración crítica de actitudes, crenzas, formas de vida, etc., de persoas ou grupos pertencentes a sociedades ou culturas distintas da nosa.
- Valoración dos restos e vestixios do pasado que existen na nosa Comunidade, como manifestacións valiosas da nosa memoria colectiva, e disposición favorable para asegurar a súa conservación.

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Identifica-as principais culturas que se asentaron en Galicia durante a Prehistoria e a Antigüidade.
2. Obter información dos obxectos arqueolóxicos, textos, mapas e fotografías que aparecen na unidade.
3. Describi-las formas de vida das distintas culturas, indicando as semellanzas e diferencias esenciais entre unhas e outras.

4. Distinguir e caracteriza-las principais manifestacións artísticas de cada período, situando os restos materiais existentes.

## **CONTIDOS TRANSVERSAIS. INTERDISCIPLINARIEDADE**

### **- Educación moral e cívica**

Os grupos neolíticos xa tentaban explica-lo mundo e tiñan crenzas relixiosas, polo que realizaban enterramentos en construcións megalíticas. Así mesmo neste período apareceron os xefes, que tiñan unha función dirixente na sociedade.

### **- Educación para a paz**

A valoración de crenzas e costumes das culturas do pasado permítenos compara-los aspectos que puideron favorecer ou dificulta-la convivencia humana dos pobos que habitaron Galicia. Estes pobos deixaron pegadas culturais que, en ocasións, perviviron ata os nosos días, como, por exemplo, as actividades económicas realizadas xa desde o Neolítico, a utilización da moeda polos pobos prerromanos ou a construción da rede de calzadas romanas.

Nesta unidade poden establecerse relacións interdisciplinares con outras áreas

*-Educación Plástica e Visual:* Debuxo dun obxecto arqueolóxico no primeiro procedemento e observación das manifestacións de arte prehistórica.

*-Lingua e Literatura:* Etimoloxía latina e prelatina dalgúns topónimos, lectura das fontes primarias que aparecen no segundo procedemento e análise da figura literaria de Marcial.

*-Relixión:* Formas de culto e enterramento, paganismo e historia do cristianismo.

## **RECURSOS DIDÁCTICOS**

- Libro de texto e caderno de traballo.
- Atlas histórico SM.
- Vídeos, fotografías e diapositivas.
- Proxección da película “Gladiator”

## **OBXECTIVOS E CONTIDOS MÍNIMOS 1º ESO**

1. . Analiza-la antigüidade e a organización das primeiras sociedades históricas desde os procesos básicos que rexen os feitos sociais.

2. . Comunica-la información obtida de forma clara e precisa, amosando o coñecemento da linguaxe propia da área.
3. Identifica-los elementos principais do medio físico, con especial fincapé en Europa e España.
4. . Identificar e caracteriza-los principais medios naturais e a súa distribución.
5. Analizar e comprende-la utilización de recursos naturais polos grupos sociais e valora-las consecuencias medio ambientais dese uso.
6. . Identifica-las principais características do proceso de hominización, remarcando o feito de que tódolos homes e mulleres, con independencia da súa raza, teñen un tronco común.
7. Comprende-la Antigüidade, seguindo un criterio espacio-temporal, co obxecto de localiza-los procesos históricos máis relevantes.
8. Rexeita-las visións reduccionistas da historia antiga, optando por aquelas que se baseen en criterios multicausais.
9. Valorar e respecta-lo patrimonio histórico legado polas civilizacións antigas.
10. .Comprende-los elementos fundamentais da historia universal e de España na época antiga, co obxecto de adquirir unha interpretación persoal do mundo.

**CONCRECIÓN E RELACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN 1º ESO**

1. Identifica-las principais características do planeta Terra, con especial atención naquelas que fan posible a vida no mesmo.
2. Utiliza-los distintos tipos de cartografía e outras representacións existentes do espacia terrestre. Localizar en mapas, lugares e espaciaos concretos. Coñece-la distribución das placas continentais, océanos e estados.
3. Identifica-las características do relevo terrestre, así como as grandes cordilleiras dos distintos continentes. Distingui-los factores e elementos do clima, así como as grandes zonas climáticas do mundo.
4. Identifica-las principais características que fan que un medio natural sexa favorable ou adverso para a acción humana. .
5. Sinala-los principais riscos naturais existentes: climáticos, sísmicos, volcánicos e de orixe humana. Recoñece-las principais medidas preventivas, correctoras e reductoras de riscos e catástrofes.
6. Analiza-lo significado do proceso de hominización, así como os principais acontecementos do mesmo. Identifica-las principais características da etapa paleolítica: economía baseada na caza e na recolección.
7. Recoñece-lo significado da revolución neolítica, a partir do feito fundamental que supón a aparición dunha economía productiva, baseada na agricultura e a gandería.
8. Explica-los trazos fundamentais das primeiras civilizacións históricas, e analiza-lo significado da civilización grega, e a súa importancia na conformación da civilización occidental.
9. Identifica-los trazos distintivos da civilización romana, así como a súa influencia na historia posterior europea. Valora-la transcendencia da romanización, e a pervivencia do seu legado en España.
10. Explica-las características fundamentais da España visigoda, así como o seu papel de ponte entre a época romana e a musulmana.

**BLOQUE I: A Terra e os medios naturais****UNIDADE 1: O planeta Terra**

- I.O universo.....
- II.O sistema solar.....
- III.A Terra móvese.....
- IV.A representación da Terra.....

**UNIDADE 2 : A representación da terra: os mapas .**

- I.A latitude a a lonxitude.
- II.As representacións cartográficas: os mapas.

**UNIDADE 3 As formas da Terra.**

- I.A capa externa da Terra.....
- II.A formación do relevo.....
- III.Os continentes.....
- IV. O relevo de Europa.....
- V. O relevo da península Ibérica.....

**UNIDADE 4 Ríos e mares**

- I.Os ríos, océanos e mares.....
- II.A riqueza de océanos e mares.....
- III.A auga e o seu aproveitamento. ....

**UNIDADE 5: TEMPO E CLIMA.**

- I. A atmosfera.....
- II.A temperatura.....
- III.A humidade do aire e as precipitacións.....
- IV.A presión atmosférica.....

**UNIDADE 6 Clima e paisaxes da Terra.**

- I.Climas da Terra.....
- II.Paisaxes das zonas cálidas.....
- III.Paisaxes das zonas temperadas.....
- IV.Paisaxes das zonas frías. ....

**UNIDADE 7 Climas e paisaxes de Europa, España e Galicia.****UNIDADE 8 Sociedade e ambiente.**

- I.A Terra é un ecosistema.....
- II.A vida nas cidades. ....
- III.Desertización e contaminación.....
- IV. Os recursos naturais.

**BLOQUE II: A prehistoria e a Idade Antiga**



**UNIDADE 9 A prehistoria: os primeiros pasos do home**

- I. ¿Que é a prehistoria? ¿Cando comeza?.....
- II.As primeiras etapas do Paleolítico.....
- III.A aparición do home moderno: o Paleolítico superior.....
- IV.Os homes empezan a produci-los seus alimentos: o Neolítico.....
- V.A Idade do Cobre e a Idade do Bronce.....
- VI.A Idade do Ferro.....

**UNIDADE 10 Mesopotamia e Exipto.....**

- I.O comezo da historia.....
- II.Mesopotamia.....
- III.Os grandes imperios.....

**UNIDADE 11 As primeiras culturas do Mediterráneo oriental**

- I.O Mediterráneo oriental.....
- II.Os fenicios.....
- III.Os hebreos.....
- IV.As civilizacións prehelénicas.....
- V.A Hélade.....
- VI.A cultura helénica.....

**UNIDADE 12 : A Hélade: das polis ó helenismo**

- I.As polis.....
- II.Esparta e Atenas no século V a.C.....
- III.Guerras e conflitos.....
- IV.O esplendor de Atenas.....

**UNIDADE 13: O IMPERIO ROMANO**

- I. A CULTURA ETRUSCA.....
- II.Monarquía e República.....
- III.A sociedade romana.....
- IV.A expansión polo Mediterráneo e a crise da República.....
- V.O triunfo da civilización romana.....

**UNIDADE 14 O mundo romano**

- I.As cidades romanas.....
- II.O mundo rural e o comercio.....
- III.A relixión dos romanos. O Cristianismo.....

**UNIDADE 15 Hispania romana**

- I.A península Ibérica entre a prehistoria e a historia.....
- II.A época das colonizacións.....
- III.Os pobos prerromanos.....
- IV.A ocupación romana da península Ibérica.....
- V.Hispania no Imperio romano.....

**UNIDADE 16 Galicia durante a prehistoria e a Idade Antiga**

- I.Paleolítico galego.....

II.O Neolítico e o megalitismo.....  
III.Os inicios da metalurxia en Galicia.....  
IV.Os Pobos prerromanos .....

## **ATENCIÓN A DIVERSIDADE**

### **O SISTEMA SOLAR**

#### **OBXECTIVOS**

1. Distingui-los distintos tipos de astros.
2. Enumera-las características que distinguen a Terra doutros planetas.
3. Defini-lo Sol e a Lúa.
4. Defini-lo sistema solar e cita-los seus planetas.
5. Diferencia-la atmosfera, a hidrosfera e a litosfera e as partes de cada unha delas.
6. Coñecer algúns instrumentos utilizados para representa-la Terra e as principais características de ditos instrumentos.
7. Coñecer e utiliza-las liñas imaxinarias que nos serven para localizar calquera punto do planeta.
8. Explica-los movementos da Terra a súa duración.
9. Explica-la sucesión do día e da noite e a das estacións como resultado dos movementos da Terra.
10. Coñece-lo vocabulario básico do tema.

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Diferencia-los principais tipos de astros.
2. Cita-los planetas dos sistemas solar.
3. Cita-los instrumentos que se utilizan para representar-la Terra e as súas principais características.
4. Identifica-los meridianos e os paralelos como liñas imaxinarias que nos permiten localizar calquera punto do planeta.
5. Explicar características básicas das capas da Terra.
6. Explica-la sucesión do día e da noite como consecuencia do movemento de rotación.
7. Explica-la causa da sucesión das estacións.
8. Utilizar con propiedade o vocabulario do tema.

## CONTIDOS

### CONCEPTOS

- Tipos de astros: estrelas, planetas, satélites, asteroides e meteoritos.
- O Sol e a Lúa.
- O sistema solar: os planetas e as súas características básicas.
- A atmosfera e as súas capas.
- A hidrosfera: diversidade da presenza da auga na Terra.
- A litosfera. A codia terrestre. Os continentes.
- As representacións da Terra: o globo terráqueo e o planisferio.
- Os meridianos e os paralelos. As coordenadas xeográficas.
- Movementos da Terra.
- Sucesión de día e noite nas distintas estacións.

### PROCEDEMENTOS

- Construcción dunha maqueta do sistema solar.
- Construcción dun compás e experimentación das orientacións mediante o mesmo.
- Localización dun lugar nun globo terráqueo mediante as coordenadas xeográficas.
- Representación da distinta incidencia dos raios solares na superficie terrestre segundo a estación mediante un globo terráqueo e un foco luminoso.

### ACTITUDES

- Sensibilidade pola precisión e o rigor na observación sistemática de astros e fenómenos do universo.
- Sensibilidade e respecto pola conservación do noso planeta.

## CONTIDOS TRANSVERSAIS

Os contidos transversais desta unidade pertencen á **Educación ambiental**.

No recadro *A Terra: un lugar para vivir* compárase a Lúa coa Terra para poñer en evidencia as circunstancias que fan posible a vida no noso planeta. Neste sentido, é conveniente salientar que o Sol é imprescindible para que se dea a vida.

Os **valores** máis destacados da unidade son o respecto pola natureza e o interese pola súa conservación.

## **A VIDA NO PASADO. A PREHISTORIA. ROMA. GRECIA.**

### **OBXECTIVOS**

1. Diferencia-los conceptos de prehistoria e historia.
2. Comprende-la medida do tempo histórico a través da súa representación espacial-liña do tempo.
3. Coñece-las características de vida das persoas prehistóricas e os cambios que se produciron na súa época.
4. Coñece-los primeiros poboadores de Galicia.
5. Identifica-los romanos como transmisores da cultura clásica e comprende-la súa civilización.
6. Coñece-la estrutura e as funcións dunha cidade romana.
7. Comprende-la importancia da relixión na cultura romana.
8. Coñece-las achegas dos romanos a España, tanto no ámbito económico como político e cultural.
9. Amplia-lo vocabulario histórico sobre a Prehistoria e a Idade Media.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Coñecer e comprende-lo que son a Prehistoria e a Historia.
2. Localizar nunha liña do tempo fitos históricos.
3. Identifica-las formas de vida nómade e sedentaria na Prehistoria.
4. Enumera-los primeiros pobos que chegaron á Península e os pobos que se situaron en Galicia.
5. Coñece-los grupos sociais da sociedade do Imperio romano.
6. Sinala-las funcións de cada un dos edificios públicos que forman parte da cidade romana.
7. Identificar e sinalar algúns trazos e nomes de deuses da mitoloxía romana.
8. Identifica-las achegas dos romanos ós pobos da península Ibérica.
9. Utilizar correctamente e no contexto adecuado o vocabulario específico da unidade.

### **CONTIDOS**

#### *CONCEPTOS*

- Fontes orais e escritas e materiais para a reconstrucción do pasado.
- A medida do tempo histórico: antes de Cristo (a.C.) e despois de Cristo (d.C.).
- Evolución da vida na Prehistoria, na época romana e principais fitos históricos.

- Feitos salientables na historia de España e de Galicia: chegada á península Ibérica doutros pobos do Mediterráneo; resistencia de grupos celtibéricos á dominación romana; romanización de Galicia.
- Formas de vida cotiá nas sociedades das culturas primitivas e da antigüidade clásica.
- Vestixios do pasado no noso medio como testemuña da vida nas culturas primitivas e da antigüidade clásica: monumentos, edificios, obxectos e instrumentos.

### PROCEDEMENTOS

- Recollida de información entre as persoas maiores da familia para constata-los cambios ó longo do tempo.
- Utilización de liñas do tempo para situación do comezo do Imperio romano.
- Localización no mapa da Hispania romana das distintas provincias e a súa relación co actual territorio de Galicia.
- Iniciación na recollida de información sobre o pasado a través de imaxes.

### ACTITUDES

- Valoración e respecto polos costumes e formas de vida dos devanceiros.
- Valoración da Historia: aproveitamento dos coñecementos das xeracións anteriores e importancia das persoas como suxeitos activos da Historia.
- Valoración e conservación dos restos histórico-artísticos presentes no medio como fontes de información sobre a historia dos nosos devanceiros.
- Respeto e tolerancia cara ás formas de vida e os valores diferentes dos propios en momentos históricos distintos.

### CONTIDOS TRANSVERSAIS

O principal contido transversal que se trata nesta unidade é o de **Educación para a paz**.

Incídese na necesidade do encontro entre culturas de diversa orixe e características para conseguir valores de solidariedade e respecto ó distinto.

Ó longo de toda a unidade subxace a idea de conservación do patrimonio cultural como forma de mante-la memoria dos nosos antepasados.

A noticia *Nacidos para curar* reflexiona sobre os coñecementos de civilizacións antigas e cómo a súa sabedoría se mantivo útil ata a actualidade.

Os **valores** máis destacados desta unidade son: a tolerancia, o respecto ás diferencias culturais e históricas e a valoración do legado dos nosos antepasados.

## GALICIA NA IDADE MEDIA

### OBXECTIVOS

1. Ordenar cronoloxicamente os grandes feitos da Idade Media
2. Comprende-la importancia do feudalismo na organización social e política medieval.
3. Coñece-los grupos da sociedade medieval.
4. Coñece-las características do Islam.
5. Valora-la influencia da cultura musulmana.
6. Comprende-los aspectos máis importantes de carácter cultural da sociedade medieval.
7. Describi-la importancia do Camiño de Santiago.
8. Coñece-los monumentos medievais de Galicia.
9. Amplia-lo vocabulario sobre a Idade Media.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Localizar na liña do tempo feitos históricos ou a súa importancia na Idade Media.
2. Diferencia-las relacións entre vasallos e señores feudais.
3. Coñece-las funcións dos grupos sociais na Idade Media.
4. Recoñece-las características da cultura musulmana e da cultura cristiá medievais.
5. Enumera-los aspectos nos que influíu a cultura musulmana na Idade Media.
6. Indica-las partes dun castelo medieval e a función de cada unha delas
7. Coñece-la influencia do Camiño de Santiago na España cristiá.
8. Identifica-los trazos característicos da arte románica e da gótica e os monumentos que os identifican.
9. Coñece-lo vocabulario básico da unidade.

### CONTIDOS

#### CONCEPTOS

- A caída do Imperio Romano e as invasións.
- Formas de vida do Islam e da Cristiandade.
- Feitos relevantes na historia medieval de Galicia: a invasión dos pobos bárbaros, invasión árabe, inicio da Reconquista, o Camiño de Santiago.
- Vestixios do pasado medieval no noso medio.
  - Restos materiais: castelos, mosteiros, catedrais, igrexas, pontes, murallas...

- Costumes e manifestacións culturais: linguas romances, as primeiras universidades...
- Estilos arquitectónicos: románico, gótico e mudéjar.

### PROCEDEMENTOS

- Iniciación na recollida de información sobre o pasado a partir de documentación gráfica.
- Ordenación cronolóxica de datas históricas nunha liña do tempo.
- Comparación de estilos arquitectónicos.

### ACTITUDES

- Valoración e respecto polos costumes e formas de vida dos devanceiros.
- Valoración da Historia: aproveitamento dos coñecementos das xeracións anteriores e importancia das persoas como suxeitos activos da Historia.
- Valoración e conservación dos restos histórico-artísticos presentes no medio como fontes de información sobre a historia dos nosos devanceiros.
- Respeto e tolerancia cara ás formas de vida e os valores diferentes dos propios en momentos históricos distintos.

## CONTIDOS TRANSVERSAIS

Os contidos transversais básicos da unidade refírense á **Educación para a paz**.

No recadro *Convivencia entre culturas* preséntase o estilo mudéjar como fusión artística de dúas culturas diferentes. Sen negar as dificultades e os enfrontamentos entre cristiáns, xudeus e musulmáns, é conveniente facer notar ós alumnos as influencias culturais mutuas que existiron. Tamén é importante proxectar esta comprensión cara ó futuro e formula-la necesidade de profundar no contacto pacífico e o intercambio cultural entre os pobos.

O recadro *A pegada do Islam* fai referencia á pegada cultural que recibimos dos musulmáns, e nisto subxace a idea de achegamento e coñecemento doutras culturas para comprender e respectar.

Os **valores** máis destacados desta unidade son: a paz, a tolerancia e o respecto ás culturas diferentes.

## A ORGANIZACIÓN POLÍTICA E SOCIAL DE GALICIA

### OBXECTIVOS

1. Coñece-la organización social e política da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Identifica-la división territorial e política de España.
3. Distingui-la Comunidade de Galicia dentro do Estado español.
4. Recoñece-lo Estatuto de Autonomía como a lei máis importante de Galicia.
5. Valora-las institucións de Galicia.
6. Coñece-los símbolos de Galicia.
7. Coñecer algúns aspectos da poboación de Galicia.
8. Distingui-lo concepto de densidade de poboación.
9. Explica-las diferencias entre emigración e inmigración.
10. Coñecer algunhas manifestacións culturais de Galicia.
11. Coñece-lo vocabulario básico dos contidos da unidade.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Coñece-lo significado da expresión “Comunidade Autónoma”.
2. Relaciona-las institucións autonómicas de Galicia coas súas funcións.
3. Localiza-la Comunidade Autónoma de Galicia nun mapa de España.
4. Valora-lo Estatuto de Autonomía como a lei que recolle os aspectos máis importantes da Comunidade.
5. Distingui-las diferentes funcións das institucións da Comunidade Autónoma.
6. Diferencia-las principais características da poboación de Galicia.
7. Identifica-lo concepto de densidade de poboación.
8. Diferencia-las características de poboación rural e poboación urbana.
9. Identificar algúns elementos do folclore de Galicia.
10. Comprende-lo significado do vocabulario da unidade.

### CONTIDOS

#### CONCEPTOS

- División político-administrativa do territorio español.
- A organización política de Galicia como Comunidade Autónoma: os seus principios e institucións básicas.
- Os símbolos de Galicia.
- Densidade de poboación.
- Movemento de poboación: a emigración de Galicia.
- As comarcas de Galicia.
- As tradicións en Galicia: festas, feiras, folclore, artesanía.



## PROCEDEMENTOS

- Localización no mapa dos territorios de Galicia, as súas provincias e as súas comarcas.
- Localización no mapa da propia localidade e a súa comarca.
- Interpretación e comparación de cálculos, índices e gráficos referidos á densidade de poboación.
- Elaboración de diagramas de distribución da poboación de Galicia.

## ACTITUDES

- Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes que corresponden como membro da comunidade.
- Valoración do diálogo como instrumento privilexiado para solucionar os problemas de convivencia e os conflitos de intereses na relación cos demais.
- Respeto polas tradicións de Galicia e interese por conservalas.

## CONTIDOS TRANSVERSAIS

Os contidos transversais da unidade céntranse na **Educación cívica**.

No epígrafe *A Comunidade somos todos* faise ve-la necesidade dunha organización política e social que xestione os asuntos comúns. Pero, ademais, preséntanse as actitudes do cidadán democrático que son imprescindibles para a convivencia: solidariedade cos outros, respecto á diferenza e conservación da riqueza cultural.

Os **valores** máis destacados desta unidade son: a solidariedade, o respecto ás diferenzas culturais e o respecto ás tradicións da Comunidade.

*A axuda mutua nos pobos amazónicos* valora o traballo en equipo como forma de conseguir obxectivos que non serían posibles por unha persoa individual.

*Polos dereitos de todos* formula unha das aspiracións de moitas comunidades internacionais, de moitas vítimas de xenocidios e de organizacións non gobernamentais, que é a constitución de tribunais non nacionais, rexidos por algunha institución internacional, que xulguen os crimes de gobernos.

## AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS DE GALICIA

### OBXECTIVOS

1. Valora-la importancia de tódolos traballos.
2. Coñece-la importancia dos diferentes sectores económicos.
3. Describi-la importancia que a agricultura ten no sector primario en Galicia.
4. Entende-la importancia que a gandería e a pesca teñen no sector primario en Galicia.
5. Coñecer outras actividades do sector primario.
6. Valora-las actividades do sector secundario en Galicia.
7. Comprende-la definición do sector terciario e as súas actividades principais.
8. Valora-la importancia dos medios de transporte para o desenvolvemento do resto de sectores económicos.
9. Clasificar e diferencia-los tipos de actividades turísticas de Galicia.
10. Amplia-lo vocabulario relacionado coa unidade.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Sinala-la necesidade de tódolos traballos.
2. Interpretar un gráfico dos sectores económicos de Galicia.
3. Cita-los principais cultivos de secano e de regadío da agricultura de Galicia.
4. Coñece-los principais tipos de pesca de Galicia.
5. Diferencia-lo conxunto de actividades que forman o sector primario.
6. Situa-las actividades industriais de Galicia nas provincias en que se realizan.
7. Coñecer algunhas actividades que forman parte do sector terciario.
8. Identifica-las vías de comunicación e os medios de transporte.
9. Describi-las características de cada tipo de turismo e o que achega á economía.
10. Utilizar correctamente no contexto adecuado o vocabulario específico do tema.

### CONTIDOS

#### CONCEPTOS

- As actividades económicas nos sectores.
- Actividades económicas máis importantes do sector primario en Galicia: agricultura, pesca e gandería.
- Outras actividades económicas do sector primario: minería, piscicultura, apicultura e silvicultura.

- Actividades do sector secundario máis importantes en Galicia: industrias da alimentación, construción, metalúrxica e enerxéticas.
- Outras actividades do sector secundario importantes en Galicia: automoción, madeira e téxtil.
- Actividades do sector terciario máis importantes en Galicia: o comercio, o transporte, o turismo e a administración.

### PROCEDEMENTOS

- Interpretación de gráficos sobre os sectores de actividade económica en Galicia.
- Interpretación de mapas de turismo.

### ACTITUDES

- Valoración dos distintos traballos e profesións, así como da súa función complementaria no conxunto da sociedade.
- Sensibilidade e rexeitamento ante as desigualdades sociais en relación co sexo e coas condicións económicas.
- Valoración da influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e traballo.

### CONTIDOS TRANSVERSAIS

Os contidos transversais da unidade refírense fundamentalmente á **Educación ambiental**.

No recadro *Tódolos traballos son importantes* reflexiónase sobre a necesidade de tódolos tipos de traballos para o benestar común.

A diversa consideración social dos diferentes traballos é debida, como se sabe, á cantidade de ingresos económicos que proporcionan. Convén inciar ós alumnos e alumnas na idea de que este criterio é unha visión estreita e baseada en feitos inxustos, e deixar claro que a importancia do traballo é independente da remuneración.

A actividade *Non tódolos pobos necesitan moedeiro* reflexiona sobre o prescindible que é, nalgunhas culturas, o que para nós é tan imprescindible, como é o diñeiro. Comentar tamén que o troco é a forma habitual de intercambio de produtos entre as culturas que non teñen moedas, e que foi así nas culturas antigas antes de que existise o diñeiro.

*Saúde sen fronteiras* presenta o traballo dos médicos voluntarios que realizan o seu traballo en países do Terceiro Mundo: onde máis necesitan a sanidade, ten a satisfacción de axudar a persoas que o necesitan.

## A PAISAXE DE GALICIA

### OBXECTIVOS

1. Identificar algúns espazos naturais de Galicia.
2. Identifica-los principais elementos da paisaxe.
3. Distinguir entre espazos naturais e espazos humanizados.
4. Identificar e describir elementos do relevo de Galicia.
5. Localiza-los diferentes tipos de relevo de Galicia.
6. Interpretar de forma elemental mapas de ríos e encoros de Galicia.
7. Establece-la relación inseparable entre o clima e a vexetación como factores da paisaxe da Comunidade Autónoma.
8. Relacionar e valora-la fauna e a súa localización nas diferentes paisaxes.
9. Valora-los Espazos Naturais como lugares de singular valor ecolóxico.
10. Coñece-lo vocabulario básico desta unidade.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Relacionar espazos protexidos de Galicia coas súas paisaxes.
2. Diferencia-los elementos da paisaxe.
3. Distingui-los espazos naturais dos humanizados.
4. Distingui-los relevos de mantaña, de costa e os de chaira e as súas características.
5. Localizar nun mapa as cordilleiras de Galicia.
6. Situar e localiza-los ríos e a súa relación coas vertentes hidrográficas.
7. Distingui-las relacións entre o clima e a súa vexetación.
8. Identifica-la fauna de Galicia en relación coa paisaxe e o relevo.
9. Utilizar adecuadamente os conceptos da unidade.

### CONTIDOS

#### CONCEPTOS

- Elementos que configuran a paisaxe natural: o relevo, o clima, os ríos, a vexetación, as actividades humanas e a fauna.
- O relevo de Galicia: montañas e chairas.
- Os ríos de Galicia: principais ríos e vertentes.
- O aproveitamento dos ríos de Galicia. Principais encoros e lagos.
- O clima de Galicia.

- As especies máis características da vexetación e da fauna de Galicia.
- Espacios naturais protexidos en Galicia.

### PROCEDEMENTOS

- Interpretación do mapa do relevo.
- Interpretación do mapa hidrográfico.
- Comparación de paisaxes a partir de textos, mapas e fotografías.
- Interpretación de mapas do clima e do relevo.
- Deducción de información a partir de gráficos.

### ACTITUDES

- Sensibilidade e respecto pola conservación da paisaxe.
- Interese e curiosidade por identificar e coñece-los elementos máis característicos da paisaxe.
- Valoración da diversidade e riqueza das paisaxes do territorio de Galicia.

### CONTIDOS TRANSVERSAIS

Os contidos transversais da unidade refírense, basicamente, á **Educación ambiental**.

No epígrafe *Conservámo-la paisaxe natural* salientase a necesidade da protección da Natureza, aínda que só fose polo interese da especie humana.

O epígrafe *Espacios naturais protexidos de Galicia* enumera aquelas partes do noso territorio que presentan un maior número de elementos do medio natural que hai que protexer.

No recadro *A vexetación e o risco de incendios* salientase a importancia de que, para evita-los incendios dos montes, nos responsabilicemos todos.

No epígrafe *O parque natural das Dunas de Corrubedo* reflexiónase sobre o papel que a lexislación ambiental ten para protexe-los espacios naturais.

Os **valores** que subxacen nesta unidade son o respecto pola natureza, tanto referido ás paisaxes coma ós animais e plantas que forman parte dela.

Constrúese un coñecemento da realidade que, partindo das propias percepcións e vivencias dos alumnos e as alumnas, se vai facendo máis racional e obxectivo..

Así mesmo, proporciónanse os recursos necesarios para iniciar unha aproximación científica á análise do medio, desenvolvendo nos alumnos e nas alumnas as capacidades de indagación e busca de explicacións e de solucións ós problemas que presenta a propia experiencia cotiá.

Incorpóranse tamén contidos relacionados coa autonomía persoal, coa saúde, coa participación responsable e crítica en actividades en grupo, etc., así como unha serie de aspectos relativos á sociedade actual que ó mesmo tempo deben terse en conta, tamén, desde o resto das áreas do currículo pero que aparecen con todo o seu significado na área de Ciencias Sociais que son, por exemplo:

- O respecto ante a diversidade física e intelectual das persoas.
- A valoración do patrimonio cultural dos pobos.
- A adquisición de actitudes non consumistas.
- A protección do medio ambiente.
- A educación para o lecer e a cultura, etc.

Na área de Coñecemento do Medio conflúen varias disciplinas (Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Antropoloxía, Socioloxía, etc.), con contidos e métodos propios, pero todas elas comprometidas en abarcar aspectos e dimensións do contorno humano.

## **O MEDIO FÍSICO E AS SÚAS RELACIÓNS**

Neste ciclo amplíase o medio físico á localidade, á comarca e á comunidade autónoma, cun relevo, clima, augas, vexetación e fauna que configuran unha paisaxe significativa próxima que os alumnos xa son capaces de recoñecer e interiorizar de forma comprensiva.

A localidade representa o lugar onde se encontran as fontes especiais de experiencia directa no medio, no que poden levar a cabo con facilidade sinxelas observacións e investigacións, a través do estudio guiado sistemático dos seus elementos.

A observación directa e a exploración do tempo atmosférico, a súa medida e os seus efectos, como inicio do exame dos distintos tipos de solos, rochas e materiais do contorno, facilitará o estudio dos cambios físicos observables que experimentan e o estudio das características dos seres vivos e os seus procesos e cambios vitais, o que propiciará a adquisición das nocións básicas dos elementos naturais da paisaxe e actitudes respectuosas e responsables en relación coa conservación e mellora do medio ambiente.

## **O MEDIO SOCIAL E AS SÚAS INTERACCIÓNS CO MEDIO FÍSICO**

O coñecemento dos grupos sociais amplíase neste ciclo ó conxunto da localidade, a comarca e a comunidade autónoma de Galicia, o que require consolida-lo aprendido no ciclo anterior. Abórdase o coñecemento das institucións locais, tanto de goberno (concello, xulgados, policía municipal) como de participación social (organizacións recreativas, asociacións cidadás, etc.), e, con maior profundidade, os procedementos que fomentan o desenvolvemento das capacidades de interrelación persoal e dominio das normas do intercambio comunicativo, especialmente a través da participación en debates sobre temas que interesen ó alumnado, así como os traballos de equipo que permitan o desenvolvemento de actitudes de participación, cooperación e axuda.

Os alumnos e as alumnas deste ciclo deben avanzar na comprensión de que forman parte dun lugar e dunha comunidade autónoma que ten as súas propias tradicións e a súa propia historia, por isto resulta imprescindible desenvolve-la capacidade de indagar sobre o pasado utilizando os vestixios históricos e as tradicións culturais da localidade, familiarizándoos no manexo de libros de consulta e doutros materiais que completen as fontes orais, máis propias do primeiro ciclo, afondando deste xeito na valoración e respecto do patrimonio cultural da comunidade local.

A capacidade para comprende-las interaccións que se dan entre as persoas e o medio físico amplíanse coa identificación e clasificación das actividades laborais máis relevantes da localidade e os seus problemas asociados, o que se pode exemplificar analizando o proceso de fabricación, transporte, publicidade e comercialización dalgún produto coñecido. Así mesmo, a análise dos aspectos humanos da paisaxe local que reflicten a intervención do home (asentamentos de poboación, cultivos, industrias, vías de comunicación, etc.) e un bo coñecemento da localidade, da comarca e de Galicia nos aspectos físico e humano é unha base firme para establecer posteriores comparacións con outros lugares.

## **METODOLOXÍA**

Seguindo os principios da teoría da aprendizaxe educativa debemos ter en conta os seguintes aspectos metodolóxicos:

1. Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.
2. Asegurar a construción de aprendizaxes significativas.
3. Fcer que o alumnado elabore aprendizaxes significativas por se mesmo.
4. Facer que o alumnado modifique progresivamente os seus esquemas de coñecemento.
5. Incrementar l actividade manipulativa e mental do alumnado.

Todos os principios psicopedagóxicos recollidos anteriormente están en torno a una regra básica: a necesidade de que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas funcionais. Por iso, cando nos preguntamos cómo ensinar na Educación Secundaria, se debe adoptar unha metodoloxía que asegure que as aprendizaxes dos alumnos e as alumnas sexan verdadeiramente

significativas.

Asegurar unha aprendizaxe significativa supoñe asumir unha serie de condicións. Estas foron integradas nos materiais curriculares que desenvolven o Proxecto Curricular do Departamento de Xeografía e Historia e que podemos resumir nos seguintes puntos:

- a) O contido debe ser potencialmente significativo, tanto dende o punto de vista da estrutura lóxica da disciplina (ou área) coma no que concierne á estrutura psicolóxica do alumnado.
- b) O proceso de ensinanza-aprendizaxe debe conectar coas necesidades, intereses, capacidades e experiencias da vida cotidiá dos alumnos e as alumnas. Neste sentido, a información que recibe o alumno ha de ser lóxica, comprensible e útil.
- c) Deben potenciarse as relacións entre as aprendizaxes previas e novas.
- d) Os alumnos e as alumnas deben tener unha actitude favorable para aprender significativamente. Así pois, han de estar motivados para relacionar os contenidos novos con aqueles que adquiriron previamente.
- e) As interaccións de profesorado e alumnado e de alumnos con alumnos facilitan a construción de aprendizaxes significativas. Ó mesmo tempo, favorecen os procesos de socialización entre os alumnos e as alumnas.
- f) É importante que os contidos escolares se agrupen en torno a núcleos de interese para o alumnado e que se aborden en contextos de colaboración e dende ópticas con marcado carácter interdisciplinar.

## **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

Nas unidades desta asignatura, realizarase un proceso de avaliación continua. Nas actividades evaluarase, tanto a calidade dos traballos, como o interese e a participación nela, así como a coordinación e o diálogo nos traballos realizados en grupo.

Ó comezo-lo curso faise unha avaliación inicial, consultando ós alumnos e interpretando o seu historial escolar. Ten por obxecto partir dos coñecementos que xa teñen para construí-la nova fase de aprendizaxe.

A avaliación formativa ou orientadora faise durante o proceso a aprendizaxe, observando sistemáticamente o progreso, dificultades,... do alumno en dito proceso.



A avaliación sumativa ou final faise ó remate do proceso de aprendizaxe determinando se o alumno adquiriu as capacidades requeridas e en qué grao.

Os instrumentos de avaliación a utilizar co fin de coñecer o grao de comprensión dos conceptos e procesos, son:

- A observación directa, que nos informa sobre:
  - O interese polo traballo.
  - A relación cos compañeiros.
  - A asistencia e puntualidade.
  - A participación no traballo de grupo.
  - A participación en debates e exposicións.
  - A realización de sínteses mediante esquemas, resumos ou gráficos.
- O caderno de traballo que recolle tódalas actividades realizadas ó longo do curso (cos apuntes, traballo, actividades, documentos,...), infórmanos sobre:
  - A cantidade e calidade dos coñecementos adquiridos.
  - A comprensión dos mesmos.
  - A capacidade de síntese e análise.
  - A comprensión e desenvolvemento das actividades.
  - A utilización das fontes de información.
- Probas escritas e traballos individuais e en grupos.
  - Nos traballos avaliarase a calidade, exposición, coordinación, interese e participación.
  - É importante realizar ó remate de cada unidade didáctica algún repaso de actividades representativas que nos informen do grao de comprensión da unidade.

- As probas escritas serven para que o alumno se dea conta dos seus avances e dificultades, o tempo que nos permiten detectar qué conceptos, procedementos ou actitudes deben ser reforzados.

## **SISTEMA DE CUALIFICACIÓN**

Para avaliar a asignatura de Ciencias Sociais de primeiro da ESO teñeranse en conta os seguintes criterios:

1. Faránse de catro a cinco probas escritas por avaliación. Non se poderá compensar ningunha nota inferior a 4 para superar a avaliación.
2. A ponderación dos exames na nota de avaliación será como mínimo do 85%
3. A ponderación dos traballos, cuestións e tests que se realicen durante a avaliación será como máximo do 15%
4. Ó ser numéricas as notas, o redondeo realizarase en función da actitude en clase, asistencia, colaboración co grupo, puntualidade na entrega de traballos e actitudes positivas ou negativas de cara á asignatura.
5. Nos casos de non alcanza-la nota de 5 na avaliación, o alumno deberá facer un exame de recuperación ó finalizar a avaliación, os contidos da materia serán todos os impartidos en dita avaliación.

## **CONTRIBUCIÓN DAS CIENCIAS SOCIAIS Ó PLAN LECTOR**

O proxecto lector do centro é un documento deseñado para se desenvolver a medio prazo no que, a partir da análise do contexto en materia de lectura, se articuen todas as intervencións para realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades

informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos. E as bibliotecas escolar e as de aula incorporárense como recursos fundamentais para a súa posta en marcha. O proxecto lector de centro será a referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura, que se incluírán na programación xeral anual. O seu deseño e posta en marcha estase a facer por todo o equipo docente debidamente coordinados pola persoa responsable da biblioteca do centro.

Para iso, a clase de Ciencias Sociais cederá 10 minutos á semana para desenvolver o devandito Plan Lector. A lectura será en voz alta e individual participando nela todos os alumnos desa clase.

Unha das competencias a desenvolver será a social e cidadá que permitiría utilizar habilidades sociais que faciliten a colaboración e a cooperación no traballo en grupo e que permita a resolución de conflitos.

## Temporización

Desenvolverase ó longo de 10/12 sesións por trimestre.

*Primeiro trimestre:* “Literatura e Ciencia”, en relación coa celebración do Año da ciencia e coas actividades propostas na programación da biblioteca.

Propónse a lectura de *A volta ao mundo en 80 días*, de Julio Verne, xa que este texto permite un traballo de tipo interdisciplinar que implicaría ós departamentos de lingua galega, castelán, ciencias naturais, ciencias sociais, plástica e matemáticas.

O obxectivo final a produción dos seguintes produtos:

**Grupa A:** Elaboración de paneis comparando as cidades e os países que visitan os protagonistas do libro no século XIX e na actualidade.

**Grupo B:** Exposición dos medios de transporte empregados na novela e as bases científicas que están detrás de cada un deles e a súa evolución ata o momento actual.

Actividades complementarias ó proxecto para realizar na última semana do trimestre:

- ▶ Visita ó Aquarium Finisterrae.
- ▶ Proxección da película.

*Segundo trimestre:* O tema escollido é “A convivencia e a tolerancia”, temas ambos que enlazan coas celebracións do día Internacional da paz e san Valentín. O libro de traballo proposto é *O principião*, A. Saint-Exupéry.

*Terceiro trimestre:* Quérese traballar sobre o entorno natural tendo en conta a celebración o día 5 de xuño do Día internacional do mundo Natural. Libro proposto *Julie e os lobos*, J.C. George.

## CONTRIBUCIÓN DAS CIENCIAS SOCIAIS ÁS TIC

O uso das tecnoloxías de información e de comunicación deberán condicionar, no ámbito da escolaridade obrigatoria, a unha certificación da adquisición das competencias básicas neste dominio. Terán en conta a utilización dos medios de comunicación no envío e recepción de correo electrónico, no envío e recepción de ficheiros, no acceso ás redes locais e Internet e na creación de páxina ou blogs.

O que se propoñe, fundamentalmente, e a abordaxe instrumental e transversal, que permita ós alumnos a consolidación dun conxunto de competencias básicas.

Unha forma de levar a cabo isto é o que se está a facer co Programa de La Voz de Galicia “Prensa Escuela”, programa levado a cabo polos alumnos de 2º ESO dende hai tres anos e que continúa neste curso 2007-08.



Prensa-Escuela é unha aposta de La Voz de Galicia (cabecera líder en Galicia e sexta no ámbito nacional gracias ós seus 663.000 lectores diarios) para intentar que o periódico chegue á escola e sexa un importante elemento pedagóxico no proceso de aprendizaxe dos alumnos. Ten como finalidade que a, través das súas páxinas, os escolares desenvolvan o sentido crítico que lles servirá para formarse como cidadáns dunha sociedade plural e democrática.

O programa, que desenvolve a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, institución que leva o nome do presidente e editor do periódico, quere ademais facilitar o acceso da comunidade escolar ós medios de comunicación tradicionais e introducir o uso das novas tecnoloxías, de forma que profesores e alumnos coñezan, dunha forma amena e clara, o número infinito de posibilidades que ten a prensa escrita.

Para levar a cabo o proxecto, Prensa-Escuela conta coa participación de Caixa Galicia e de moitos colaboradores, pedagogos, científicos e periodistas, que cada día aportan a súa profesionalidade e a súa ilusión para que os máis de 27.000 alumnos e 800 profesores que participan nesta iniciativa se apasionen coa información e a comunicación.

O programa pon a disposición das aulas exemplares de periódico; un suplemento semanal, La Voz de la Escuela, que está de aniversario: cumple 25 anos; una páxina web ; cursos para os profesores; concursos para que os alumnos aprendan a exercer de periodistas, e blogs, para que os escolares creen o seu propio soporte en Internet. *La Voz de Galicia* tamén abre as súas portas para que a comunidade escolar coñeza a súas instalacións mediante visitas ás mesmas.

O Instituto é o terceiro ano que participa cunha grande demanda por parte dos alumnos. O blog deste ano aínda non te nome porque estamos a espera de recibir o contrasinal dos responsables de La Voz de Galicia. O blog do curso anterior chamábase “David Buján 2º ESO” e nel participaron todos os alumnos deste nivel. Periodicamente suben ás aulas de informática para abrir o seu blog e publicar os seus comentarios. Procuran traballar en pequenos grupos e cada un deles aporta a súas propias experiencias enriquecendo o contido dos seus escritos. Ó principio eran bastante reacios a colgar na rede o que eles opinaban do que estaban a vivir, ver o ler, pero enseguida colleron semellante confianza

que, hoxe en día, non teñen ningún problema en facelo sacrificando os recreos e desde a súa casa.

A mecánica é moi sinxela. Os periódicos chegan tres días á semana ó Instituto, un para cada rapaz de cada aula de 2º (A,B,C), comentamos entre todos as noticias, destacan as que eles pensan que son as máis chamativas ou importantes, subimos á aula de informática e alí reflictan o que se debateu nas clases, descargando a súa opinión ó mesmo tempo que abren e comentan os demais blogs doutros participantes.

## Premio ós mellores cadernos dixitais

Cada mes, o programa reconece e recompensa o traballo da aula que teña feito o mellor Caderno dixital, tendo en conta, entre moitas variables, o grado de innovación tecnolóxica do blog, a súa estética, calidade e amenidade dos textos, o uso dos vínculos adecuados, a orixinalidade dos títulos, o respecto ás fontes de información e a coherencia do blog cos comentarios feitos por eles.

Si queredes coñecer algo do que escribimos podedes ir á páxina web do Instituto, picades en “*ligazóns*”, despois na parte esquerda onde pon “*Voz Escuela*”, isto os vai levar á páxina central, picades en “*blogs*”, a continuación en “*blogs en marcha*” onde aparecerán os que están funcionando, incluído o noso, picades de novo en calquera deles e así podedes coñecer o que se está a escribir. No calendario que aparece, as frechinas que están á esquerda ó lado do nome do mes vós mandarán os meses anteriores.

*O curso 2005-06 a aula de 2º ESO recibiu o premio ó mellor blog do mes de maio. A experiencia foi moi gratificante e renovou as gañas de continuar os vindeiros anos.*

### ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

- Saídas a museos.
- Saídas a Centros arqueolóxicos.
- Saídas a La Voz de Galicia.



## XEOGRAFÍA E HISTORIA

**2º DE ESO**

**CURSO: 2008-09**

### ÍNDICE:

---

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE CIENCIAS SOCIAIS DE 1º ESO.....	
1. OBXECTIVOS XERAIS.....	

<b>2. COMPETENCIAS BÁSICAS</b> .....	
3. CONTIDOS E OBXECTIVOS POR UNIDADES DIDÁCTICAS.....	
4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	
5. CONTIDOS TRANSVERSAIS.....	
6. RECURSOS DIDÁCTICOS.....	
7. CONTIDOS E OBXECTIVOS MÍNIMOS.....	
8. CONCRECIÓN E RELACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	
9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....	
10. METODOLOXÍA.....	
<b>11.CONTRIBUCIÓN OS PLANS LECTOR E AS TIC</b> .....	
12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .....	

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE 2º DE ESO.....

<b>COMPETENCIAS BÁSICAS</b> .....	
1. OBXECTIVOS.....	
2. CONTIDOS E OBXECTIVOS POR UNIDADES DIDÁCTICAS.....	
3. <a href="#"><u>CONTIDOS E OBXECTIVOS MÍNIMOS</u></a> .....	
4. TEMPORALIZACIÓN.....	
5. AVALIACIÓN.....	
6. METODOLOXÍA.....	
7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	
8. TEMAS TRANSVERSAIS .....	
9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	
10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	
11. PROGRAMACIÓN PARA ALUMNOS PENDENTES	

## Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas: Segundo Curso

### **1. Competencia social e cidadá**

- Comprender o concepto de tempo histórico.
- Identificar a relación multicausal dun feito histórico e as súas consecuencias.
- Coñecer as grandes etapas e os principais acontecementos da Idade Media e a Historia Moderna.
- Comprender o funcionamento das sociedades, o seu pasado histórico, a súa evolución e transformacións.
- Desenvolver a empatía mediante a comprensión das accións humanas do pasado.
- Expresarse de forma asertiva e mostrar unha actitude favorable ao diálogo e mais ao traballo cooperativo.

### **2. Coñecemento e a interacción co mundo físico**

- Identificar e localizar os ámbitos xeopolíticos, económicos e culturais en que se enmarcan os acontecementos da Idade Media e a Historia Moderna.
- Coñecer os distintos usos do espazo e dos recursos que fixeron as sociedades ao longo dos períodos históricos estudados.

### **3. Competencia cultural e artística**

- Comprender a función que as artes tiveron e teñen na vida dos seres humanos.
- Recoñecer os diferentes estilos da arte medieval e moderno, e os valores estéticos que expresan.
- Analizar obras de arte de xeito técnico e identificar o contexto histórico que explica a súa aparición.
- Desenvolver unha actitude activa en relación coa conservación e a protección do patrimonio histórico.

### **4. Tratamento da información e competencia dixital**

- Relacionar e comparar a información procedente de diversas fontes: escritas, gráficas, audiovisuais etc.
- Contrastar a información obtida e desenvolver un pensamento crítico e creativo.
- Elaborar a información transformando os datos recollidos e traducíndoos a outro formato ou linguaxe.
- Empregar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación na procura e o procesamento da información.

### **5. Competencia en comunicación lingüística**

- Utilizar adecuadamente o vocabulario propio das ciencias sociais para construír un discurso preciso.



- Desenvolver a empatía e interesarse por coñecer e es-coitar opinións distintas á propia.
- Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial, a descrición e a argumentación.
- Ler e interpretar textos de tipoloxía diversa, linguaxes icónicas, simbólicas e de representación.

#### **6. Competencia matemática**

- Elaborar e interpretar eixes cronolóxicos.
- Analizar e comprender os datos cuantitativos recollidos en táboas, gráficos e diagramas.
- Facer cálculos matemáticos de números enteiros e porcentaxes para chegar a conclusións cuantitativas.

#### **7. Competencia para aprender a aprender**

- Desenvolver unha visión estratéxica dos problemas, anticipar posibles escenarios e consecuencias futuras das accións individuais e/ou sociais.
- Buscar explicacións multicausais para comprender os fenómenos sociais e avaliar as súas consecuencias.
- Utilizar distintas estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información: esquemas, resumos etc.
- Participar en debates e contrastar as opinións persoais coas do resto de compañeiros.
- Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e máis a actualización permanente.

#### **8. Autonomía e iniciativa persoal**

- Asumir responsabilidades e tomar decisións con respecto á planificación do proceso de resolución das actividades propostas.
- Interpretar adecuadamente as particularidades de ca-da situación e de cada problema estudado.
- Saber argumentar de forma lóxica e coherente as explicacións dos conceptos e fenómenos estudados.
- Autorregular o propio aprendizaxe: tomar conciencia do que se sabe e do que falta por aprender; e realizar autoavaliacións do propio traballo.

## **Obxectivos de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia da Educación Secundaria Obrigatoria**

1. Identifica-la pluralidade das comunidades sociais e promover un sentimento positivo de pertenza, rexeitando as discriminacións existentes por razón de nacemento, raza, sexo, relixión ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
2. Resolver problemas e levar a cabo estudos e pequenas investigacións aplicando as técnicas e procedementos básicos característicos das ciencias sociais, xeografía e historia, empregando con precisión e rigor o vocabulario específico para explica-las causas e as consecuencias.
3. Valora-la diversidade lingüística e cultural como dereitos dos pobos e individuos á súa identidade e manifestar actitudes de tolerancia e respecto por outras culturas.
4. Identifica-los procesos e mecanismos básicos que rexen o funcionamento dos feitos sociais, utilizando este coñecemento para comprende-la diversidade social e cultural; analiza-los seus problemas e formar un xuízo persoal, crítico e razoado.
5. Identificar e localizar no tempo e no espacio procesos e acontecementos relevantes co fin de adquirir unha perspectiva global da evolución histórica da humanidade e a comprensión das nocións de cambio e permanencia.
6. Coñece-la diversidade xeográfica do mundo, os seus trazos básicos físicos, humanos e distingui-las grandes áreas socioeconómicas, culturais e políticas. Comprende-los trazos físicos e humanos de España e a diversidade da súa xeografía e as súas culturas.
7. Identificar e analizar a diferentes escalas as interaccións que as sociedades humanas establecen cos seus territorios na utilización do espacio e do aproveitamento dos recursos naturais, valorando as consecuencias de tipo económico, social, político e ambiental destas.
8. Valorar e respecta-lo patrimonio natural, histórico, lingüístico, cultural e artístico, asumindo as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.
9. Aprecia-los dereitos e liberdades humanos como unha conquista da humanidade, potenciando os valores de tolerancia e solidariedade cos pobos, grupos sociais e persoas privadas dos seus dereitos ou dos recursos necesarios.

10. Obter e relacionar información verbal, icónica, estatística e cartográfica a partir de distintas fontes, en especial dos actuais medios de comunicación, e tratala de forma autónoma e crítica, comunicándolla ós demais de xeito organizado e intelixible.
11. Realizar tarefas en grupo e participar en discusións e debates cunha actitude constructiva, crítica e tolerante, valorando a discrepancia e o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemaS.

## **Conceptos, procedementos e actitudes do Primeiro Ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria**

1. Valoración positiva da súa propia lingua como vehículo imprescindible no desen-volvemento da identidade persoal.
2. Curiosidade por saber e interese polas novas informacións, considerando o erro como estímulo e elemento informativo para avanzar nas aprendizaxes.
3. Participación e cooperación na realización de actividades colectivas respectando as normas de convivencia e as ideas dos demais e aceptando as responsabilidades que contraen.
4. Organización, resolución e presentación adecuada do traballo realizado.
5. Valoración crítica de problemas cotiáns ou presentes nos medios de comunicación, publicidade, etc.
6. Participación activa na conservación e mellora do medio e do patrimonio cultural na procura dunha mellor calidade de vida.
7. Adquisición de actitudes de respecto ás persoas, independentemente do seu sexo, raza, relixión, procedencia social, etc.
8. Interese por coñecer sociedades e culturas diferentes, valorándoas como elementos enriquecedores da existencia colectiva da humanidade.
9. Sensibilización e preocupación polo rigor e obxectividade na investigación e interpretación de información histórica.
10. Valora-la importancia de situarse na época e sociedade obxecto de estudio para com-prendela mellor.
11. Sensibilidade ante os problemas sociais derivados das situacións de desigualdade.

## **Criterios de Avaliación de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia do Primeiro Ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria**

1. Coñece-lo planeta Terra: forma, dimensións e condicións esenciais que fan posible a vida.
2. Identificar e localiza-las comunidades autónomas españolas, os estados da unión europea e os estados do mundo. Interpretar mapas políticos.
3. Coñece-las institucións, as normas que as rexen e as distintas formas de participación cidadá, aplicando ese coñecemento en debates sobre feitos da actualidade e en comportamentos ou actitudes cotiás.
4. Obter información a partir de diferentes fontes: documentos escritos, obxectos materiais, imaxes, obras de arte, gráficos, mapas, etc; interpreta e analiza-los cambios experimentados e a súa transcendencia.
5. Realizar pequenas investigacións de carácter descritivo sobre algún feito ou tema próximo, consultando información complementaria e comunicando de forma intelixible os resultados do estudio.
6. Ordenar e representar graficamente algún aspecto significativo da vida humana ó longo de diferentes épocas: sociedades prehistóricas, sociedades urbanas, sociedade clásica e sociedade medieval, atendendo sobre todo a aspectos referentes a Galicia e á Península Ibérica.
7. Identificar e situar xeograficamente os principais pobos, sociedades e culturas que se desenvolveron na Península Ibérica ata a época moderna e analizar algunhas das principais achegas que contribúen á formación da nosa identidade.
8. Identificar e describi-los aspectos socioeconómicos, políticos e ideolóxicos da Europa feudal e a súa evolución ata a aparición do estado moderno.
9. Elaborar pequenos informes sobre culturas distintas da propia, empregando de forma crítica a información dos medios de comunicación.
10. Participar en debates sobre aspectos diferenciadores dos pobos e dos individuos que potencien actitudes de tolerancia e solidariedade.
11. Ordenar e representar graficamente a evolución dalgún aspecto significativo da vida humana ó longo de diferentes épocas históricas sinalando os principais momentos de cambio nesa evolución.
12. Identificar e situar cronolóxicamente e xeograficamente os principais pobos, sociedades e culturas que se desenvolveron na Península Ibérica antes da época moderna e analiza-las súas achegas á nosa civilización a partir dos vestixios existentes.
13. Identificar e localiza-los trazos físicos máis destacados (relevo, clima, vexetación) que configuran os grandes medios naturais de Galicia, territorio español, Europa e mundo, analizando algúns exemplos representativos das paisaxes naturais e das transformadas pola actividade humana.

14. Coñece-la distribución da poboación no mundo, diferenciando rexións e estados pola densidade de poboación, a súa dinámica e estrutura, aplicando os conceptos de superpoboación, migración e avellentamento a distintas escalas.
15. Caracterizar e localiza-los principais sectores de produción e analiza-los problemas máis significativos en Galicia, España, Europa e no mundo.
16. Identificar, analizar e valora-la división técnica e social do traballo e as súas consecuencias socioeconómicas. Coñece-la dinámica da sociedade e a organización do mundo laboral con especial referencia a Europa e España.
17. Identifica-los problemas ambientais máis graves de Galicia, España e o mundo (deforestación, lixo urbano e industriais, incendios forestais, construcións e infraestructuras públicas e privadas, etc.) e valora-los riscos que supoñen.
18. Identificar e situar cronoloxicamente os vestixios existentes relacionándoos cos pobos ou sociedades que os produciron para comprender mellor as orixes e a identidade de Galicia e de España, así como a necesidade de defende-lo seu patrimonio cultural.
19. Coñece-los principios e fundamentos que rexen as sociedades democráticas e valora-los dereitos humanos como unha conquista irrenunciable da humanidade.
20. Analizar situacións de violación dos dereitos humanos (pobreza, violencia, discriminación, desigualdade, explotación...).
21. Participar en debates e discusións, empregando argumentacións razoadas con actitude crítica e tolerante.
22. Elaborar informes traballando en grupo sobre cuestións problemáticas da vida cotiá no mundo actual.

## **OBXECTIVOS SEGUNDO CURSO DA ESO**

1. Identificar as fontes de información demográfica e recoñecer os principios conceptos asociados ó feito demográfico (natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo)
2. Distinguir o comportamento da natalidade, da mortalidade nas diferntes partes do planeta e as causas que o motivan.
3. Explicar que son movementos migratorios, razóns que os orixinan e cales son as zonas de emisión e de recepción de inmigrantes.
4. Recoñecer as zonas máis e menos poboadas do planeta e distinguir os factores que inflúen nesa distribución.
5. Identificar os principais problemas demograficos e as políticas que desenvolven os gobernos para solucionarlos.
6. Explicar os principios trazos da poboación europea e española.
7. Elaborar e/ou interpretar correctamente unha pirámide de poboación.
8. Explicar o concepto de actividade económica e identificar as tarefas que implica.

9. Determinar os factores que interveñen na produción.
10. Definir que é mercado e distinguir os elementos que o compoñen.
11. Relacionar a riqueza e o nivel dun país co desenvolvemento das súas actividades económicas.
12. Identificar os trazos que definen as situacións de subdesenvolvemento.
13. Enumerar e explicar os factores que serraron a globalización.
14. Nomear os principais trazos das economías europea e española.
15. Definir o concepto de sociedade e recoñecer os elementos estruturais e os grupos que a compoñen.
16. Explicar o concepto de estratificación social. Porque se produce e as consecuencias que del se derivan.
17. Asumir o carácter dinámico das sociedades.
18. Recoñecer a existencia de sociedades multiculturais e dunha cultura planetaria ligada ó fenómeno da globalización.
19. Identificar os caracteres que definen a sociedade europea e española.
20. Desenvolver actitudes de respecto e tolerancia cara a outros grupos sociais e/ou culturais.
21. Diferenciar os conceptos de nación e Estado.
22. Identificar o Estado como unha entidade política e xeográfica.
23. Distinguir entre un réxime político democrático e outro autoritario.
24. Definir que é unha Constitución e os trazos que a caracterizan.
25. Identificar as funcións dos diferentes niveis da Administración nun Estado democrático descentralizado coma España.
26. Describir o proceso histórico da integración económica e política europea.
27. Comprender a importancia que ten para España pertencer á Unión Europea.
28. Identificar organismos coma a ONU, a OTAN, etc.
29. Valorar a democracia como forma de goberno que garante a convivencia pacífica e a participación dos cidadáns na vida política.
30. Comprender o papel de Mahoma e do Islam no desenvolvemento da civilización árabe e na súa grand expansión territorial.
31. Recoñecer os avances agrícolas e gandeiros que legou o Islam a Occidente, ademais da súa artesanía e do seu importante comercio.
32. Identificar as características da estrutura social do imperio islámico medieval.
33. Identificar os principais trazos da arte musulmana.
34. Valorar ao importante labor cultural dos árabes e a súa importancia nos avances científicos e técnicos.
35. Identificar os territorios antes ocupados polos romanos, nos que se desenvolveron as dúas culturas cristiás medievais: a bizantina e a carolinxia.
36. Sinalar o momento histórico e enumerar as causas que ocasionaron a desaparición dos dous imperios.
37. Describir os trazos políticos, económicos e sociais de cada unha das culturas.
38. Recoñecer as características da arte bizantina e carolinxia sinalando as súas semellanzas e diferencias.
39. Determinar a localización dos pobos eslavos de Europa nos primeiros séculos da Idade Media e recoñecer a súa integración na área da cultura cristiá europea.
40. Describir as circunstancias que propiciaron a aparición do feudalismo en Europa.
41. Distinguir as diferentes relacións de dependencia que se estableceron entre os membros da sociedade feudal.
42. Explicar que era un feudo.

43. Recoñecer a grande influencia da igrexa na sociedade medieval.
44. Valorar o labor de recuperación e transmisión da ciencia do pendameneto da Antigüidade clásica realizado polos monxes cristiáns nos primeiros séculos da Idade Media.
45. Enumerar os trazos da arte románica e identificar os edificios máis coñecidos.
46. Identificar os avances da agricultura, do comercio e da artesanía como as causas que favoreceron o reneceamento urbano e a aparición da burguesía.
47. Sinalar os principais cambios sociais que se produciron na monarquía feudal e as novas institucións do goberno das cidades.
48. Identificar os grandes avances técnicos e científicos da época e valorar a súa enorme repercusión posterior.
49. Distinguir as principais características da arte gótica e comparalas coas da arte románica.
50. Recoñecer as circunstancias que propiciaron a invasión e o asentamento dos musulmáns na península.
51. Describir as institucións políticas e administrativas do califato de Córdoba.
52. Recoñecer o enorme desenvolvemento do comercio, tanto interior coma exterior.
53. Describir a vida nas cidades hispanomusulmáns.
54. Distinguir os momentos de convivencia pacífica entre musulmáns, xudeus e cristiáns das épocas de intolerancia e persecución.
55. Sinalar os principais trazos da arte hispanomusulmana.
56. Coñecer a orixe e a evolución dos reinos cristiáns da península Ibérica.
57. Explicar a expansión de Aragón no Mediterráneo e a de Portugal e Castela no Atlántico.
58. Determinar os distintos grupos sociais dos reinos cristiáns, e os grupos étnicos e relixiosos que chegaron a convivir na península Ibérica.
59. Recoñecer a importancia das linguas romances e das Universidades para o desenvolvemento cultural dos reinos cristiáns, así como da Escola de Tradutores de Afonso X o Sabio.
60. Elaborar pequenos comentarios de textos históricos.

## CONTIDOS SEGUNDO CURSO DA ESO

### Bloque 1. Contidos comúns

- Localización no tempo e no espazo de períodos e acontecementos históricos. Nocións de simultaneidade e evolución. Representación gráfica de secuencias temporais.
- Recoñecemento de causas e consecuencias nos feitos e procesos históricos distinguindo a súa natureza. Identificación da multiplicidade causal nos feitos sociais. Valoración do papel dos homes e as mulleres como suxeitos da historia.
- Busca, obtención e selección de información do contorno, de fontes escritas, iconográficas, gráficas, audiovisuais e proporcionadas polas tecnoloxías da información. Elaboración escrita da información obtida. Transformación de información estatística en gráficos.
- Recoñecemento de elementos básicos que caracterizan os estilos artísticos e interpretación de obras significativas considerando o seu contexto. Valoración



da herdanza cultural e do patrimonio artístico como riqueza que hai que preservar e colaborar na súa conservación

- Análise dalgún aspecto da época medieval ou moderna relacionado cun feito ou situación relevante da actualidade: as orixes da organización parroquial, o Camiño de Santiago, a peste negra-sida,....

### **Bloque 2. As sociedades preindustriais.**

- Os séculos medievais. Orixe e expansión do Islam. A sociedade, a economía e o poder na Europa feudal. O rexurdir das vilas, da cidade e o intercambio comercial. A cultura e a arte medieval.
- A Península Ibérica na Idade Media. Al Andalus e os reinos cristiáns. A forma de vida nas cidades cristiás e musulmanas.
- Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais
- Os grupos humanos e a utilización do medio: análise das súas interaccións. As paisaxes naturais e humanizadas. Principais unidades paisaxísticas en Galicia e España. A organización do territorio en Galicia: a dispersión da poboación en pequenos asentamentos ( aldeas ), as parroquias, as vilas e as áreas urbanas.
- Características do Estado moderno en Europa. O significado do Renacemento.
- Evolución social, política e económica da Península Ibérica na época moderna. A monarquía hispánica e a colonización de América.
- A Galicia dependente e agraria. Fidalgos e foreiros.
- Arte, ciencia e cultura na época moderna. O Barroco galego.

### **Bloque 3. Poboación e sociedade.**

- A poboación e a evolución histórica da súa distribución. Aplicación dos conceptos básicos de demografía á comprensión dos comportamentos demográficos actuais, análise e valoración das súas consecuencias no mundo, en España e en Galicia. Elaboración e interpretación de datos e gráficos de demografía.
- A mobilidade da poboación: modalidades, etapas, causas e consecuencias. Análise do fenómeno migratorio en Galicia.
- As sociedades actuais. Estrutura e diversidade. Desigualdades e conflitos. Caracterización da sociedade galega, española e europea. Análise e valoración relativa das diferenzas culturais.
- A transformación das cidades a partir da industrialización, como resposta ás novas necesidades sociais. Urbanización do territorio no mundo actual e xerarquía urbana. A creación do espazo urbano: diferenciación social e funcional nas cidades españolas e galegas. Problemas e planeamento urbano.
- O poboamento galego: transformación das formas tradicionais e novo sistema urbano.

# Secuenciación de Contidos do Segundo Curso

## **TEMA 1. O ISLAM E AL-ANDALUS**

### 1. A APARICIÓN DO ISLAM

INVESTIGA... OS LUGARES SAGRADOS DO ISLAM

### 2. O ISLAM

DESCUBRE... A MESQUITA

### 3. A EXPANSIÓN DO ISLAM

### 4. O ISLAM NA PENÍNSULA IBÉRICA: AL-ANDALUS

### 5. DO CALIFATO DE CÓRDOBA AOS REINOS DE TAIFAS

### 6. ECONOMÍA E SOCIEDADE ANDALUSÍ

### 7. CULTURA E ARTE ISLÁMICAS

Practica as túas competencias básicas

## **TEMA 2. A EUROPA FEUDAL**

### 1. O NACEMENTO DA EUROPA FEUDAL

DESCUBRE... A SOCIEDADE FEUDAL

### 2. A NOBREZA FEUDAL

INVESTIGA... COMO ERAN OS CASTELOS MEDIEVAIS

### 3. OS CAMPESIÑOS NO MUNDO FEUDAL

### 4. A IGREXA CRISTIÁ: OS CLÉRIGOS

DESCUBRE... QUE FORON AS CRUZADAS

### 5. OS MOSTEIROS MEDIEVAIS

### 6. A ARTE ROMÁNICA. A ARQUITECTURA

### 7. A PINTURA E A ESCULTURA ROMÁNICAS

Practica as túas competencias básicas

## **TEMA 3. A CIDADE MEDIEVAL**

### 1. A RECUPERACIÓN DA VIDA URBANA

DESCUBRE... AS CIDADES MEDIEVAIS

### 2. AS ACTIVIDADES URBANAS: ARTESANÍA E COMERCIO

### 3. A SOCIEDADE URBANA

### 4. O AFIANZAMENTO DO PODER REAL

### 5. A CRISE DA BAIXA IDADE MEDIA (SÉCULOS XIV E XV)

### 6. A ARTE GÓTICA. A ARQUITECTURA

### 7. A ESCULTURA E A PINTURA GÓTICAS

## Practica as túas competencias básicas

### **TEMA 4. FORMACIÓN E EXPANSIÓN DOS REINOS PENINSULARES**

1. A ORIXE DOS REINOS CANTÁBRICOS
2. OS PRIMEIROS CONDADOS E REINOS PIRENAICOS
3. A EXPANSIÓN TERRITORIAL DOS SÉCULOS XI E XII
4. A REPOBOACIÓN DOS TERRITORIOS CONQUISTADOS

Descubre... Unha economía de subsistencia

Investiga... O Camiño de Santiago

5. A PENÍNSULA IBÉRICA: ENCONTRO DE CULTURAS
6. O ROMÁNICO NA PENÍNSULA IBÉRICA

Practica as túas competencias básicas

### **TEMA 5. OS GRANDES REINOS PENINSULARES**

1. A CONSOLIDACIÓN DOS REINOS HISPÁNICOS
2. A GRANDE EXPANSIÓN DO SÉCULO XIII
3. AS INSTITUCIÓNS DE GOBERNO

Investiga... As Cortes medievais

4. O REINO DE CASTELA: ECONOMÍA E SOCIEDADE

DESCUBRE... A MESTA E O COMERCIO CASTELÁN

5. A COROA DE ARAGÓN: ECONOMÍA E SOCIEDADE
6. OS CONFLITOS SOCIAIS E POLÍTICOS NA BAIXA IDADE MEDIA
7. O GÓTICO NA PENÍNSULA IBÉRICA

Practica as túas competencias básicas

### **TEMA 6. GALICIA NA IDADE MEDIA**

1. DA INVASIÓN MUSULMÁ A LA CORONA DE CASTELA
2. SEÑORES E CAMPESIÑOS

Investiga... Os mosteiros galegos

3. SÉCULOS XII-XII: ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Investiga... O Camiño de Santiago

4. CONFLITOS SOCIAIS AO FINAL DA IDADE MEDIA
5. A ARTE ROMÁNICA EN GALICIA
6. A ARTE GÓTICA EN GALICIA

Practica as túas competencias básicas

### **TEMA 7. RENACEMENTO E REFORMA**

1. O HUMANISMO

INVESTIGA... A IMPRENTA

2. A REFORMA RELIXIOSA

3. A CONTRARREFORMA CATÓLICA
4. O NOVO ESPÍRITO DO RENACEMENTO
5. O QUATTROCENTO
6. O CINQUECENTO
7. A DIFUSIÓN DO RENACEMENTO

Practica as túas competencias básicas

### **TEMA 8. A MONARQUÍA AUTORITARIA: Os REIS CATÓLICOS**

1. A EUROPA DO SÉCULO XV
2. A MONARQUÍA DOS REIS CATÓLICOS
3. A ARTICULACIÓN DA NOVA MONARQUÍA
4. A ORGANIZACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL
5. HUMANISMO E RENACEMENTO EN ESPAÑA
6. ESCULTURA E PINTURA RENACENTISTAS EN ESPAÑA

Practica as túas competencias básicas

### **TEMA 9. Os GRANDES DESCUBRIMENTOS XEOGRÁFICOS**

1. Os GRANDES VIAXES MARÍTIMOS  
DESCUBRE... O PROGRESO DA NAVEGACIÓN
2. CASTELA ENCONTRA UN NOVO CONTINENTE  
INVESTIGA... A TERRA É REDONDA
3. Os POBOS PRECOLOMBINOS
4. CONQUISTA E ORGANIZACIÓN DO IMPERIO AMERICANO
5. A COLONIZACIÓN DA AMÉRICA ESPAÑOLA

Practica as túas competencias básicas

### **TEMA 10. O IMPERIO DOS AUSTRIAS**

1. O IMPERIO UNIVERSAL: CARLOS V
2. O IMPERIO HISPÁNICO: FELIPE II
3. ECONOMÍA E SOCIEDADE HISPÁNICA NO SÉCULO XVI  
Investiga... A vida cotiá na época dos Austrias
4. O SÉCULO XVII: O DECLIVE DO IMPERIO
5. CRISE SOCIAL E ECONÓMICA DO SÉCULO XVII

Practica as túas competencias básicas

### **TEMA 11. O SÉCULO DO BARROCO**

1. SOCIEDADE E ECONOMÍA NO SÉCULO XVII
2. A EUROPA DO ABSOLUTISMO  
INVESTIGA... LUIS XIV DE FRANCIA

**3 A ARTE DO SÉCULO XVII: O BARROCO**

DESCUBRE... O PALACIO DE VERSALLES

**4. ARQUITECTURA E ESCULTURA BARROCAS****TEMA 12. GALICIA NA IDADE MODERNA**

1. A INTEGRACIÓN DE GALICIA NA MONARQUÍA HISPÁNICA

2. NA POLÍTICA DE GALICIA NOS SÉCULOS XVI E XVII

3. ECONOMÍA E SOCIEDADE NOS SÉCULOS XVI E XVII

4. O BARROCO GALEGO

Dossier: O Barroco compostelán

Practica as túas competencias básicas

**TEMA 13. OS HABITANTES DO PLANETA**

1. OS HABITANTES DO PLANETA E A SÚA DISTRIBUCIÓN

2. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN MUNDIAL

3. A DINÁMICA DESIGUAL DA POBOACIÓN MUNDIAL

APRENDO A... COÑECER A DINÁMICA DA POBOACIÓN

4. A DINÁMICA DA POBOACIÓN: AS MIGRACIÓNS

APRENDO A... LER UNHA PIRÁMIDE DE POBOACIÓN

5. A POBOACIÓN E O TRABALLO

Practica as túas competencias básicas

**TEMA 14. A POBOACIÓN DE ESPAÑA E DE GALICIA**

1. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN ESPAÑOLA

Investiga... Pirámides de poboación de España

2. CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN ESPAÑOLA

3. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN NO TERRITORIO

4. POBOAMENTO RURAL E URBANO

5. A POBOACIÓN E O TRABALLO

6. ESPAÑA, UN PAÍS DE EMIGRANTES NO PASADO

7. ESPAÑA, UN PAÍS DE INMIGRANTES

8. A POBOACIÓN DE GALICIA

Practica as túas competencias básicas

**TEMA 15. A CIDADE E O URBANO**

1. UNHA APROXIMACIÓN Á CIDADE

2. A MORFOLOXÍA URBANA

3. O CRECEMENTO URBANO AO LONGO DO TEMPO

4. UN MUNDO DE GRANDES CIDADES

## Informe... A cidade como un ecosistema urbano

### 5. ESTRUTURA DO SISTEMA URBANO ESPAÑOL

### 6. AS CIDADES DE GALICIA

Practica as túas competencias básicas

## TEMA 16. AS SOCIEDADES HUMANAS

### 1. ORGANIZACIÓN DA SOCIEDADE HUMANA

### 2. EVOLUCIÓN DA SOCIEDADE HUMANA

### 3. A SOCIEDADE EUROPEA

### 4. A SOCIEDADE ESPAÑOLA E A GALEGA

### 5. INMIGRACIÓN E DIVERSIDADE CULTURAL

Practica as túas competencias básicas

## ***Conceptos, procedementos e actitudes.***

-Valoración positiva da súa propia lingua como vehículo imprescindible no desenvolvemento da identidade persoal.

-Curiosidade por saber e interese polas novas informacións, considerando o erro como estímulo e elemento informativo para avanzar nas aprendizaxes.

-Participación e cooperación na realización de actividades colectivas respectando as normas de convivencia e as ideas dos demais e aceptando as responsabilidades que contraen.

-Organización, resolución e presentación adecuada do traballo realizado.

-Valoración crítica de problemas cotiáns ou presentes nos medios de comunicación, publicidade, etc.

-Participación activa na conservación e mellora do medio e do patrimonio cultural na procura dunha mellor calidade de vida.

-Adquisición de actitudes de respecto ás persoas, independentemente do seu sexo, raza, relixión, procedencia social, etc.

-Interese por coñecer sociedades e culturas diferentes, valorándoas como elementos enriquecedores da existencia colectiva da humanidade.

-Sensibilización e preocupación polo rigor e obxectividade na investigación e interpretación de información histórica.

-Valora-la importancia de situarse na época e sociedade obxecto de estudo para comprendela mellor.

-Sensibilidade ante os problemas sociais derivados das situacións de desigualdade.

- Toma de conciencia e fomento das actitudes solidarias ante os graves problemas que existen (políticos, económicos e sociais) nos países menos desenvolvidos.

- Crítica de calquera tipo de discriminación.

- Valoración positiva da participación cidadá na vida política dos estados democráticos.
- Valoración do patrimonio cultural e artístico dos Imperios bizantino e carolinxo.
- Valoración do patrimonio cultural e artístico do Islam.
- Recoñecemento da recuperación cultural que levaron a cabo os musulmáns en Occidente.
- Interese por coñecer os inicios da nosa cultura europea.
- Respecto polo legado cultural que transmitiron a Igrexa e os mosteiros.
- Curiosidade por entender a grande recuperación de Europa a partir do século XII.
- Toma de conciencia do que significa a aparición da burguesía.
- Toma de conciencia da importancia que tivo para o desenvolvemento cultural de Al-Ándalus a convivencia pacífica de cristiáns, musulmáns e xudeus.
- Valoración do patrimonio cultural, científico e artístico de Al-Ándalus.
- Valorar a tolerancia cultural da época na que convivían pacificamente cristiáns musulmáns e xudeus nos reinos cristiáns medievais.
- Curiosidade por coñecer a mentalidade relixiosa medieval que conduciu á recuperación do territorio peninsular.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar as distintas fontes de información demográfica.
- Recoñecer as características que identifican os distintos estadios evolutivos da poboación, indicando aquelas circunstancias que propiciaron o seu aumento ou diminución.
- Diferenciar os distintos tipos de migración, analizar as causas que os orixinan e localizar as principais zonas emisoras e receptoras do planeta.
- Explicar como se leva a cabo a acupación do territorio, analizando a diversa densidade de poboación no planeta.
- Explicar en que consisten os problemas de avellamento e superpoboación, identificando as súas causas e as políticas que desenvolveron os estados para solucionarlos.
- Actuar de maneira respectuosa, tolerante e solidaria con persoas procedentes doutros países.
- Elaborar e /ou interpretar correctamente unha pirámide de poboación.
- Definir que son as actividades económicas e identificar os seus axentes.
- Enumerar e explicar os factores que interveñen na produción.
- Explicar que é o mercado, quen o compón e qué actividades realiza.
- Enumerar as causas do subdesenvolvemento e, en especial, a influencia da débeda externa.
- Explicar as características das economías europea e española.
- Identificar a relación entre desenvolvemento sostible e conservación do medio natural.
- Explicar o porqué de vivir en sociedade e a influencia que exerce o grupo social.

- Determinar a principal diferenza entre sociedade estática e dinámica.
- Explicar que son os cambios sociais e por qué se producen.
- Nomear as principais características da sociedade europea e española.
- Adoptar comportamentos baseados no respecto e na tolerancia cara os outros grupos sociais e/ou culturais.
- Identificar e localizar as comunidades autónomas españolas, os estados da unión europea e os estados do mundo. Interpretar mapas políticos.
- Coñece as institucións, as normas que as rexen e as distintas formas de participación cidadá, aplicando ese coñecemento en debates sobre feitos da actualidade e en comportamentos ou actitudes cotiás.
- Obter información a partir de diferentes fontes: documentos escritos, obxectos materiais, imaxes, obras de arte, gráficos, mapas, etc; interpreta e analiza os cambios experimentados e a súa transcendencia.
- Coñece as dimensións e a organización política dos distintos Estados europeos.
- Explica a organización político-administrativa de Galicia, de España e da Unión Europea.
- Comprende a evolución que experimentou o mapa político do mundo, facendo especial fincapé na evolución das fronteiras nos últimos anos.
- Coñece o Estatuto de Autonomía de Galicia, así como as funcións que desempeñan as distintas institucións do goberno autonómico.
- Elaborar e interpretar diferentes instrumentos de traballo xeográfico e histórico como as gráficas (lineais, de barras, etc.), os mapas topográficos e temáticos, os bosquexos e as estatísticas, utilizando as novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- Coñece a organización social e económica dos pobos xermánicos que se instalaban en Hispania: os visigodos.
- Explica as causas da caída do Imperio Romano de Occidente e reconece os pobos xermánicos que se instalaban nos seus territorios.
- Coñece a extensión e a evolución do Imperio Romano de Oriente desde o reinado de Xustiniano ata a conquista de Constantinopla polos turcos; e identifica as principais características da cultura e a arte bizantinas.
- Contextualiza os orixes do Islam, identifica os seus preceptos básicos e analiza as diferentes fases da súa expansión trala morte de Mahoma.
- Coñece os trazos esenciais da evolución política e económica do Califato, desde o século VII ata a conquista turca.
- Describe a organización territorial e a base económica do Imperio Carolinxio e analiza os elementos que, trala morte de Carlomagno, propiciaron o nacemento do feudalismo.
- Saber cómo se produciu a conquista árabe da Península Ibérica, indicando as batallas, as datas e os personaxes máis representativos deste período histórico.
- Explica a evolución política, económica e social de Al-Andalus nas súas diferentes etapas: desde o Emirato dependente ata os Reinos de Taifas; e a súa continuidade co reino nazarí de Granada.
- Indica a composición e os trazos distintivos dos distintos estamentos da sociedade medieval (modo de vida, nivel de riqueza, actividades económicas, etc.), dedicando unha atención especial ó papel da muller.
- Entende os pactos de fidelidade e vasalaxe que establecían os distintos grupos sociais que integraban o sistema feudal; explica o funcionamento dun feudo e o tipo de relacións que os campesiños mantiñan cos señores feudais.



- Saber cómo estaba organizada a Igrexa na Idade Media, cáles eran as súas principais ordes relixiosas; e valora-la importancia desta institución na Europa Cristiá.
- Identificar e localizar no mapa as principais rutas comerciais e centros mercantís da Idade Media.
- Coñece-la composición e as formas de vida dos distintos grupos sociais que habitaban a cidade medieval, facendo especial fincapé na nova clase social: a burguesía.
- Entende-las causas da Reconquista e explicar cómo se levou a cabo o proceso de repo-boamento dos territorios ocupados, localizando no mapa as etapas máis importantes.
- Explica-las causas da crise da Baixa Idade Media (séculos XIV e XV).
- Coñece-la evolución das zonas de fronteira entre o mundo cristián e musulmán na Península Ibérica entre os séculos VIII-XV.
- Identifica-las características e a evolución dos reinos cristiáns desde o século XII ata finais da Idade Media.
- Explica-la forma de goberno e as institucións dos Estados cristiáns da Península a partir do século XII, dedicando unha especial atención ó Reino de Galicia.
- Valora-la importancia do Camiño de Santiago na Idade Media como elemento revitalizador da economía e como vía de penetración das ideas e dos estilos artísticos.
- Enumera-las características xerais da arte árabe e da arte hispanoárabe, e identifica-los edificios e monumentos máis emblemáticos de Al-Andalus.
- Valora-las achegas da cultura musulmana ó mundo occidental, e recoñecer a algúns dos seus principais científicos e filósofos. Compara-la arte e a cultura das distintas comunidades que conviviron na España Medieval: xudeus, mozárabes, mudéxares, etc. Analiza-las causas do renacer cultural das cidades no século XIII e valora-la función cultural e ideolóxica das Universidades a partir deste momento.
- Coñece-la estrutura e a función das Universidades medievais; así como a función de que levaron a cabo as Ordes Mendicantes co desenvolvemento da vida urbana.
- Recoñecer e compara-los trazos distintivos da arte románica e a arte gótica nas súas diversas manifestacións: arquitectura, escultura e pintura.
- Participar en debates sobre as características singulares de distintos pobos e culturas, argumentando as opinións persoais de forma coherente e mostrando actitudes to-lerantes e respectuosas cara ás formas de pensar distintas da propia.)

## ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Explicar os factores físicos e humanos responsables da irregular distribución da poboación e localizar sobre un mapa os grandes focos de concentración e os baleiros demográficos do planeta.
- Realizar unha pirámide de idades e deducir os trazos desa poboación, segundo o perfil do gráfico resultante.
- Comprender o dinamismo continuo da poboación, que aumenta ou diminúe debido á acción combinada de dous tipos de movementos, naturais e migratorios, e explicar os factores responsables das desigualdades, os tipos de migracións e as súas causas.

- Distinguir as fases que seguiu o crecemento da poboación mundial, explicar as causas responsables e comprender que os problemas demográficos do mundo actual son diferentes nos países do Terceiro Mundo e no mundo desenvolvido.
- Analizar o fenómeno das migracións masivas contemporáneas como resultado do desequilibrio entre países ricos, caracterizados pola estabilización demográfica e o benestar, e os países pobres, de forte crecemento e gran pobreza.
- Coñecer cántos habitantes ten España e as zonas de maior e menor densidade.
- Identificar a redución da natalidade e da mortalidade e sinalar as súas causas.
- Identificar a composición da poboación por sexo e idade, así como as actividades económicas da poboación española.
- Coñecer as principais migracións nas que participou España e a inmigración que recibe na actualidade.
- Identificar as características principais da poboación galega.
- Coñecer o feito de que a superficie terrestre está distribuída en numerosos estados soberanos e independentes, moi diferentes entre si.
- Diferenciar nas relacións internacionais o protagonismo das grandes potencias (Estados Unidos, a Unión Europea e Xapón) e recoñecer a existencia de potencias rexionais en determinadas áreas que exercen un considerable peso específico. É o caso de China, India, Brasil, Sudáfrica, Australia, Arabia Saudita ou Israel.
- Distinguir a función das organizacións internacionais máis importantes, especialmente a daquelas preocupadas pola preservación da seguridade internacional.
- Utilizar indicadores adecuados para medir a desigualdade entre os países e localizar as áreas do planeta nas que se concentraron de maneira progresiva a riqueza e a pobreza.
- Coñecer as características propias do desenvolvemento e do subdesenvolvemento.
- Identificar e localizar nun mapa as comunidades autónomas do Estado español.
- Coñecer os principios fundamentais da Constitución de 1978.
- Recoñecer a estrutura institucional básica do Estado español.
- Apreciar a importancia da nosa integración en Europa.

## TEMAS TRANSVERSAIS

**Educación para a igualdade entre os sexos.** A situación das mulleres nos países ricos é mellor que nos países pobres; non obstante, aínda existen diferencias notables, tal como se aprecia no Informe que aparece neste tema. Debemos fomentar a igualdade entre os sexos e rexeitar as situacións de discriminación laboral nas que se producen inxustificadas diferencias entre homes e mulleres.

**Educación para a paz.** A análise da distribución espacial das taxas demográficas mostra unhas diferencias notables entre os países do mundo. A percepción de que hai unha relación entre nivel de desenvolvemento e índices

demográficos permítenos estimular os valores de solidariedade cos máis necesitados. Debemos ser conscientes de que as desigualdades e as inxustizas non favorecen a paz nin a convivencia.

**Educación para a paz.** O desigual comportamento demográfico do mundo actual xera tensións que son un reflexo das diferencias entre riqueza e pobreza. Debemos favorecer a solidariedade cos máis necesitados, pois, actuando con xustiza social, reduciremos tensións e propiciaremos a existencia dun mundo favorable para a convivencia harmónica entre todos.

Así mesmo neste tema debemos referirnos ás migracións como un fenómeno masivo. Hai millóns de persoas que viven fóra das fronteiras do seu país de nacemento. Por iso, é necesario fomentar actitudes de rexeitamento á intolerancia e á xenofobia.

**Educación ambiental.** Os recursos do planeta son limitados, e non os podemos utilizar arbitrariamente. Se non somos conscientes de que o medio natural sofre continuamente a nosa falta de planificación e racionalización, axiña acabaremos cunha herdanza que non nos corresponde dilapidar. O consumo moderado dos recursos ten consecuencias proveitosas en todos os países e beneficia especialmente ós que máis o necesitan.

**Educación moral e cívica.** Algúns dos contidos incluídos na unidade pretenden contribuír a que o alumnado tome conciencia das consecuencias sociais e os problemas xerados pola dinámica demográfica (envellecemento, paro, etc.).

**Educación para a paz.** Pódense fomentar tamén actitudes solidarias e de xustiza cara á marxinación (incorporación desigual da muller ó traballo en relación cos homes; situación laboral, marxinación e dificultades de integración dos inmigrantes, etc.).

**Educación para a igualdade entre sexos.** Pode tratarse este eixe abordando a relación da muller co mundo laboral, a súa menor incorporación a este en comparación co home e a maior incidencia do desemprego sobre a poboación feminina.

**Educación para o consumo.** Os contidos desenvolvidos na unidade poden utilizarse para sensibilizar ó alumnado sobre a necesidade dun consumo moderado, os problemas do esgotamento dos recursos pesqueiros e a problemática en torno ós cultivos transxénicos.

**Educación ambiental.** Relacionado co anterior, podemos insistir sobre a necesidade de non esgotar a fertilidade das terras e os recursos mariños, así como no fomento da agricultura ecolóxica e a acuicultura como alternativas.

**Educación moral y cívica.** Permite referirnos a determinadas cuestións relativas á agricultura tradicional dos países en vías de desenvolvemento e o seu contraste coa agricultura moderna e especulativa.

**Educación do consumidor.** Mentres nos países ricos se consumen máis calorías das necesarias, nos países pobres hai moitas persoas que morren de fame e de desnutrición. Debemos favorecer un consumo moderado de alimentos e facer unha mellor distribución dos recursos que non nos resultan imprescindibles.

**Educación para a igualdade e a solidariedade.** No mundo existen graves problemas de desigualdade e debemos desenvolver actitudes de solidariedade para contribuír a palialos. Os habitantes dos países máis pobres terían unha vida máis digna se dedicásemos, por exemplo, o 0,7% dos presupostos a proxectos de axuda solidaria.

**Educación para a paz.** As diferenzas entre o Norte e o Sur agréndanse e debemos tomar conciencia de que a paz futura depende da nosa actitude presente. Debemos estreitar os vínculos de solidariedade e tolerancia entre países ricos e países pobres como un medio para construír un mundo no que a paz estea garantida.

**Educación para a democracia.** A separación de poderes, o recoñecemento de dereitos e liberdades ou o pluripartidismo, son aspectos nos que podemos incidir para presentar a importancia dunha convivencia democrática.

**Educación para a igualdade entre sexos.** Podemos abordar cuestións como a igualdade de dereitos políticos entre homes e mulleres, a conquista do sufraxio feminino ou a participación da muller nos partidos políticos e institucións do Estado español.

**Educación para a convivencia.** Pode presentarse na aula a importancia dunha convivencia pacífica, fomentando actitudes de tolerancia e aceptación das diferenzas políticas e culturais entre as diversas comunidades do Estado, e o respecto cara ás diferentes ideoloxías existentes no noso país.

## METODOLOXÍA

Seguindo os principios da teoría da aprendizaxe educativa debemos ter en conta os seguintes aspectos metodolóxicos:

1. Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.
2. Asegurar a construción de aprendizaxes significativas.
3. Facer que o alumnado elabore aprendizaxes significativas por se mesmo.
4. Facer que o alumnado modifique progresivamente os seus esquemas de coñecemento.
5. Incrementar a actividade manipulativa e mental do alumnado.

Todos os principios psicopedagóxicos recollidos anteriormente están en torno a una regra básica: a necesidade de que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas funcionais. Por iso, cando nos preguntamos cómo ensinar na Educación Secundaria, se debe adoptar unha metodoloxía que asegure que as aprendizaxes dos alumnos e as alumnas sexan verdadeiramente significativas.

Asegurar unha aprendizaxe significativa supoñe asumir unha serie de condicións. Estas foron integradas nos materiais curriculares que desenvolven o Proxecto Curricular do Departamento de Xeografía e Historia e que podemos resumir nos seguintes puntos:

- a) O contido debe ser potencialmente significativo, tanto dende o punto de vista da estrutura lóxica da disciplina (ou área) coma no que concierne á estrutura psicolóxica do alumnado.
- b) O proceso de ensinanza-aprendizaxe debe conectar coas necesidades, intereses, capacidades e experiencias da vida cotidiá dos alumnos e as alumnas. Neste sentido, a información que recibe o alumno ha de ser lóxica, comprensible e útil.

- c) Deben potenciarse as relacións entre as aprendizaxes previas e novas.
- d) Os alumnos e as alumnas deben tener unha actitude favorable para aprender significativamente. Así pois, han de estar motivados para relacionar os contenidos novos con aqueles que adquiriron previamente.
- e) As interaccións de profesorado e alumnado e de alumnos con alumnos facilitan a construción de aprendizaxes significativas. Ó mesmo tempo, favorecen os procesos de socialización entre os alumnos e as alumnas.
- f) É importante que os contidos escolares se agrupen en torno a núcleos de interese para o alumnado e que se aborden en contextos de colaboración e dende ópticas con marcado carácter interdisciplinar.

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Nas unidades desta asignatura, realizarase un proceso de avaliación continua. Nas actividades evaluarase, tanto a calidade dos traballos, como o interese e a participación nela, así como a coordinación e o diálogo nos traballos realizados en grupo.

Ó comezo-lo curso faise unha avaliación inicial, consultando ós alumnos e interpretando o seu historial escolar. Ten por obxecto partir dos coñecementos que xa teñen para construí-la nova fase de aprendizaxe.

A avaliación formativa ou orientadora faise durante o proceso a aprendizaxe, observando sistemáticamente o progreso, dificultades,... do alumno en dito proceso.

A avaliación sumativa ou final faise ó remate do proceso de aprendizaxe determinando se o alumno adquiriu as capacidades requiridas e en qué grao.

Os instrumentos de avaliación a utilizar co fin de coñecer o grao de comprensión dos conceptos e procesos, son:

- A observación directa, que nos informa sobre:
  - O interese polo traballo.
  - A relación cos compañeiros.
  - A asistencia e puntualidade.
  - A participación no traballo de grupo.
  - A participación en debates e exposicións.

- A realización de síntesis mediante esquemas, resumos ou gráficos.
- O caderno de traballo que recolle tódalas actividades realizadas ó longo do curso (cos apuntes, traballo, actividades, documentos,...), infórmanos sobre:
  - A cantidade e calidade dos coñecementos adquiridos.
  - A comprensión dos mesmos.
  - A capacidade de síntese e análise.
  - A comprensión e desenvolvemento das actividades.
  - A utilización das fontes de información.
- Probas escritas e traballos individuais e en grupos.
  - Nos traballos avaliarase a calidade, exposición, coordinación, interese e participación.
  - É importante realizar ó remate de cada unidade didáctica algún repaso de actividades representativas que nos informen do grao de comprensión da unidade.
  - As probas escritas serven para que o alumno se dea conta dos seus avances e dificultades, o tempo que nos permiten detectar qué conceptos, procedementos ou actitudes deben ser reforzados.

## **SISTEMA DE CUALIFICACIÓN**

Para avaliar a asignatura de Ciencias Sociais de primeiro da ESO teñeranse en conta os seguintes criterios:

6. Faránse de catro a cinco probas escritas por avaliación. Non se poderá compensar ningunha nota inferior a 4 para superar a avaliación.
7. A ponderación dos exames na nota de avaliación será como mínimo do 85%
8. A ponderación dos traballos, cuestións e tests que se realicen durante a avaliación será como máximo do 15%

9. Ó se numéricas as notas, o redondeo realizarase en función da actitude en clase, asistencia, colaboración co grupo, puntualidade na entrega de traballos e actitudes positivas ou negativas de cara á asignatura.
10. Nos casos de non alcanza-la nota de 5 na avaliación, o alumno deberá facer un exame de recuperación ó finalizar a avaliación, os contidos da materia serán todos os impartidos en dita avaliación.

## **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

- Saídas a museos.
- Exposicións.
- Saídas a empresas.
- Centros arqueolóxicos.

## ACORDOS TOMADOS CO RESPECTO ÓS/ÁS ALUMNOS/AS CON MATERIAS PENDENTES:

1. Comunicarlle ós pais as actividades e temas que deben realizar e estudar os seus fillos ó longo do curso. As actividades de reforzo serán dadas ó principio de cada mes a cada alumno o cal, una vez feitas, deberá entregalas ó titor, ou no seu defecto, ó xefe de departamento para que sexan supervisadas polo xefe do devandito departamento.

Así mesmo, os alumnos presentáranse a dúas probas que poderán ser eliminatorias da materia pendente se acada un resultado positivo e se cumpriu coa entrega puntual das actividades propostas.

O alumno que non reúna estes requisitos ou teña algunha das probas suspensas, deberá ir á proba final que se fixará con posterioridade (mes de maio). Se non supera tampouco esta, aínda terá outra oportunidade no mes de setembro.

2. Reunir ós/ás alumnos/as co materia pendente para comunicarlles e explicarlles estas mesmas normas a seguir na súa recuperación da asignatura.

## PRINCIPIOS METODOLÓXICOS A TER EN CONTA NESTAS RECUPERACIÓNS.

1. Partir do nivel de desenvolvemento do/da alumno/a.
2. Asegurar a construción de aprendizaxes significativas.
3. Posibilitar que realicen aprendizaxes significativas por se mesmos/as. Que sexan caàces de aprender.
4. Modificar os esquemas de coñecemento que os/as alumnos/as posúan.
5. Necesidade dunha intensa actividade por parte dos/as alumnos/as.
6. Necesidade de funcionalidade na aprendizaxe (aprendizaxe relevante).



7. Necesidade de personalización da educación.
8. Necesidade de aprendizaxe cooperativa.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE PENDENTES DE 2º ESO

### Índice:

Contidos de temas transversais.  
Obxectivos xerais.  
Contidos Conceptuais Mínimos.  
Temporalización.  
Avaliación.  
Recursos didácticos e materias.

### **Contidos de temas transversais**

#### EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

*Actitude receptiva, colaboradora e tolerante nas relacións interindividuais e nas actividades en grupo.*

*Valoración positiva da existencia de diferencias interpersoais e entre grupos sociais pertencentes á nosa sociedade ou a outras sociedades ou culturas diferentes da nosa.*

*Actitude crítica fronte calquera tipo de discriminación individual ou social por razóns de raza, crenzas, sexo ou outras diferencias grupais ou persoais.*

*Interese polos mecanismos que regulan o funcionamento da nosa sociedade; especialmente, os dereitos e deberes cidadáns.*

*Análise crítica dos valores culturais da nosa sociedade.*

*Interese por coñecer e conservar o patrimonio cultural da nosa sociedade e doutras culturas.*

## EDUCACIÓN PARA A PAZ

*Respecto por opinións e crenzas das outras persoas.*

*Recoñecemento do diálogo como medio para resolver as discrepancias nas opinións así como os diversos tipos de conflitos, tanto interpersoais coma sociais.*

## OBXECTIVOS DE CIENCIAS SOCIAIS DO 2º DE E.S.O.

1. Identificar e apreciar a pluralidade das comunidades sociais ás que pertence, participando críticamente dos proxectos, valores e problemas das mesmas con plena conciencia dos seus dereitos e deberes e rexeitando as discriminacións existentes por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
2. Identificar os procesos e mecanismos básicos que rixen o funcionamento dos feitos sociais, utilizar este coñecemento para comprender as sociedades contemporáneas, analizar os problemas máis acuciantes das mesmas e formarse un xuício persoal e crítico e razoado.
3. Valorar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e individuos a súa identidade, manifestando actitudes de tolerancia e respecto por outras culturas e por opinións que non coinciden coa propias, sen renunciar por iso a un xuício crítico sobre as mesmas.
4. Identificar e analizar a diferentes escalas as interaccións que as sociedades humanas establecen co seus territorios na utilización do espazo e o aproveitamento dos recursos naturais, valorando as consecuencias de tipo económico, social, político e medio ambiental das mesmas.
5. Identificar e analizar as interrelacións que se producen entre os feitos políticos, económicos e culturais que condicionan a traxectoria histórica das sociedades humanas, así como o papel que os individuos, homes e mulleres, desempeñan nelas, asumindo que estas sociedades son o resultado de complexos e longos procesos de cambio que se reflicten no futuro.

6. Valorar e respetar o patrimonio natural, cultural, lingüístico, artístico, histórico e social, asumindo as responsabilidades que supoñe a súa conservación e mellora, apreciándoo coma fonte de disfrute e utilizándoo coma recurso para o desenvolvemento individual e colectivo.
7. Realizar tarefas en grupo e participar en discusións e debates cunha actitude constructiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as súas opinións e propostas e valorando a discrepancia e o diálogo como una vía necesaria para a solución dos problemas humanos e sociais.
8. Coñecer as principais características do medio físico da Comunidade Autónoma e a súa influencia sobre os usos humanos.
9. Describir as principais características do mundo actual desde o punto de vista humano: a diversidade de rexións desde o punto de vista cultural, racial, lingüístico, etc.; a división en estados e as súas diferentes formas de asociación e organización; a poboación e a súa distribución; os grandes desequilibrios existentes entre o Norte e o Sur.
10. Estudiar a poboación e os recursos mundiais, con especial atención a Europa, e, dentro dela, a Unión Europea.
11. Analizar a poboación e os recursos de España e da Comunidade Autónoma, con especial atención á relación de España coa Unión Europea.
12. Definir os conceptos históricos básicos (políticos, económicos, sociais e culturais) da Idade Media dentro da Europa medieval, da Península Ibérica como de Galicia.
13. Explicar os rasgos dunha época de forma multicasual, establecendo a distinción entre as causas próximas e causas anteriores no tempo, e entre estas e os motivos persoais dos actores históricos.
14. Interpretar procesos de cambio histórico, analizando os distintos ritmos de cambio duns e outros aspectos (económicos, culturais, políticos, etc.).

15. Identificar as consecuencias a curto e longo prazo dun acontecemento ou proceso histórico, facendo especial fincapé nas consecuencias da historia sobre o noso mundo.
16. Tomar conciencia dos graves problemas ecolóxicos ós que se enfrenta a vida humana sobre a Terra. Valorar o impacto dos seres humanos sobre o medio ambiente e provocar actitudes favorables á defensa do medio.
17. Rexeitar o desigual reparto de recursos do Planeta e a necesidade dun uso racional deles.
18. Recoñecer o carácter finito dos recursos do Planeta e a necesidade dun uso racional deles.
19. Rexeitar o desigual reparto de recursos entre os distintos países da Terra e solidarizarse cos menos favorecidos e desenvolvidos.
20. Interesarse polas formas de vida (economía, política, sociedade, arte, etc.) das sociedades do pasado e das actuais distintas da nosa, respetando e valorando positivamente esta diversidade histórica e cultural.
21. Valorar negativamente os prexucios sexistas, racistas, clasistas, etc. da nosa sociedade.
22. Valorar o diálogo como instrumento adecuado para resolver as discrepancias de opinión nun grupo social, valorando positivamente a existencia destas diferencias de opinión.

**CONTIDOS CONCEPTUAIS MÍNIMOS DE CIENCIAS SOCIAIS DE 2º CURSO DE E.S.O.**

## I. A sociedades humanas.

### 1. A poboación mundial.

- A distribución da densidade de poboación mundial. Factores de distribución.
- A dinámica da poboación: taxas de natalidade e mortalidade. Crecemento vexetativo.
- Desprazamentos e migracións.
- As estruturas demográficas: problemas de envellecemento da poboación.

### 2. A actividade económica das sociedades.

- Axentes económicos: recursos naturais, traballo e capital físico. Sindicatos de traballadores.
- Características da actividade económica. A economía europea, española e galega.
- O problema de esgotamento dos recursos naturais e a degradación medioambiental.
- A explotación dos recursos do mundo desenvolvido e subdesenvolvido.
- Consumo e xeración de residuos.

### 3. A organización das sociedades.

- A estrutura da sociedade. Os problemas de cambio e o conflito social.
- A sociedade española, europea e galega.. Diferencias e similitudes.
- Diversidade cultural, lingüística e relixiosa no mundo.

### 4. A organización política das sociedades.

- Estados democráticos e non democráticos.
- España, estado constitucional, social e democrático de dereito. A autonomía galega.
- A Unión Europea.

## II. A Idade Media.

## 1. A ruptura da unidade do Mediterráneo.

- O Islam. Expansión territorial.
- Cultura e Arte.

## 2. A Europa feudal.

- A sociedade feudal:nobres,clérigos e labregos.
- As relacións feudo-vasaláticas.
- A burguesía.
- Os gremios.

## 3. Europa, do século XI ó XV.

- As cruzadas (séculos XI ó XIII)
- Evolución do pensamento:dos mosteiros ás universidades.
- Artes románica e gótica.

## 5. A Península Ibérica na Idade Media: Al-Andalus.

- A expansión do Islam na Península Ibérica: Al-Andalus.
- Riscos da cultura islámica que permanecen na Península Ibérica: lingüísticos, urbanísticos, arquitectónicos, gastronómicos,...

## 6. A Península Ibérica na Idade Media: os reinos cristiáns.

- Reconquista e repoboación.
- O Reino de Galiza.
- Galiza feudal.
- Os Irmandiños.
- España punto de encontro de culturas.cristiáns, musulmáns e xudeus.
- O Camiño de Santiago.

## **Conceptos, procedementos e actitudes**

- Valoración positiva da súa propia lingua como vehículo imprescindible no desenvolvemento da identidade persoal.
- Curiosidade por saber e interese polas novas formacións, considerando o erro como estímulo e elemento informativo para avanzar na aprendizaxe.
- Participación e cooperación na realización de actividades colectivas respectando as normas de convivencia e as ideas dos demais e aceptando as responsabilidades que contraen.
- Organización, resolución e presentación adecuada do traballo realizado.
- Valoración crítica de problemas cotiáns ou presentes nos medios de comunicación, publicidade, etc.
- Participación activa na conservación e mellora do medio e do patrimonio cultural na procura dunha mellor calidade de vida.
- Adquisición de actitudes de respecto ás persoas, independentemente do seu sexo, raza, relixión, procedencia social, etc.
- Interese por coñecer sociedades e culturas diferentes, valorándoas como elementos enriquecedores da existencia colectiva da humanidade.
- Sensibilización e preocupación polo rigor e obxectividade na investigación e interpretación da información histórica.
- Valorar a importancia de situarse na época e sociedade obxecto de estudo para comprendela mellor.
- Sensibilidade ante os problemas sociais derivados das situacións de desigualdade.

## **Temporalización dos contidos de CC.SS. no 2º Curso de E.S.O.**

## A POBOACIÓN MUNDIAL

- I. A distribución da poboación no mundo.
- II. O crecemento natural da poboación.
- III. A evolución da poboación mundial.
- IV. Os movementos migratorios.

## A ACTIVIDADE ECONÓMICA DAS SOCIEDADES

- I. ¿Que é a Economía?
- II. Os axentes económicos.
- III. Problemas e retos da economía de hoxe: A globalización.

## AS ECONOMÍAS EUROPEA E ESPAÑOLA

- I. Características da economía europea.
- II. A economía española.

## AS SOCIEDADES HUMANAS

- I. A diversidade dos grupos humanos.
- II. Estabilidade e cambio social.
- III. As sociedades modernas.

## AS SOCIEDADES EUROPEA E ESPAÑOLA

- I. A diversidade dos pobos europeos.
- II. Características da sociedade europea.
- III. A sociedade española.

## ORGANIZACIÓN POLÍTICA DAS SOCIEDADES

- I. Estados democráticos e dictaduras.
- II. A organización do Estado.

## EUROPA E ESPAÑA



- I. A Unión Europea.
- II. A organización do Estado español.

## POBOACIÓN, ECONOMÍA E SOCIEDADE DE GALICIA

- I. A poboación galega.
- II. Recursos económicos .
- III. A economía galega.
- IV. A sociedade galega.
- V. A organización política de Galicia.

## O ISLAM

- I. O nacemento do Islam.
- II. A expansión do Islam.
- III. A cultura e a arte.

## EUROPA FEUDAL

- I. O feudalismo.
- II. As clases sociais: o clero, a nobreza e os campeciños.
- III. As cruzadas.
- IV. A arte románica.
- V. Artesáns e comerciantes. As cidades.
- VI. A arte gótica.

## A PENÍNSULA IBÉRICA: AL-ANDALUS

- I. O esplendor andalusí.
- II. A sociedade e a cultura.
- III. A arte andalusí.

## FORMACIÓN DOS REINOS CRISTIÁNS NA PENÍNSULA

- I. Os avances da Reconquista.
- II. Galicia na época musulmana.
- III. O Camiño de Santiago.

## Avaliación

### Criterios Mínimos de Avaliación

1. Explicar a organización político-administrativa de Galicia, España e da Unión Europea.
2. Planificar e interpretar pequenas investigacións de tipo descritivo sobre algún tema local ou mundial, mediante a información conseguida de forma directa (prensa, televisión,etc) xunto á información completamente habitual, comunicando os resultados de forma intelixible.
3. Contextualizar as orixes do Islam, identificar os seus preceptos básicos e analizar as diferentes causas da súa grande expansión trala morte de Mahoma.
4. Indicar a composición e os trazos distintivos dos distintos estamentos da sociedade medieval (modo de vida, nivel de riqueza, actividades económicas,etc).
5. Coñecer e tentar de entender os pactos de fidelidade e vasalaxe que establecían os diferentes grupos sociais que integraban o sistema feudal.
6. Valorar a importancia da Igrexa na Idade Media.
7. Entender as causas da Reconquista.
8. Valorar a importancia do Camiño de Santiago na Idade Media como elemento revitalizador da economía e como vía de penetración das ideas e dos estilos artísticos.
9. Analizar as causas do renacer cultural das cidades no século XIII.
10. Recoñecer e comparar os trazos artísticos da arte románica e da arte gótica nas súas manifestacións: arquitectura, escultura e pintura.
11. Identificar os edificios e monumentos máis emblemáticos de Al-Andalus.
12. Coñecer as características singulares de distintos pobos e culturas, argumentando as opinións persoais de forma coherente e mostrando actitudes tolerantes e respectuosas caras ás formas de pensar distintas da propia.
13. Identificar os factores que condicionan a distribución da poboación na superficie da terra (clima,abundancia de recursos,etc.) ; e localizar no mapa os focos principais e secundarios de poboación.
14. Entender os conceptos de natalidade, mortalidade, taxa de crecemento vexetativo, densidade de poboación,esperanza de vida ó nacer.

15. Comparar os reximenes demográficos dos países desenvolvidos e dos países subdesenvolvidos.
16. Comprender as causas dos movementos migratorios a escala estatal, europea e internacional.
17. Reflexionar sobre as consecuencias que xeran os movementos migratorios nos territorios emisores e receptores de inmigrantes, valorando a creación de políticas migratorias que favorezan a integración.
18. Comprender e establecer as principais diferencias entre as grandes áreas desenvolvidas da Terra e os países do Terceiro Mundo.
19. Comprender os termos capitalismo, socialismo, economía de mercado. Saber en que consiste a globalización e os problemas que presenta.
20. Comprender e diferenciar os conceptos de Estado e Goberno, e recoñecer os principios democráticos diferenciándoos daqueles que non o son.
21. Analizar as causas da pobreza que padecen os países do Terceiro Mundo.
22. Elaborar informes sobre algunha cuestión relevante de actualidade que sexa de interese xeral (marxinación, desigualdade, globalización, etc.) fundamentando as súas opinións axeitadamente, mantendo actitudes abertas e tolerantes e respectando a diversidade de opinións.

### **Instrumentos de Avaliación**

1. Fichas de reforzo.
2. Reunións mensuais cos alumnos para falar da súa traxectoria dentro da materia.
3. Pequenos traballos ou informes individuais por escrito.
4. Asistencia as horas de recuperación que serán fixadas pola dirección en horario de tarde, donde lle se darán pautas a seguir para un mellor aproveitamento da materia que debe superar coa supervisión do profesor que lle axuda na recuperación da devandita materia.

### **Sistema de Avaliación**

Dúas probas durante o curso académico, probas eliminatorias se son superadas durante a o devandito curso. De no seren así, poderán presentarse a unha proba final que terá lugar no mes de maio ou no mes de setembro, se tamén suspende esta última.

Se seguirán as mesmas pautas recollidas no apartado de Avaliación de 3º da ESO.

## **Metodoloxía**

Reunións periódicas cos alumnos para complementar as súas actividades e estudo dos temas por parte deles para intentar a consecución dunha construción conceptual, procedemental e actitudinal axeitada a súa evolución.

## **Recursos didácticos e materiais**

- . O seu libro de Texto: Cabo FISTERRA, 2º Ciencias Sociais. Ed. Vicens Vives.
- . Para os de PENDENTES: O seu libro de Texto: Proxecto Xenit, 2º Ciencias Sociais. Ed. SM.
- . TIC
- . Xornais e Revistas.
- . Programa “Prensa –Escuela” de La Voz de Galicia.
- . Mapas, Atlas e esferas.
- . Biblioteca do centro.

**DEPARTAMENTO DE GEOGRAFÍA E  
HISTORIA**

**GEOGRAFÍA E HISTORIA**

**3º DE ESO**

**CIENCIAS SOCIAIS**

**TERCEIRO CURSO**

**CURSO: 2008 – 2009**

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE 3º DE ESO.....

**1. COMPETENCIAS BÁSICAS: CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.**

2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
3. OBXECTIVOS XERAIS DO TERCEIRO CURSO
4. COMPETENCIAS BÁSICAS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA
5. OBXECTIVOS DO TERCEIRO CURSO
6. SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS DO TERCEIRO CURSO
7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN
8. PROGRAMACIÓN DE PENDENTES DE 3º DE ESO
9. CONTIDOS MÍNIMOS DE 3º DE ESO
10. TEMPORIZACIÓN
11. CONTIDOS DOS TEMAS TRANSVERSAIS
12. CRITERIOS DE AVALIACIÓN
13. METODOLOXÍA
14. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

## COMPETENCIAS BÁSICAS

### CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS: TERCEIRO CURSO

#### 1. Competencia social e cidadá

- Coñecer os axentes e institucións básicas que interveñen na economía de mercado.
- Entender as mudanzas que se están a producir nas relacións económicas e sociais a escala mundial.
- Analizar as causas e as consecuencias das tendencias migratorias predominantes no mundo actual.
- Expresar as propias opinións de forma asertiva.
- escoitar activamente e mostrar unha actitude favorable ao diálogo e ao traballo cooperativo.
- Reflexionar de forma crítica sobre algúns problemas sociais como a existencia de colectivos desfavorecidos.

#### 2. Coñecemento e a interacción co mundo físico

- Identificar e localizar no mapa os principais ámbitos xeopolíticos, económicos e culturais do mundo.
- Recoñecer os trazos físicos e humanos básicos do territorio español e da Unión Europea.
- Recoñecer os desequilibrios territoriais na distribución dos recursos e explicar as súas consecuencias.
- Tomar conciencia dos problemas que a explotación do espazo pode xerar no medio.
- Suxerir actuacións e políticas concretas que contribúan ao desenvolvemento sostible.

#### 3. Competencia cultural e artística

- Desenvolver a sensibilidade para gozar con distintas expresións do patrimonio natural e cultural.
- Interesarse pola conservación do patrimonio cultural.

#### 4. Tratamento da información e competencia dixital

- Obter información a través de varios tipos de fontes: documentos visuais, cartográficos, etc.
- Analizar os datos numéricos e mais os indicadores socioeconómicos de táboas e diagramas.
- Relacionar, procesar e sintetizar a información procedente de fontes diversas: gráficos, bocexos, mapas temáticos, bases de datos, imaxes e fontes escritas.
- Comunicar as conclusións de forma organizada empregando as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.

#### 5. Competencia en comunicación lingüística

- Saber expresar as propias ideas e emocións, oralmente e por escrito, utilizando a terminoloxía máis axeitada en cada caso.
- Interpretar textos de tipoloxía diversa, linguaxes icónicas, simbólicas e de representación.
- Utilizar diferentes variantes do discurso, nomeadamente a descrición e a argumentación.
- escoitar as opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico, respectando as normas que rexen o diálogo e a intervención en grupo.

### **6. Competencia matemática**

- Extraer, analizar e comprender a información numérica de táboas, listaxes, gráficos e diagramas.
- Facer cálculos matemáticos sinxelos para comparar fenómenos de carácter social e/ou xeográfico.

### **7. Competencia para aprender a aprender**

- Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.
- Aplicar razoamentos de distinto tipo e procurar explicacións multicausais para comprender os fenómenos sociais e avaliar as súas consecuencias.
- Anticipar posibles escenarios e consecuencias futuras das accións individuais e/ou sociais.
- Comprender as actividades presentadas e planificar a estratexia máis axeitada para resolvelas.
- Comunicar e expresar de forma efectiva os resultados do propio traballo, argumentando de forma coherente as opinións persoais.

### **8. Autonomía e iniciativa persoal**

- Planificar a secuencia de tarefas para realizar un traballo de investigación ou de busca de información.
- Saber argumentar de forma lóxica e coherente as explicacións dos conceptos e fenómenos estudados.
- Tomar decisións e saber escoller o xeito máis axeitado para recuperar e presentar a información.
- Facer un seguimento das aprendizaxes realizadas para tomar conciencia do que se aprendeu e mais do que falta por aprender.

## **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

No Proxecto Curricular Fisterra -VICENS VIVES- reparouse no tratamento da diversidade do alumnado polo que fai aos diferentes ritmos de aprendizaxe que desenvolve cada alumna ou alumno na aula.

Partiuse da concepción global de que cada profesor ou profesora ten que orientar a súa intervención en función da diversidade de formas de aprendizaxe que poidan darse entre as alumnas e os alumnos.

En cada libro do Proxecto Curricular Fisterra -VICENS VIVES- inclúese un conxunto de Actividades de Reforzo e de Ampliación en función do nivel, que teñen por obxectivo ofrecer, precisamente, os recursos básicos para que cada profesor ou profesora poida desenvolver diferentes estratexias de ensinanza e facilitar así que todos os alumnos e alumnas poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das competencias básicas e os obxectivos da etapa.

## **OBXECTIVOS XERAIS DO TERCEIRO CURSO**



## Programación Departamento de Xeografía e Historia

1. Aprender a se relacionar cos demais e a participar en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, valorando criticamente as diferenzas e rexeitando os prexuízos sociais, así como calquera xeito de discriminación baseada en diferenzas de raza, sexo, crenzas ou clase social.
2. Asimilar hábitos e estratexias de traballo autónomo e en equipo que favorezan a aprendizaxe e o desenvolvemento intelectual del alumnado.
3. Valorar positivamente as diferenzas entre individuos rexeitando os prexuízos sociais e calquera xeito de discriminación baseada en diferenzas de raza, sexo, crenzas ou clase social.
4. Establecer relacións afectivas con persoas de distintas idades e sexo, superando calquera tipo de discriminación baseado nas características persoais e sociais.
5. Aprender a xestionar a información (busca, escolla e tratamento de datos), interpretala e valorala de forma crítica; e a transmitirla aos demais de maneira organizada e intelixible.
6. Utilizar as novas tecnoloxías da información e da comunicación para a xestión e mais a análise de datos, e a presentación de traballos e informes.
7. Utilizar estratexias de identificación e resolución de problemas en diferentes eidos de coñecemento, mediante a aplicación do razoamento lóxico, a formulación e o contraste de hipóteses.
8. Coñecer e valorar criticamente o desenvolvemento científico e tecnolóxico que tivo lugar ao longo da historia nos diversos campos do saber.
9. Adquirir coñecementos básicos sobre as leis e mecanismos que rexen o funcionamento da natureza
10. Coñecerse cada vez máis a si mesmo cunha imaxe positiva, exercer unha crecente autonomía persoal na aprendizaxe, buscando un equilibrio das distintas capacidades físicas, intelectuais e emocionais, con actitude positiva cara ao esforzo e a superación das dificultades.
11. Comprender e producir mensaxes orais e escritas para se comunicar e organizar o pensamento, reflexionar sobre os procesos implicados no emprego da linguaxe; e recoñecer as particularidades das distintas linguas que se falan en España.
12. Iniciarse na análise e interpretación de textos literarios relacionándoos coa súa correspondente corrente e xénero literarios.
13. Adquirir unha destreza comunicativa funcional na lingua ou linguas obxecto de estudo.
14. Comprender a necesidade de coñecer, protexer e conservar a xeografía e o patrimonio artístico, cultural e lingüístico de España e do mundo, entendendo a diversidade lingüística e cultural como un dereito indiscutible dos pobos e dos individuos.
15. Valorar positivamente a diversidade cultural e lingüística existente en España e en Galicia.
16. Comprender os aspectos básicos do funcionamento do corpo humano e desenvolver actitudes e hábitos positivos cara á conservación e prevención da saúde individual e colectiva (levar unha vida sa cun exercicio físico periódico, unha hixiene esmerada, unha alimentación equilibrada...).
17. Desenvolver hábitos e actitudes que favorezan o propio desenvolvemento individual e a conservación do medio.
18. Saber interpretar, valorar e producir mensaxes que utilicen diversos códigos artísticos, científicos e técnicos co fin de enriquecer as posibilidades de comprensión e expresión de xeito preciso, creativo e comunicativo.
19. Coñecer as particularidades do patrimonio natural, cultural, histórico-artístico e lingüístico de Galicia e valorar a necesidade de participar de forma activa na súa protección e conservación para asegurar a súa sostibilidade e o seu traspaso ás xeracións vindeiras.
20. Comprender a importancia do coñecemento do galego como parte da nosa identidade colectiva e individual.

## COMPETENCIAS BÁSICAS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Estas materias unen ao carácter instrutivo o contextualizador, axudando centrar unha información dentro dunha perspectiva social.

A área de ciencias sociais resulta fundamental para o desenvolvemento da competencia social e cidadá, posto que facilita as relacións dentro dun modelo de sociedade cada vez máis plural, e así mesmo a comprensión da realidade social.

É ben coñecido o papel que as ciencias sociais xogaron na conformación das identidades sociais e territoriais. Na medida en que constrúen as categorías de tempo e espazo social permiten a construción de tempo e espazo persoal no alumnado. Pero, para que estas categorías se traduzan no desenvolvemento dunha competencia social democrática e posibiliten unha interacción responsable co medio, teñen que incorporar a visión de que o mundo en que vivimos é froito das decisións que tomaron os nosos antepasados máis ou menos libremente. Esta visión permitiralle ao alumnado adquirir a conciencia de que o futuro está condicionado polas nosas decisións e actuacións, e adoptar, polo tanto, unha posición comprometida e responsable ante este.

O desenvolvemento desta competencia require ademais o tratamento destes contidos desde unhas metodoloxías participativas, interactivas e dialóxicas, que propicien habilidades para participar na vida cívica, para asumir os valores democráticos e para o cumprimento dos deberes.

Na competencia sobre coñecemento e interacción co mundo físico, as contribucións son relevantes e permiten relacións interdisciplinares. Interactuar co mundo físico, tanto no que ten de espazo natural como na medida en que o transforma a acción humana, é un aspecto esencial no coñecemento social, en canto permite comprender mellor o que sucede, as consecuencias dun proceso determinado e as condicións de vida de homes e mulleres, que son os sucesos dos asuntos sociais.

Contribúese á adquisición desta competencia na medida en que se asegure que a dimensión espacial impregna a aprendizaxe dos contidos xeográficos, adquirindo particular importancia o desenvolvemento de procedementos de orientación, localización, observación e interpretación de espazos, paisaxes e a súa representación cartográfica.

Permite, ademais, analizar a acción humana na utilización do espazo e os seus recursos, e non só os problemas que isto xera, senón tamén as accións que pode arbitrar de xeito responsable para asegurar a protección do ambiente.

A competencia cultural e artística supón apreciar, comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas materiais e inmateriais, utilízalas para o enriquecemento persoal e estímolas como elementos do patrimonio cultural de que dispoñemos e que resulta necesario preservar.

A contribución da área concrétese facilitando a selección e coñecemento de obras de arte relevantes, ben polo seu significado na caracterización de estilos e artistas.

No mundo actual é innegable a importancia que ten a competencia no tratamento da información e competencia dixital para a comprensión dos fenómenos sociais e históricos. Poder contar con certas habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. As TIC resultan imprescindibles na sociedade da información na que vivimos, aumentan as posibilidades de comunicación e axilizan os intercambios, mesmo poden propiciar formas de traballo cooperativo que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos, que son precisamente os que interesa coñecer desde esta área.

En todo caso, debe insistirse en que a información é preciso saber utilízala, xa que por si mesma non produce unha forma axeitada de coñecemento. Por iso, é necesario comprendela e integrala nos esquemas previos de coñecemento e, así mesmo, capacitarse para a transmisión desta información do xeito máis eficaz posible.

Na medida en que a linguaxe é un vehículo imprescindible de comunicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe, a competencia en comunicación lingüística resulta imprescindible. A lingua é o principal instrumento para organizar o pensamento, para aprender e para explicar. Co discurso é posible describir, narrar, disertar e argumentar, e así mesmo, adquirir un vocabulario preciso e específico das ciencias

sociais que deberá asumir o alumnado, como tamén a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente.

Esta competencia implica o dominio das habilidades de ler e escribir diferentes tipos de textos cada vez máis complexos e que resultan fundamentais como elementos de información social e histórica. Trátase de ser capaces de expoñer clara e sistematicamente as ideas, argumentando con rigor e precisión.

A competencia para aprender a aprender supón iniciarse na aprendizaxe e continualo dun xeito autónomo. Do que se trata é de ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe e de atopar repostas que se correspondan cun coñecemento racional, asumindo que poden ser diversas e que é posible atopalas desde distintas perspectivas metodolóxicas.

Para asumir esta competencia é preciso tamén coñecer o que se sabe e o que queda por aprender, orientando os procesos de aprendizaxe ata as nosas capacidades. Noutras palabras, trátase de coñecer as propias potencialidades e as propias carencias.

### **OBXECTIVOS DO TERCEIRO CURSO**

1. Recoñecer os mecanismos esenciais que rexen o funcionamento dos feitos sociais e económicos dentro da estrutura da nosa sociedade e, deste xeito, comprender a pluralidade de causas que explican a evolución das sociedades actuais.
2. Sensibilizarse cos principais problemas do mundo actual (o desigual acceso aos recursos, a globalización, os conflitos políticos, etc.) entendéndoos como unha problemática en que todos estamos somerxidos e da que todos somos responsables.
3. Reflexionar sobre as repercusións da intervención humana no medio físico tendo en conta os problemas ecolóxicos que nos son máis próximos (sobreexplotación dos recursos, deforestación, contaminación, etc.).
4. Identificar os axentes responsables da sobreexplotación da auga, a contaminación atmosférica e mais a deforestación; e analizar os factores que explican o desenvolvemento da conciencia ecolóxica.
5. Defender as políticas orientadas a promover o desenvolvemento sostible e actuar de acordo coas po-sibilidades de cada individuo para contribuír á protección e mellora do medio.
6. Identificar os axentes e as institucións básicas que interveñen na economía de mercado, así coma os factores necesarios para producir bens ou servizos.
7. Comprender as características do mercado laboral e reflexionar sobre os cambios que se produciron na organización do traballo como consecuencia da globalización económica.
8. Coñecer os distintos tipos de agricultura que se practican no mundo e as paisaxes típicas de cada zona mediante a observación e a análise de bosquexos, mapas e fotografías.
9. Explicar as características dos distintos tipos de gandaría e analizar a súa distribución xeográfica coa axuda de fontes cartográficas.

10. Recoñecer as distintas técnicas de pesca que se utilizaron ao longo da historia, identificar as principais zonas pesqueiras do mundo e reflexionar sobre os problemas que atravesara o sector pequeiro na actualidade.
11. Localizar os países produtores de materias primas e de fontes de enerxía; e analizar as relacións de intercambio que se establecen entre eles segundo o seu nivel de desenvolvemento.
12. Concienciarse da limitación dos recursos naturais e da necesidade de adoptar medidas de aforro enerxético como o uso dos recursos renovables.
13. Comprender e identificar as novas necesidades sociais que se produciron a partir da revolución industrial e o xeito en como inflúen na organización das paisaxes rurais e urbanas.
14. Coñecer os elementos do proceso industrial e a división técnica e social do traballo que ten lugar na industria, dedicándolle unha atención especial aos cambios que se produciron recentemente como consecuencia da globalización económica.
15. Identificar os distintos tipos de industrias e de empresas industriais; e os factores que determinan a localización da industria no mundo.
16. Clasificar as actividades terciarias, recoñecer as súas principais características e analizar o desenvolvemento que experimentou o sector terciario na actualidade.
17. Comprender as causas do desenvolvemento do turismo e analizar a situación actual do turismo na Comunidade de Galicia e en España, facendo especial fincapé nas características do turismo do litoral mediterráneo español e nos recursos patrimoniais do noso territorio.
18. Coñecer as características das redes de transportes (terrestre, marítimo e aéreo) e establecer a súa relación coas actividades económicas e cos centros de consumo máis importantes para comprender mellor os desequilibrios e contrastes que existen entre unhas rexións e outras.
19. Relacionar a expansión do sector terciario co acceso á sociedade do benestar e comparar os indicadores económicos e sociais dos países ricos e dos países pobres.
20. Identificar as distintas áreas xeopolíticas, económicas e culturais do mundo; analizar os fluxos comerciais e os principais problemas de desequilibrio socioeconómico existentes entre elas.
21. Coñecer os elementos que interveñen no comercio, os mecanismos que posibilitan o desenvolvemento do comercio internacional e as características das fronteiras, salientando os factores que xeran os desequilibrios comerciais.
22. Identificar os principais sectores produtivos da economía galega e española (agricultura, ganadería, industrias de diversos tipos, servizos...), analizar a súa interrelación e distribución no territorio.
23. Comprender as causas e as consecuencias da globalización económica.
24. Valorar o impacto das novas tecnoloxías da información e a comunicación no acceso á información, o fluxo de capitais e o comercio mundial.
25. Comprender os problemas derivados do desigual acceso á riqueza no mundo (fame, baixo nivel educativo, desequilibrios demográficos, etc.); e reflexionar sobre a actuación dos organismos que tratan de loitar contra a pobreza.
26. Coñecer a distribución da poboación mundial no territorio, tendo en conta os factores xeográficos e históricos que explican as diferenzas rexionais.
27. Comparar o modelo demográfico dos países desenvolvidos e dos países do Terceiro Mundo mediante a interpretación de series estatísticas e de gráficos de poboación e reflexionar sobre os factores que explican as diferenzas entre ambos.
28. Recoñecer as distintas fases na evolución da poboación española, desde o século XIX até a actualidade, a partir da interpretación de gráficas e datos demográficos.
29. Valorar as causas e as consecuencias do fenómeno migratorio, facendo especial fincapé na evolución histórica das migracións en España e na Comunidade de Galicia.

30. Coñecer a organización do territorio e os desequilibrios espaciais que existen no mundo, en España e na Comunidade de Galicia; e recoñecer as transformacións que tiveron lugar nas cidades dos países occidentais como consecuencia da globalización da economía.
31. Identificar os principais elementos da trama urbana e recoñecer a especialización do uso do solo nas cidades actuais como manifestación da diferenciación de funcións e da xerarquización social do espazo urbano.
32. Recoñecer os problemas das grandes cidades (desigualdades sociais, contaminación, etc.) e propor medidas para xestionar o seu funcionamento.
33. Coñecer e comparar entre si diferentes tipos de réximes políticos, incidindo nas características dos Estados democráticos.
34. Identificar as transformacións que experimentou o Estado tradicional como consecuencia da globalización da economía e o emprego das novas tecnoloxías da información.
35. Valorar as relacións de cooperación internacional entre Estado e recoñecer as funcións das principais organizacións supranacionais e das organizacións non gubernamentais.
36. Coñecer as distintas fases no proceso de construción da Unión Europea e identificar a composición, as funcións e a capacidade de decisión das súas distintas institucións.
37. Comprender as bases da política económica rexional creada pola Unión Europea para corrixir os desequilibrios entre os países membros; e reflexionar sobre a repercusión destas políticas na economía española e na economía galega.
38. Coñecer a división político-administrativa do territorio español en comunidades autónomas, pro-vincias e municipios.
39. Explicar as funcións e a composición das institucións que gobernan no Estado español e na Comunidade de Galicia; e os principios que se establecen na Constitución e nos estatutos de autonomía para guiar a política económica e social do país.
40. Coñecer os distintos mecanismos de participación dos cidadáns e as cidadás españois no exercicio do poder estatal e autonómico; e identificar os partidos políticos máis importantes de España e da Comunidade de Galicia.
41. Reflexionar sobre as transformacións nas formas de traballo e de vida que experimentou a sociedade española nas últimas décadas, facendo especial fincapé na incorporación da muller ao mundo laboral.
42. Valorar a diversidade cultural no mundo, en España e na Comunidade de Galicia e ser respectuosos coas actitudes, crenzas e formas de vida de persoas ou grupos que pertencen a sociedades ou culturas diferentes á propia.
43. Comunicar as respostas e as conclusións persoais utilizando o vocabulario específico da área con precisión e rigor.
44. Recoñecer as peculiaridades do coñecemento científico sobre os asuntos sociais, e valorar o rigor e a obxectividade na procura de información, a organización dos datos e a resolución de diversos problemas.
45. Utilizar as novas tecnoloxías da información e a comunicación para a procura, a xestión e o tratamento da información.
46. Obter e relacionar información de fontes de diverso tipo, e saber manexar e interpretar diversos instrumentos de traballo xeográfico como as gráficas, as representacións cartográficas, as series estatísticas, etc.
47. Realizar tarefas en grupo e participar en debates cunha actitude crítica e construtiva, respectando as normas que rexen o diálogo e a intervención en grupo.
48. Apreciar os dereitos e liberdades das persoas como un logro irrenunciable da humanidade, denunciar as actitudes discriminatorias e inxustas e mostrarse solidario con quen estea privado dos seus dereitos ou dos recursos económicos necesarios.

## SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS DO TERCEIRO CURSO

### I. O MARCO FÍSICO

#### TEMA 1. O RELEVO MARCO FÍSICO DAS ACTIVIDADES HUMANAS

##### *O RELEVO TERRESTRE*

1. AS GRANDES UNIDADES DO RELEVO TERRESTRE
2. EUROPA: O RELEVO E OS RÍOS
3. AS COSTAS DE EUROPA
4. O RELEVO DE ESPAÑA
5. COSTAS E RÍOS DE ESPAÑA
6. O RELEVO INSULAR

Practica competencias básicas

#### TEMA 2. AS PAISAXES DA TERRA

1. AS PAISAXES DO MUNDO
2. AS PAISAXES DE EUROPA
3. AS PAISAXES DE ESPAÑA
4. AS PAISAXES DA ESPAÑA OCEÁNICA OU ATLÁNTICA
5. AS PAISAXES DA ESPAÑA INTERIOR
6. AS PAISAXES DA ESPAÑA MEDITERRÁNEA
7. AS PAISAXES DE ALTA MONTAÑA.
8. PAISAXES DE CANARIAS

Practica competencias básicas

### II. ACTIVIDADE ECONÓMICA E ESPAZO XEOGRÁFICO

#### TEMA 3. A ORGANIZACIÓN ECONÓMICA DAS SOCIEDADES

1. O FUNCIONAMIENTO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA
2. OS FACTORES DA PRODUCCIÓN
3. A ECONOMÍA DE MERCADO
4. OS AXENTES ECONÓMICOS
5. O MERCADO LABORAL

Practica competencias básicas

#### TEMA 4. A AGRICULTURA, A GANDARÍA E A PESCA

1. O SECTOR PRIMARIO. AS ACTIVIDADES AGRARIAS
2. AS PAISAXES AGRARIAS
3. A AGRICULTURA DE SUBSISTENCIA
4. A AGRICULTURA DE MERCADO
5. A GANDARÍA NO MUNDO
6. A PESCA. TIPOS DE PESCA

## Programación Departamento de Xeografía e Historia

7. ONDE SE PESCA?

8. OS PROBLEMAS DA PESCA

Practica competencias básicas

### **TEMA 5. A INDUSTRIA E A ENERXÍA**

1. AS MATERIAS PRIMAS

2. AS FONTES DE ENERXÍA TRADICIONAIS

3. LOCALIZACIÓN DAS FONTES DE ENERXÍA TRADICIONAIS

4. AS FONTES DE ENERXÍA ALTERNATIVAS

5. A INDUSTRIA

6. CLASIFICACIÓN DAS INDUSTRIAS. A EMPRESA INDUSTRIAL

7. O PROCESO E O TRABALLO INDUSTRIAL

8. LOCALIZACIÓN DA INDUSTRIA NO MUNDO

Practica competencias básicas

### **TEMA 6. OS SERVIZOS. O DESENVOLVEMENTO DO TURISMO**

1. AS ACTIVIDADES TERCARIAS

2. O SECTOR TERCARIO NO MARCO DE HOXE

3. UN EXEMPLO DE SERVIZO SOCIAL BÁSICO: A SANIDADE

4. O TURISMO

5. OS EFECTOS DO TURISMO

Practica competencias básicas

### **TEMA 7. OS SERVIZOS. O COMERCIO E OS TRANSPORTES**

1. A ACTIVIDADE COMERCIAL

2. O COMERCIO INTERNACIONAL ACTUAL

3. FLUXOS E BLOQUES COMERCIAIS

4. A FUNCIÓN DOS TRANSPORTES

5. REDES E TRANSPORTES TERRESTRES

6. TRANSPORTES AÉREO E MARÍTIMO

Practica competencias básicas

### **TEMA 8. A ECONOMÍA ESPAÑOLA**

1. A AGRICULTURA E A GANDARÍA EN ESPAÑA

2. AS PAISAXES AGRARIAS EN ESPAÑA

3. A PESCA EN ESPAÑA

4. ENERGÍA E MINARÍA EN ESPAÑA

5. AS ACTIVIDADES INDUSTRIAIS EN ESPAÑA

6. COMERCIO, TRANSPORTES E COMUNICACIÓNS EN ESPAÑA

7. O TURISMO EN ESPAÑA

INFORME: O turismo no litoral mediterráneo español

Practica competencias básicas

### **TEMA 9. A ECONOMÍA GALEGA**

## Programación Departamento de Xeografía e Historia

1. A AGRICULTURA E A GANDARÍA EN GALICIA
2. A PESCA EN GALICIA
3. ENERGÍA E MINARÍA EN GALICIA
4. AS ACTIVIDADES INDUSTRIAIS EN GALICIA
5. COMERCIO, TRANSPORTES E COMUNICACIÓNS EN GALICIA
6. O TURISMO EN ESPAÑA

Practica competencias básicas

### **III. ORGANIZACIÓN POLÍTICA E ESPAZO XEOGRÁFICO**

#### **TEMA 10. A ORGANIZACIÓN POLÍTICA DAS SOCIEDADES**

1. O ESTADO COMO ORGANIZACIÓN POLÍTICA DA SOCIEDADE
2. O EXERCICIO DO PODER. A DEMOCRACIA
3. ESTADOS DEMOCRÁTICOS E NON DEMOCRÁTICOS

*COÑEZO O MAPA POLÍTICO DO MUNDO*

4. O ESTADO: ENTRE A GLOBALIZACIÓN E A REXIONALIZACIÓN
5. TRATADOS, DECLARACIÓNS E ORGANIZACIÓNS INTERNACIONAIS
6. AS ORGANIZACIÓNS NON GOBERNAMENTAIS (ONG)
7. ÁMBITOS CULTURAI NO MUNDO

Practica competencias básicas

#### **TEMA 11. A UNIÓN EUROPEA**

1. O PROCESO DE CREACIÓN DA UNIÓN EUROPEA
2. A UNIÓN EUROPEA
3. AS INSTITUCIÓNS DA UNIÓN EUROPEA
4. A POLÍTICA AGRARIA E PESQUEIRA DA UNIÓN EUROPEA
5. OS GRANDES EIXES INDUSTRIAIS DA UNIÓN EUROPEA
6. OS SERVIZOS, O COMERCIO E AS COMUNICACIÓNS NA UNIÓN EUROPEA
7. ESPAÑA NA UNIÓN EUROPEA

Practica competencias básicas

#### **TEMA 12. ORGANIZACIÓN POLÍTICA E TERRITORIAL DE ESPAÑA**

1. ESPAÑA É UNHA MONARQUÍA PARLAMENTARIA
2. A ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DE ESPAÑA
3. O ESTADO DAS AUTONOMÍAS
4. A SOCIEDADE ESPAÑOLA

Practica competencias básicas

### **IV. TRANSFORMACIÓNS E DESEQUILIBRIOS NO MUNDO ACTUAL**

#### **TEMA 13. A GLOBALIZACIÓN: CARA A UN SISTEMA MUNDIAL**

1. UN SISTEMA MUNDIAL



## Programación Departamento de Xeografía e Historia

2. A GLOBALIZACIÓN NA FORMA DE VIVIR
3. TECNOLOXÍA, COMUNICACIÓN E GLOBALIZACIÓN
4. GLOBALIZACIÓN E DESIGUALDADE (I)
5. GLOBALIZACIÓN E DESIGUALDADE (II)
6. CAUSAS DA DESIGUALDADE NUN MUNDO GLOBALIZADO

Practica competencias básicas

### **TEMA 14. A GLOBALIZACIÓN: A ORGANIZACIÓN DO ESPAZO URBANO**

1. A GLOBALIZACIÓN E O ESPAZO URBANO
2. DESIGUALDADES TERRITORIAIS E SOCIAIS
3. A CIDADE DIFUSA
4. OS NOVOS ESPAZOS
5. OS PROBLEMAS AMBIENTAIS DAS CIDADES

Practica competencias básicas

### **TEMA 15. A GLOBALIZACIÓN: OS FENÓMENOS MIGRATORIOS**

*CONCEPTOS BÁSICOS DA POBOACIÓN*

1. AS MIGRACIÓNS NA ACTUALIDADE
2. AS RUTAS DAS MIGRACIÓNS
3. OS EFECTOS DAS MIGRACIÓNS
4. AS MIGRACIÓNS EN ESPAÑA
5. A INMIGRACIÓN ACTUAL EN ESPAÑA E AS SÚAS CONSECUCIAS

Practica competencias básicas

### **TEMA 16. NATUREZA E SOCIEDADE: HARMONÍAS, CRISES E IMPACTOS**

1. AS RELACIÓNS ENTRE NATUREZA E SOCIEDADE
2. O GOCE DESIGUAL DOS RECURSOS DO PLANETA
3. OS IMPACTOS AMBIENTAIS: A AUGA
4. OS IMPACTOS AMBIENTAIS: O AIRE E A VEXETACIÓN
5. A XESTIÓN DOS RESIDUOS E O DESENVOLVEMENTO SOSTENIBLE

Practica competencias básicas

## GLOSARIO

ATLAS DE ESPAÑA, DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS E DO MUNDO

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO TERCEIRO CURSO

1. Identificar os principais axentes e institucións económicas así como as funcións que desempeñan no marco dunha economía cada vez máis interdependente, e aplicar este coñecemento á análise e valoración crítica dalgúns realidades actuais.
2. Caracterizar os principais sistemas de explotación agraria e pesqueira existentes no mundo, e as paisaxes a que dan lugar, localizando algúns exemplos representativos destes, e utilizar esa caracterización para analizar algúns problemas do campo e da pesca españois e galegos, identificando as súas orixes históricas..
3. Comprender e describir as transformacións que nos campos das tecnoloxías, da organización empresarial e da localización se están producindo nas actividades, espazos e paisaxes industriais, localizando e caracterizando os principais centros de produción no mundo, España e Galicia, e analizando as relacións de intercambio desigual.
4. Identificar o desenvolvemento e a transformación recente das actividades terciarias, para entender os cambios que se están producindo tanto nas relacións económicas como sociais, e analizar as súas diversas repercusións espaciais, en particular no ámbito galego.
5. Describir algún caso, con preferencia do ámbito galego, que mostre as consecuencias ambientais das actividades económicas e os comportamentos individuais e colectivos, recoñecendo as formas de desenvolvemento sustentable e ofrecendo algún exemplo de medidas correctoras, así como de acordos e políticas para frear o deterioro do medio ambiente.
6. Identificar e localizar os principais países e áreas xeoeconómicas e culturais do mundo, os estados europeos, e as comunidades autónomas de España, coñecendo a estrutura da Unión Europea e a organización político-administrativa e territorial galega e española.
7. Comprender os rasgos xeográficos comúns e diversos que caracterizan o territorio español e galego, e explicar as causas da súa diferente organización e os contrastes internos a partir do papel dos principais centros e eixos de actividade económica e de comunicación, en canto vertebradores do espazo.
8. Analizar indicadores socioeconómicos de diferentes países para comprender os conceptos de desenvolvemento humano e de estado de benestar, e recoñecer desequilibrios na súa distribución e a dos recursos, explicando algunhas das súas causas e consecuencias, e amosando sensibilidade ante as desigualdades.
9. Analizar algún exemplo representativo das tendencias migratorias na actualidade, identificando as súas causas e relacionándoas co proceso de globalización, así como as consecuencias para os países receptores e emisores, e manifestando actitudes de solidariedade no axuízamento deste fenómeno.
10. Utilizar fontes diversas para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible, empregando para isto as posibilidades que ofrecen as TIC.
11. Participar en debates sobre cuestións de actualidade próximas á vida do alumnado, argumentando as propias opinións e manifestando actitudes de solidariedade.

## **PROGRAMACIÓN DE PENDENTES DE 4º DE ESO**

### **Obxectivos de Ciencias Sociais do Terceiro Curso**

1. Enteder a relación entre os factores máis significativos de xeografía física e humana de Galicia, de España e de Europa, respectando os aspectos comúns e os de carácter diverso, a fin de valorar a pertenza a varias identidades colectivas.
2. Adquirir e utilizar o vocabulario específico da área con precisión e rigor.
3. Saber manexar e interpretar diversos instrumentos de traballo xeográfico como as gráficas, mapas, etc.
4. Utilizar as novas tecnoloxías de información e comunicación para a busca, xestión e o tratamento da información.
5. Recoñecer e valorar positivamente a pluralidade lingüística e cultural de España e manifestar actitudes de tolerancia e respecto cara á culturas, costumes e tradicións distintas da propia.
6. Observar e describir os principais aspectos do medio físico de Galicia e de España (relevo, vexetación e clima).
7. Reflexionar sobre as repercusións da intervención humana no medio físico tendo en conta os problemas ecolóxicos que nos son máis próximos (sobreeplotación dos recursos, deforestación, contaminación, etc.).
8. Tomar conciencia da limitación dos recursos naturais e das necesidades de adoptar medidas de aforro enerxético como o uso dos recursos renovables.
9. Recoñecer as características das distintas paisaxes e zonas agrarias do mundo mediante a observación para contribuír á protección e mellora do medio ambiente.
10. Comparar as características da agricultura de subsistencia e a agricultura de mercado e coñecer a súa distribución no territorio.
11. Explicar as características da gandería extensiva e da gandería intensiva.
12. Identificar as principais zonas pesqueiras do mundo e reflexionar sobre os problemas que atravesará o sector na actualidade.

13. Coñecer e localizar os principais espazos industriais e centros de produción de materias primas e fontes de enerxía, analizando as relacións de intercambio que se establecen entre países desenvolvidos e países subdesenvolvidos.
14. Identificar os distintos tipos de industrias e establecer os factores que determinan a localización da industria a escala mundial.
15. Identificar os principais sectores productivos da economía de Galicia e de España (agricultura, gandería, pesca, industrias, servizos,...) a súa interrelación e a súa distribución no territorio.
16. Localizar as principais rexións agrícolas e ganderías da Comunidade galega e de España.
17. Identificar as principais rexións e portos pesqueiros de Galicia e de España, e valorar o peso da pesca dentro da economía española.
18. Explicar o proceso de industrialización de España e a súa distribución dentro do territorio.
19. Coñecer as características dos medios de comunicación e a súa relación coas actividades económicas entre as diferentes rexións mundiais.
20. Identificar os países que forman parte da Unión Europea na actualidade.
21. Analizar os problemas derivados do desigual acceso á riqueza no mundo (fame, baixo nivel educativo, desequilibrios demográficos, etc); e reflexionar sobre a actuación dos organismos que tratan de loitar contra a pobreza.
22. Identificar os principais elementos da trama urbana (casco antigo, ensanche, barrios periféricos, etc.).
23. Analizar os problemas das grandes cidades (desigualdades sociais, contaminación, etc.) e propoñer medidas para xestionar o seu funcionamento.
24. Analizar a distribución da poboación mundial no territorio, tendo en conta os factores xeográficos e históricos que explican as diferenzas rexionais.
25. Comparar o modelo demográfico dos países desenvolvidos e dos países do Terceiro Mundo e reflexionar sobre os factores que explican as diferenzas entre ambos.
26. Coñecer a estrutura da poboación española e galega e analiza os principais problemas da nosa actual pirámide de idades (diminución da natalidade, envellecemento da poboación, etc.)

27. Analizar as causas do fenómeno migratorio no solo español e a transformación do noso país nun centro receptor de inmigrantes.
28. Coñecer a división político-administrativa do territorio español en Comunidades Autónomas.
29. Explicar os distintos mecanismos de participación dos cidadáns/ás españois e galegos no exercicio do poder estatal, recoñecer a función dos partidos políticos e identificar os partidos máis importantes de España e de Galicia.
30. Sensibilizarse cos principais problemas do mundo actual entendéndoos como una problemática na que todos estamos mergullados e da que todos somos responsables.
31. Valorar a diversidade cultural e ser respetuosos e tolerantes coas actitudes, crenzas e formas de vida de persoas ou grupos que pertencen a sociedades ou culturas diferentes á propia.
32. Apreciar os dereitos e liberdades das persoas como un logro irrenunciable da humanidade, denunciar as actitudes discriminatorias e inxustas.

## **Contidos Mínimos de Ciencias Sociais do 3º Curso de E.S.O.**

### **I. OS ESPACIOS XEOGRÁFICOS**

I.1. As actuacións da sociedade sobre os medios naturais. Espacios xeográficos e actividades económicas.

- Actividades agrarias. Tipos principais. A actividade pesqueira. As paisaxes agrarias e o seu reparto xeográfico.
- As fontes de enerxía, as materias primas e a industria.
- Os servizos .O comercio, os transportes e as comunicacións. O turismo.
- Os problemas derivados da sobreexplotación do medio rural. As consecuencias ambientais das actividades humanas.

I.2. A cidade como espacio xeográfico.

- Poboamento rural e poboamento urbano.
- A cidade. As actividades urbanas. O espacio interior das cidades.

### I.3. O espacio xeográfico galego e español.

- As rexións naturais. O relevo, a hidografía a a climatoloxía galega. Os problemas ambientais na Galicia e en España.
- Movementos migratorios e as súas repercusións.
- O desenvolvemento do sector servicios.
- A organización autonómica do Estado. O Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Estudio das comunidades autónomas de España. Galicia.

### I.4. O espacio-mundo e os seus problemas.

- Os efectos da mundialización. Os problemas do mundo actual vistos desde unha perspectiva xeográfica.
- O crecemento da poboación e a evolución dos recursos.
- As desigualdades socioeconómicas e ambientais.
- Os conflitos políticos no mundo actual.
- Estudio dalgúns estados, con especial atención a Europa.

## **Temporalización de Contidos en CC.SS. do Terceiro Curso.**

### 1. O MEDIO FÍSICO

#### 1. O relevo: marco físico das actividades humanas.

- . O relevo terrestre.
- . Europa: o relevo e os ríos.
- . O relevo de España.
- . As unidades do relevo de España (I).
- . As unidades do relevo de España (II).

#### 2. O clima.

- . Elementos e factores do clima.
- . Os climas da Terra.
- . Os climas de Europa.
- . As paisaxes da España oceánica ou atlántica.
- . As paisaxes da España interior.
- . As paisaxes da España mediterránea.

- . As paisaxes de alta montaña.
3. Naturaza e sociedade: harmonías, crises e riscos.
- . As relacións entre natureza e sociedade.
  - . O gozo desigual dos recursos do planeta.
  - . Os impactos ambientais: a auga.
  - . Os impactos ambientais: o aire e a vexetación.
  - . A construción do futuro e o desenvolvemento sostible.

## II. A POBOACIÓN E AS CIDADES.

4. A poboación do mundo.
- . A distribución dos habitantes no planeta.
  - . A situación actual da poboación mundial.
  - . As migracións na actualidade.
  - . Estructura ocupacional da poboación mundial.
5. A poboación en España.
- . A distribución da poboación interior.
  - . Características da poboación española.
  - . As migracións en España.
6. Un lugar chamado cidade.
- . Achegándonos á cidade.
  - . A morfoloxía urbana.
  - . As funcións urbanas.
7. As cidades no mundo e en España.
- . O crecemento espacial das cidades.
  - . Un mundo con grandes cidades.
  - . Estructura do sistema urbano español.
  - . As cidades moi grandes teñen moitos problemas.
  - . As cidades son multiculturais.
8. Agricultura, gandería e pesca.

- . A agricultura de subsistencia.
  - . A agricultura de mercado.
  - . A gandería no mundo.
  - . A pesca. Tipos de pesca.
  - . Os problemas da pesca.
9. A industria e os espazos industriais.
- . As materias primas.
  - . As fontes de enerxía tradicionais.
  - . Clasificación das industrias.
  - . Localización da industria no mundo.
10. O espazo dos servizos. O desenvolvemento do turismo.
- . O Sector Terciario.
  - . O Sector Terciario no mundo de hoxe.
  - . A expansión do Sector Terciario e da sociedade do benestar.
  - . Un exemplo de servizo social básico: a sanidade.
  - . Os efectos do turismo.
11. O comercio e os transportes.
- . A actividade comercial.
  - . O comercio internacional actual.
  - . Función dos transportes.
  - . Redes e transportes terrestres. (Só comentalo)
  - . Transportes aéreo e marítimo. (Só comentalo)
12. A globalización: cara a un sistema mundial.
- . Un sistema mundial.
  - . O desenvolvemento social e económico.
  - . Un mundo desigual: países pobres, a países ricos.
  - . Globalización e perspectivas de futuro.
13. España na Unión Europea.
- . O proceso de creación da Unión Europea.
  - . A Unión Europea.
  - . As institucións da Unión Europea.
  - . A poboación da Unión Europea.
  - . A política agraria e pesqueira da Unión Europea.
  - . Os grandes eixes industriais da Unión Europea.



#### 14.A economía española.

- . As actividades agrarias.
- . A pesca en España.
- . A minería e a produción de enerxía.
- . As actividades industriais.
- . Os servizos: comercio, transportes e comunicacións.
- . O turismo en España.

#### 15.Organización territorial do Estado español.

- . España é unha monarquía parlamentaria.
- . España, un estado democrático e social.
- . O estado das Autonomías.

### **Contidos procedementais.**

- Interpretar mapas de diverso tipo.
- Recabar información a partir de fontes diversas.
- Identificar, clasificar e valorar factores casuais diversos que expliquen os procesos.
- Interrelacionar feitos diversos buscando analogías e diferencias (por exemplo: educación e desenvolvemento, industrialización e evolución demográfica, etc).
- Identificación e análise de casos de desequilibrios territoriais.
- Usar o vocabulario xeográfico con rigor.
- Presentar os traballos adecuadamente e corrección ortográfica.
- Analizar criticamente os problemas socialxeográficos do noso tempo.

### **Contidos de actitudes**

1. Recoñecer a importancia dos recursos económicos para permitir índices de benestar na poboación.
2. Fomentar hábitos e usos que sexan respectuosos co medio.
3. Reixetar calquera tipo de discriminación polo lugar de residencia.

4. Toma de conciencia dos graves problemas das cidades en países desenvolvimos e subdesenvolvidos e das diferencias entre barrios pobres e ricos nos núcleos urbanos.
5. Interese polos problemas ambientais dos núcleos urbanos e polas posibilidades de solución.
6. Valorar o patrimonio natural das distintas rexións españolas.
7. Tomar conciencia dos problemas que afectan ós países do sur que cada vez se distancian máis dos países do norte.
8. Interese polos problemas da poboación mundial: analfabetismo, malnutrición, violacións dos dereitos humanos, etc.
9. Adoptar una actitude crítica ante os problemas da globalización.

### **Contidos Curriculares dos temas transversais**

#### **EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA**

*Actitude receptiva, colaboradora e tolerante nas relacións interindividuais e nas actividades en grupo.*

*Valoración positiva da existencia de diferencias interpersoais e entre grupos sociais pertencentes á nosa sociedade ou a outras sociedades ou culturas diferentes da nosa.*

*Actitude crítica fronte calquera tipo de discriminación individual ou social por razóns de raza, crenzas, sexo ou outras diferencias grupais ou persoais.*

*Interese polos mecanismos que regulan o funcionamento da nosa sociedade; especialmente, os dereitos e deberes cidadás.*

*Análise crítica dos valores culturais da nosa sociedade.*

*Interese por coñecer e conservar o patrimonio cultural da nosa sociedade e doutras culturas.*

## **EDUCACIÓN PARA A PAZ**

*Respecto por opinións e crenzas das outras persoas.*

*Recoñecemento do diálogo como medio para resolver as discrepancias nas opinións así como os diversos tipos de conflitos, tanto interpersoais coma sociais.*

### **Criterios de Avaliación**

1. Obter e utilizar informacións relevantes sobre temas xeográficos de fontes variadas pero simples e progresivamente máis complexas. Relacionar as informacións, valoralas e combinalas para explicar feitos sociais. Adquirir autonomía para consultar e tomar notas de fontes escritas e acceder ás posibilidades das tecnoloxías da información.
2. Elaborar individualmente traballos sinxelos sobre temas da área, utilizando o vocabulario pertinente e a corrección formal axeitada.
3. Explicar as interaccións que se producen entre as sociedades e os medios naturais na xénese e organización dos diferentes espazos xeográficos e os territorios.
4. Coñecer os principais tipos de recursos naturais e a súa distribución no mundo. Valorar a súa importancia social e comprender a necesidade de explotalos racionalmente.
5. Caracterizar as actividades rurais, as industriais e de produción de enerxía e as principais actividades de servizos. Coñecer os tipos de espazos comerciais e turísticos.
6. Diferenciar entre o poboamento rural e urbano con especial referencia a España e Europa.
7. Explicar a estrutura formal e funcional da cidade. Valorar as vantaxes e os problemas da vida urbana.
8. Coñecer os trazos xeográficos comúns e diversos que caracterizan España.
9. Identificar e explicar a organización político-administrativa do Estado español. Caracterizar e valorar a estrutura autonómica do Estado e a diversidade das comunidades autónomas.

10. Coñecer os caracteres xeográficos da Unión Europea a a súa diversidade. Analizar os efectos da integración de España e de Galicia na Unión Europea. Explicar a situación de España no mundo.
11. Identificar e analizar xeograficamente os principais problemas do mundo actual.

### **Instrumentos de Avaliación**

- Fichas de reforzo e actividades do seu libro.
- Traballos sinxelos de investigación sobre diferentes temas.
- Probas escritas sobre os temas dados.

### **Metodoloxía**

**IMPORTANTE:** Co respecto ás actividades de recuperación da materia, cada mes, o profesor indicará aqueles exercicios diversos que o alumnado debe realizar para preparar a recuperación. Estes serán revisados polo profesor cunha periodicidade similar, podendo se é o caso, solicitar do alumno a entrega do seu caderno de exercicios en calquera momento. En todo caso, o alumno debe presentalos nos prazos acordados polo profesor. A súa vez, posteriormente, cada profesor entregará un informe na xefatura do departamento.

Co respecto ás PROBAS se terá en conta o seguinte:

-Ademais dos devanditos exercicios, os alumnos presentaranse a dúas probas que terán carácter eliminatorio, se se obtén o nivel positivo. De non acadar este resultado, aínda poderá superar a materia nunha proba final no mes de maio, ou no seu defecto, no mes de setembro.

- . A realización correcta das actividades sinaladas polo profesor e a súa entrega nos prazos acordados
- . A nota das probas e controis.

En conxunto cada parte deberá ser contada a efectos da cualificación final cun valor dun tercio do valor total.

No resto dos criterios, incluídos os metodolóxicos, serán tidos en conta os valores sinalados na programación xeral anual:

- Aprendizaxe cooperativa.
- Aprendizaxe significativa.
- Limpeza.
- Presentación, corrección ortográfica.
- Contidos.
- Activiades.
- Actitudes, etc.

### **Recursos didácticos e materiais**

Libro de Texto: Ecúmene,3. Edit. Vicens Vives.

Diapositivas.

Mapas murais, atlas e esferas.

Biblioteca do centro.

Xornáis e revistas.

TIC.

### **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

- Saídas a museos.
- Exposicións.
- Saídas a empresas.
- Centros arqueolóxicos.

## Cuarto Curso E.S.O.

### Competencias básicas

#### 1. Competencia social e cidadá

- Comprender o concepto de tempo histórico.
- Identificar a relación multicausal dun feito histórico e as súas consecuencias.
- Coñecer as grandes etapas e os principais acontecementos da Historia contemporánea.
- Comprender o funcionamento das sociedades, o seu pasado histórico, a súa evolución e transformacións.
- Recoñecer e asumir os valores democráticos; aceptar e practicar normas sociais acordes con eles.
- Expresarse de forma asertiva e mostrar unha actitude favorable ao diálogo e ao traballo cooperativo.

#### 2. Coñecemento e a interacción co mundo físico

- Identificar e localizar os principais ámbitos xeopolíticos, económicos e culturais en que se enmarcan os acontecementos da Historia contemporánea.
- Coñecer os distintos usos do espazo e dos recursos que fixeron as sociedades ao longo dos períodos históricos estudados.

#### 3. Competencia cultural e artística

- Comprender a función que as artes tiveron e teñen na vida dos seres humanos.
- Recoñecer os diferentes estilos da arte contemporánea e os cambios que os motivaron.
- Analizar obras de arte de distintas épocas; cultivar o sentido estético e a capacidade de se emocionar.
- Desenvolver unha actitude activa en relación coa conservación e a protección do patrimonio histórico.

#### 4. Tratamento da información e competencia dixital

- Relacionar e comparar a información procedente de diversas fontes: escritas, gráficas, audiovisuais, etc.
- Contrastar a información obtida e desenvolver un pensamento crítico e creativo.
- Elaborar a información transformando os datos recollidos e traducíndoos a outro formato ou linguaxe.

- Empregar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación na procura e o procesamento da información.

### **5. Competencia en comunicación lingüística**

- Utilizar axeitadamente o vocabulario propio das ciencias sociais para construír un discurso preciso.
- Desenvolver a empatía e interesarse por coñecer e escoitar opinións distintas á propia.
- Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial, a descrición e a argumentación.
- Ler e interpretar textos de tipoloxía diversa, linguaxes icónicas, simbólicas e de representación.

### **6. Competencia matemática**

- Elaborar e interpretar eixes cronolóxicos.
- Analizar e comprender os datos cuantitativos recollidos en táboas, gráficos e diagramas.
- Facer cálculos matemáticos sinxelos para analizar e interpretar fenómenos de carácter social.

### **7. Competencia para aprender a aprender**

- Desenvolver unha visión estratéxica dos problemas, anticipar posibles escenarios e consecuencias futuras das accións individuais e/ou sociais.
- Buscar explicacións multicausais para comprender os fenómenos sociais e avaliar as súas consecuencias.
- Utilizar distintas estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información: esquemas, resumos, etc.
- Participar en debates e contrastar as opinións persoais coas do resto de compañeiros.
- Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.

### **8. Autonomía e iniciativa persoal**

- Asumir responsabilidades e tomar decisións con respecto á planificación do proceso de resolución das actividades propostas.
- Interpretar adecuadamente as particularidades de cada situación e de cada problema estudado.
- Saber argumentar de forma lóxica e coherente as explicacións dos conceptos e fenómenos estudados.
- Autorregular a propia aprendizaxe: tomar conciencia do que se sabe e do que falta por aprender; e realizar autoavaliacións do propio traballo.

## **Atención á diversidade**

No Proxecto Curricular Fisterra -VICENS VIVES- reparouse no tratamento da diversidade do alumnado polo que fai aos diferentes ritmos de aprendizaxe que desenvolve cada alumna ou alumno na aula.

Partiuse da concepción global de que cada profesor ou profesora ten que orientar a súa intervención en función da diversidade de formas de aprendizaxe que poidan darse entre as alumnas e os alumnos.

En cada libro do Proxecto Curricular Fisterra -VICENS VIVES- inclúese un conxunto de Actividades de Reforzo e de Ampliación en función do nivel, que teñen por obxectivo ofrecer, precisamente, os recursos básicos para que cada profesor ou profesora poida desenvolver diferentes estratexias de ensinanza e facilitar así que todos os alumnos e alumnas poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das competencias básicas e os obxectivos da etapa.



## CONTIDOS DE TEMAS TRANSVERSAIS:

### EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

*Actitude receptiva, colaboradora e tolerante nas relacións entre individuos e nas actividades en grupo.*

As diferentes fases de realización das actividades individuais e sobre todo as que se fan en grupo (deseño, preparación do material, elaboración e presentación) deben permitir que se consiga a participación dos alumnos e das alumnas cunha actitude receptiva, colaboradora e tolerante. É moi importante que comprendan que nos traballos de investigación en grupo precísase a colaboración de todos.

*Valoración positiva da existencia de diferencias entre persoas e entre os grupos sociais pertencentes á nosa sociedade ou a outras sociedades ou culturas diferentes da nosa.*

Os traballos de investigación en grupo e as correspondentes actividades de discusión e de posta en común realizadas por toda a clase poñen de manifesto as diferencias de capacidade, de opinión e de potencialidade de cada alumno e alumna. Neste sentido, convén que os propios alumnos e alumnas distribúan as tarefas dentro do grupo, atendendo ás preferencias e calidades de cada persoa. Esta é unha forma moi conveniente para que aprendan a valorar positivamente as diferencias entre as persoas e entre as sociedades e culturas.

*Actitude crítica ante calquera tipo de discriminación individual ou social por razóns de raza, crenzas, sexo ou outras diferencias individuais ou sociais.*

O estudio da Historia e da estrutura das poboacións actuais, sobre todo nos grandes núcleos urbanos, e os mesmos medios de comunicación de masas evidencian dun xeito moi claro a diversidade social, racial, relixiosa, cultural, etc., existente entre as persoas. É moi importante que os alumnos e as alumnas consideren esta diversidade como algo enriquecedor, non como un obstáculo para a convivencia, e desenvolver unha actitude crítica ante calquera tipo de discriminación.

*Interese polos mecanismos que regulan o funcionamento da nosa sociedade; en particular, os dereitos e deberes dos cidadáns e das cidadás.*

As actividades en grupo teñen que estar reguladas por unha serie de normas e os alumnos e as alumnas teñen que poder falar e discutir sobre elas, aceptalas e despois cumprilas. Do mesmo xeito, pero nun ámbito máis amplo, deben valorar de xeito positivo a aceptación dos seus dereitos e o cumprimento dos seus deberes como membros da comunidade educativa. Deste xeito, pouco a pouco, irán espertando o seu interese pola práctica dos seus dereitos e deberes como cidadáns e cidadás.

*Análise crítica dos valores culturais da nosa sociedade.*

A través da teoría, das actividades e dos traballos en grupo hai que tentar que aprendan a analizar criticamente o que deberían se-los valores culturais máis representativos da nosa sociedade democrática actual, como a liberdade das persoas, ou respecto ante calquer tipo de diferenza (lingüística, racial, relixiosa...), o recoñecemento da igualdade das persoas ante a lei, cos mesmos dereitos e deberes, a xustiza social, a solidariedade, a tolerancia, etc.

*Interese por coñecer e conserva-lo patrimonio cultural da nosa sociedade e doutras culturas.*

As visitas a lugares culturais de uso público, como bibliotecas, museos, monumentos, etc., son útiles para incidir no interese por coñecer e conserva-lo patrimonio artístico e cultural da nosa sociedade e o doutras culturas.

## **EDUCACIÓN PARA A PAZ**

*Respecto polas opinións e crenzas doutras persoas.*

A discusión na clase de determinados temas de interese histórico e social ou o tratamento de aspectos que interesan directamente ó grupo axudarán a coñecer e respecta-la opinión dos demais. O estudo das opinións expresadas por diferentes medios de comunicación de masas (prensa, radio e televisión) tamén pode ser útil para pór en evidencia a diversidade de puntos de vista sobre feitos da vida cotiá.

*Recoñecemento do diálogo como medio para resolver discrepancias de opinión e os diversos tipos de conflitos, tanto interpersoais como sociais.*

Un coñecemento máis profundo do pasado histórico e do medio social no que se desenvolven as alumnas e os alumnos halles de permitir detectar múltiples situacións conflictivas, que lles poden afectar ás veces de xeito directo e deben aprender a adquirir unha actitude dialogante fronte a elas. En calquera caso, cómpre que recoñezan que o diálogo entre as partes enfrontadas é o único medio para chegar a unha situación aceptable para todo o mundo.

## **EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE OS SEXOS**

*Toma de conciencia dos fenómenos de discriminación sexista que se producen na actualidade así como dos que se produciron noutros períodos históricos.*

Na elaboración e escolla de tódolos materiais que se empregan neste Departamento de Ciencias Sociais tentouse non caer en expresións que poidan inducir a unha interpretación sexista.

## **Obxectivos Xerais Cuarto Curso de E.S.O.**

1. Recoñece-las actitudes e situacións discriminatorias que tiveron lugar ó longo da historia por razón de raza, sexo, relixión... ou de calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social; e amosar unha actitude solidaria cos individuos e colectividade que foron obxecto desta discriminación.
2. Recoñece-los mecanismos esenciais que rexen o funcionamento dos feitos sociais e económicos dentro da estrutura da nosa sociedade e, deste modo, comprender e saber analiza-los problemas máis urxentes das sociedades contemporáneas (a inmigración, a globalización, as desigualdades socioeconómicas, etc.).
3. Adquirir e utiliza-la terminoloxía específico da área con rigor e precisión.
4. Valora-la diversidade lingüística e cultural de Europa, de España e da Galiza e ser respectuoso e tolerante cara ás actitudes, as crenzas e as formas de vida de persoas ou de grupos pertencentes a sociedades ou culturas diferentes da propia.
5. Recoñece-las peculiaridades do coñecemento científico sobre o aspecto social e valorar que o carácter relativo dos resultados que se obteñen ou a contribución persoal do investigador son unha parte do proceso de construción colectiva dun coñecemento sólido e rigoroso.
6. Coñece-lo proceso de nacemento, formación e desenvolvemento do estado moderno: formación de monarquías autoritarias, os reis católicos, a expansión europea e o novo mundo, prestando especial atención á Comunidade da Galiza.
7. Recoñece-las características principais do Humanismo, a Reforma protestante e a Contrarreforma e o Renacemento.
8. Analiza-la Europa barroca: unha poboación estancada, unha economía de base agraria, unha sociedade estamental, o absolutismo monárquico e a arte barroca.
9. Explica-las bases económicas, sociais, políticas e artísticas do imperio dos Austrias.
10. Coñece-la Europa da Ilustración: o pensamento ilustrado, as novas ideas políticas e económicas, a revolución francesa, a Europa da Restauración e as revolucións liberais, prestando especial atención á Comunidade da Galiza.
11. Entende-lo significado dos Borbóns na España do século XVIII: As reformas de Filipe V e Fernando VI, prestando especial atención á Comunidade da Galiza.

12. Analiza-lo acceso ó trono do monarca Carlos III e a aplicación das reformas ilustradas.
13. Coñece-las bases da revolución industrial, as novas fontes de enerxía, os sectores industriais, a revolución dos transportes, a organización do movemento obreiro, e as novas ideoloxías: marxismo, anarquismo e internacionalismo, prestando especial atención á Comunidade daGaliza.
14. Analiza-las particularidades artísticas, políticas, económicas e sociais da Comunidade daGaliza do século XIX.
15. Explica-la causas da expansión colonial, da Pimeira Gerra Mundial e as súas consecuencias en Europa.
16. Coñece-las características principais do período de entreguerras: a revolución rusa, o crac do 29 e a Gran Depresión, o fascismo italiano e o nazismo alemán.
17. Entende-los feitos históricos principais do primeiro tercio do século XX en España, as súas causas e consecuencias máis importantes: A crise da restauración, a II República e a Guerra Civil, prestando especial atención á Comunidade da Galiza.
18. Explica-las causas e as consecuencias da Segunda Guerra Mundial.
19. Identifica-los aspectos máis significativos do mundo bipolar, como resultado da Segunda Guerra Mundial: bloque capitalista, bloque socialista.
20. Coñece-las causas da caída dos bloques e as características principais do mundo actual.
21. Explica-las razóns da globalización económica a escala planetaria e coñece-los principais movementos sociais que se opoñen ó proceso de globalización.
22. Identifica-las distintas áreas xeopolíticas, económicas e culturais do mundo; analiza-los fluxos comerciais e os principais problemas de desequilibrio socioeconómico existentes entre elas.
23. Analiza-lo galeguismo, o rexurdimento literario e o nacionalismo galego.
24. Analiza-los aspectos económicos, políticos e sociais do réxime franquista en España, prestando especial atención á Comunidade da Galiza.
25. Analiza-las causas e consecuencias da emigración dos anos 60 na Comunidade galega
26. Explica-los distintos mecanismos de participación dos cidadáns e das cidadás españois no exercicio do poder estatal e autonómico; recoñece-la función dos partidos políticos e identifica-los partidos políticos máis importantes de España; prestando especial atención á Galiza.

27. Identifica-las principais correntes artísticas do século XX, tanto en pintura, escultura como arquitectura en España.
28. Sensibilizarse cos principais problemas do mundo actual (o desigual acceso ós recursos, a globalización, os conflitos políticos, etc.) entendéndoos como unha problemática na que todos estamos mergullados e da que todos somos responsables.
29. Valora-lo impacto das novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) no acceso á información, o fluxo de capitais e o comercio mundial.
30. Analiza-los problemas derivados do desigual acceso á riqueza no mundo (fame, baixo nivel educativo, desequilibrios demográficos, etc.); e reflexionar sobre a actuación dos organismos que tratan de loitar contra a pobreza.
31. Recoñece-las características singulares do patrimonio natural, histórico e artístico da Galiza e de España, asumindo as responsabilidades que supón a súa protección e conservación.
32. Valora-la diversidade cultural no mundo, en España e na Galiza e ser respectuosos e tolerantes coas actitudes, crenzas e formas de vida de persoas ou grupos que pertencen a sociedades ou culturas diferentes á propia.
33. Aprecia-los dereitos e as liberdades das persoas como unha consecución irrenunciable da humanidade e unha condición necesaria para a paz, denuncia-las actitudes discriminatorias e inxustas e amosarse solidario con aqueles que estean privados dos seus dereitos ou dos recursos económicos necesarios.
34. Utiliza-las novas tecnoloxías de información e da comunicación para a busca, a xestión e o tratamento da información.
35. Conseguir manexar e interpretar correctamente diversos instrumentos de traballo xeográfico e histórico, como os gráficos, os mapas, as estatísticas, etc., e utilízalos como medio de comunicar información ós outros dunha maneira organizada e intelixible.
36. Obter e relacionar toda clase de información a partir de diversas fontes e distinguir aquilo que é información do que son opinións e tratala dunha maneira autónoma e crítica segundo o fin que se persegue.
37. Facer pequenas investigacións de tipo descritivo organizando e sintetizando a información e as ideas e resolver diversos problemas por medio da aplicación de técnicas e de procedementos sinxelos de indagación propios da historia.
38. Facer tarefas en grupo e participar en discusións e debates fundamentando axeitadamente as opinións e as propostas dunha maneira crítica e tolerante e valorando a discrepancia e o diálogo como unha solución para os problemas da humanidade.

## CONTIDOS DE CUARTO CURSO

### Bloque 1. Contidos comúns

- Localización no tempo e no espazo dos acontecementos e procesos históricos máis relevantes do mundo contemporáneo. Identificación dos factores que interveñen nos procesos de cambio histórico, considerando as súas interrelacións. Diferenciación de causas e consecuencias e valoración do papel dos homes e as mulleres, individual e colectivamente, como suxeitos da historia.
- Procura, selección e obtención de información de fontes escritas, obtida segundo criterios de veracidade e pertinencia, diferenciando os feitos das opinións e as fontes primarias das secundarias. Contraste de informacións contraditorias e/ou complementarias a propósito dun mesmo feito ou situación. Análise e traballo con textos históricos de especial relevancia.
- Análise de feitos ou situacións relevantes da actualidade, particularmente de Galicia, con indagación dos seus antecedentes históricos e das circunstancias que os condicionan.
- Valoración dos dereitos humanos e rexeitamento de calquera forma de discriminación ou de dominio. Visión crítica ante as situacións inxustas e valoración do diálogo e a procura da paz na resolución dos conflitos.
- Recoñecemento dos elementos básicos que configuran os principais estilos ou artistas relevantes do mundo contemporáneo, contextualizándoos na súa época, e interpretación de obras artísticas significativas de arquitectura, artes plásticas, literatura e música.

### Bloque 2. Bases históricas da sociedade actual.

- Transformacións políticas e económicas na Europa do Antigo Réxime. A crise do Estado absoluto. As ideas ilustradas. Reformismo borbónico en España. A Ilustración galega: as Sociedades Económicas de Amigos do País.
- Transformacións políticas e socioeconómicas no século XIX. Revolución industrial. Liberalismo, nacionalismo e imperialismo: activismo revolucionario para a transformación de Europa. Novo modelo social e movemento obreiro. A exclusión das mulleres do espazo público e a súa loita pola igualdade: sufragismo e dereito á educación.
- Crise do Antigo Réxime e construción do Estado liberal na España do século XIX. A fin do imperio colonial español. As desamortizacións e a súa importancia en Galicia.
- Grandes cambios e conflitos na primeira metade do século XX. Imperialismo, guerra e revolución. A depresión de 1929 e o auxe dos fascismos. A revolución soviética.
- Transformacións na España do século XX: crise do Estado liberal; a II República; guerra civil e represión en Galicia; franquismo. As reivindicacións periféricas: o nacionalismo galego.
- Arte e cultura na época contemporánea.

### **Bloque 3. O mundo actual.**

- A orde política e económica mundial na segunda metade do século XX: bloques de poder e modelos socioeconómicos. Os procesos de descolonización e o terceiro mundo. O neocolonialismo. O papel dos organismos internacionais.
- Transición política e configuración do Estado democrático en España. O Estatuto de autonomía de Galicia.
- Proceso de construción da Unión Europea. España e Galicia dentro da Unión Europea hoxe. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.
- Cambios nas sociedades actuais. Os novos movementos sociais e culturais. Os medios de comunicación e a súa influencia.
- A desaparición da URSS e a nova orde mundial: globalización e novos centros de poder.

## Contidos Conceptuais de 4º Curso

( En cursiva os contidos mínimos )

### I. A Idade Moderna.

#### 1. O nacemento do Estado moderno.

- *Os Reis Católicos: os fundamentos do Estado moderno.* Fundamento teórico do autoritarismo real: Maquiavelo.
- *Os efectos da política centralizadora e unificadora dos Reis Católicos na Galiza.*
- *A expansión europea: a integración das illas Canarias e o Descubrimento de América.* A importancia económica do Descubrimento: o comercio triangular. *Principais productos de exportación e de importación.*

#### 2. Renacemento e Reforma.

- *Humanismo e crise relixiosa.* Personaxes destacados do Humanismo e a súa contribución. *Lutero e o protestantismo. Diferencias entre a súa doutrina e a da Igrexa católica.*
- *A Europa de Carlos V. A perda do poder da nobreza galega e o papel secundario da Galiza no contexto da monarquía hispánica. O voto galego nas Cortes.*
- *A monarquía hispánica de Filipe II.* Cambios territoriais en tempos dos Austrias maiores.

#### 3. A Europa do Barroco.

- *A crise demográfica e social. A estrutura social e política na Galiza.*
- *Transformacións económicas: o mercantilismo.*
- *Transformacións políticas: o absolutismo. O fundamento teórico do absolutismo: Hobbes, Bossuet. A crítica teórica contra o absolutismo: Locke.*
- *A Europa de Westfalia.*
- *O século de ouro español. O barroco galego.*

#### 4. O século das luces.

- *A Ilustración.* A crítica do Antigo Réxime. Ilustrados máis destacados polas súas críticas contra o absolutismo. Xustificacións das súas teorías.
- *O despotismo ilustrado e o parlamentarismo inglés.*
- *O reformismo borbónico en España e América. O caso galego. Mapa da configuración administrativa da monarquía hispánica no século XVIII.*

### II. A Idade Contemporánea.

#### 1. A Revolución francesa. A Europa napoleónica. Restauración e revolucións liberais.

- *A Europa napoleónica e a da Restauración: mapa comparativo.*
- *A independencia dos EE.UU e da América española. Líderes e a súa contribución no proceso independentista norteamericano. Mapa do proceso independentista da América española.*

#### 2. A revolución industrial.



- *As transformacións económicas e sociais.* O auxe da burguesía e o nacemento do proletariado. Contrastes entre a vida e os costumes da burguesía e do proletariado.
  - *Lento crecemento económico e sociedade de base agraria en Galiza. Dous enclaves industriais na Galiza: Ferrol e Sargadelos.*
  - *O movemento obreiro. O movemento ludista na Galiza. Outras formas de protesta proletaria na Galiza e as súas repercusións.*
3. España no século XIX.
- *Crise do Antigo Réxime: guerra e revolución.*
  - *A construción do Estado liberal: o reinado de Isabel II. Fundamentos teóricos do liberalismo político. As novas organizacións administrativas de España e da Galiza.* Representación cartográfica.
  - *Aparición do pensamento liberal na Galiza. O pronunciamento.*
  - *O sistema da Restauración e a crise de final de século. O caciquismo na Galiza.*
  - *Arte e cultura do século XIX.*
  - *O Rexurdimento galego.*
4. A época do imperialismo.
- *Nacionalismo e a expansión colonial. Representación cartográfica da expansión colonial.*
  - *O galeguismo: rexionalismo e nacionalismo.*
  - *A I Guerra Mundial. Eixe cronolóxico dos acontecementos bélicos da contenda. A Paz de París. O novo mapa europeo: diferencias co mapa de 1914.*
  - *A cultura europea no s. XIX: do Romanticismo ó Impresionismo.*
5. Período de entreguerras.
- *A Revolución rusa.*
  - *A Gran depresión.*
  - *Ascenso do totalitarismo. Analoxías e diferencias entre o nazismo e o fascismo.*
  - *Arte e cultura do s. XX. As Vangardas.*
6. España no primeiro tercio do s. XX.
- *O reinado de Afonso XIII. O agrarismo na Galiza.*
  - *A II República. O proceso estatutario: o Estatuto do 36. Análise comparativa co actual.*
  - *A Guerra civil. Eixo cronolóxico e principais feitos bélicos.*
- III. O mundo actual.
1. A II Guerra mundial e as súas consecuencias.
- *Eixe cronolóxico e principais feitos da contenda. Modificacións territoriais en 1945.*
  - *A nova orde internacional. A ONU.*
  - *A Guerra Fría. Comparación ideolóxica e institucional dos bloques. A descolonización. Mapas representativos dos principais conflitos da Guerra Fría.*
2. O mundo occidental.
- *A hexemonía dos EE.UU.*

- *A construción da unidade europea. Evolución cronolóxica do proceso integrador.*
- 3. O mundo comunista.
  - *A URSS e as democracias populares.*
  - *Situación da Europa do Leste. Modificacións territoriais trala caída do comunismo.*
  - *China: do maoísmo á actualidade.*
- 4. España durante o franquismo.
  - *Réxime político e relacións internacionais.*
  - *Evolución económica e social. A emigración galega.*
  - *A oposición ó franquismo. O caso galego.*
- 5. A España democrática.
  - *A transición. A Constitución de 1978 e o Estado das Autonomías. Nova división territorial.*
  - *O Estatuto de autonomía.*
  - *Os gobernos democráticos e a integración europea. O impacto da integración en Galiza.*
  - *Eixo cronolóxico dos principais feitos políticos desta etapa. Análise dun proceso electoral a nivel galego ou estatal.*

### **Contidos Procedementais de 4º Curso de ESO**

- Usar o vocabulario específico da materia.
- Presentar adecuadamente e con debida ortografía todo tipo de traballos que teñan que ser calificados.
- Construción de eixos cronolóxicos secuenciados.
- Efectuar breves comentarios sobre documentos de todo tipo apoiándose en cuestións.
- Integrar interdisciplinarmente os coñecementos adquiridos a través doutras disciplinas.
- Identificar e clasificar factores causais para explicar procesos.
- Analizar gráficos e datos estatísticos; realizar organigramas.
- Establecer relacións entre fenómenos diferentes, indicando se cabe analogías e distincións pertinentes e razoadas.
- Extraer e clasificar criticamente información desde fontes distintas.
- Relacionar o pasado e o presente.
- Preparación de debates.
- Interrrelacionar a historia de Galiza e a da Península Ibérica, e a de ámbolos dous espazos coa historia europea e mundial.
- Valorar criticamente as obras de arte e iniciarse á súa descrición.
- Relaciona-la historia e a arte, situando as obras destacadas no seu momento e espazo histórico-cultural.
- Identificar os riscos máis salientes dos diferentes períodos históricos desde o punto de vista económico, social e político.
- Elaborar traballos de investigación sinxelos utilizando fontes diversas, e presentando o material final de xeito correcto e ordenado.

### **Contidos de Actitudes do 4º Curso**

- Sensibilidade e preocupación polo rigor e obxectividade na busca e interpretación da información histórica.
- Valoración dos vestixios do pasado e disposición a actuar de maneira favorable á súa conservación.
- Valoración positiva da súa propia lingua como vehículo imprescindible no desenvolvemento da identidade persoal.
- Tolerancia, respecto e valoración crítica de épocas e sociedades distintas da propia, valorándoas como elementos enriquecedores da existencia colectiva da sociedade.
- Curiosidade por indagar na orixe das tensións e dos conflitos no mundo contemporáneo.
- Valoración dos dereitos humanos como unha conquista histórica.
- Interese por coñecer obras artísticas de épocas distintas para desenvolve-lo gusto estético persoal.
- Respecto polo patrimonio cultural da propia comunidade e interese pola súa conservación.
- Toma de conciencia da responsabilidade colectiva na conservación da paz mundial fronte a calquera ameaza.
- Sensibilidade ante os problemas sociais derivados das situacións de desigualdade. Solidariedade e rexeitamento de toda discriminación por razón de idade, xénero, etnia, relixión, nacionalidade, etc., e participación na defensa dos dereitos fundamentais das persoas.

## SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

### TEMA 1. O SÉCULO XVIII: A CRISE DO ANTIGO RÉXIME

- 1. A EUROPA DO SÉCULO XVIII
- INFORME: O comercio colonial e o tráfico de escravos
- 2. A SOCIEDADE ESTAMENTAL
- INVESTIGA...A nobreza no século XVIII
- 3. O PENSAMENTO ILUSTRADO
- 4. A QUEBRA DO ABSOLUTISMO
- 5. A REVOLUCIÓN AMERICANA
- 6. O SÉCULO XVIII EN ESPAÑA: OS BORBÓNS
- 7. O REFORMISMO BORBÓNICO
- 8. GALICIA NO SÉCULO XVIII

### TEMA 2. . LIBERALISMO E NACIONALISMO

- 1. O ESTOURIDO DA REVOLUCIÓN FRANCESA
- 2. AS ETAPAS DA REVOLUCIÓN FRANCESA (1)
- 3. AS ETAPAS DA REVOLUCIÓN FRANCESA (2)
- Actitude aberta e crítica no seu amplo sentido polas obras de vangarda.

### **Temporalización de Contidos**

#### **ARTE PREHISTÓRICA**

- 1 Pinturas da cova de Altamira: O gran bisonte
- 2 Primeiros vestixios artísticos en Occidente

#### **ARTE DE EXIPTO**

- 3 Arquitectura de Exipto: Pirámides de Zjoser, Keops, Kefren e Mikerinos. Templo de Karnak
- 4 Escultura e pintura de Exipto. Tríada de Mikerinos. O escribán sentado.

#### **ARTE GREGA**

- 5 Arte grega. Urbanismo grego

## Programación Departamento de Xeografía e Historia

- 6 Ictinos e Calícrates. Partenón
- 7 Calícrates. Niké Áptera
- 8 Mnesicles: Erecteion . O teatro de Epidauro
- 9 Altar de Zeus en Pérgamo
- 10 Kouros de Anavyssos - Koré do peplo
- 11 Mirón: Discóbolo
- 12 Policleto o Vello: Doríforo
- 13 Fidias. Friso das Panateneas e outras obras do Partenón
- 14 Praxíteles. Hermes con o neno Díónisos, A Venus de Gnido
- 16 Lisipo: Apoxiomenos. Skopas: Ménade.
- 17 Agesandro... Laocoonte e os seus fillos
- 18 Outras esculturas gregas

### ARTE ROMANA

- 19 Arte etrusca e Arte romana
- 20 Urbanismo romano
- 21 Panteón. Arco de triunfo de Tito
- 22 Coliseo ou anfiteatro Flavio
- 23 Maison Carrée de Nîmes
- 24 Outras arquitecturas romanas
- 25 Arquitectura romana en Hispania
- 26 Teatro de Mérida. Acueducto de Segovia
- 27 Augusto de Prima Porta. Retrato ecuestre de Marco Aurelio
- 28 Apolodoro de Damasco. Columna Traiana
- 29 Estatua ecuestre de Marco Aurelio
- 30 Pintura romana. Algún exemplo de musivaria romana

### ARTE PALEOCRISTIÁ E BIZANTINA

- 31 Arte paleocristá. Basílica de Santa Sabina
- 32 Arte bizantina
- 33 Basílica de Santa Sofía de Constantinopla. San Vital de Rávena
- 34 Xustiniano e o seu séquito - Teodora e a súa corte

### ARTE PRERROMÁNICA

- 35 Arte visigoda e arte carolingia. Santa Comba de Bande
- 36 Arte asturiana. Santa María de Naranco
- 37 Arte mozárabe. San Miguel de Celanova

### ARTE HISPANOMUSULMANA

- 38 Arte hispanomusulmana
- 39 Mesquita de Córdoba

## Programación Departamento de Xeografía e Historia

40 A Alhambra de Granada

### ARTE ROMÁNICA

- 41 Arte románica
- 42 Sainte Foi de Conques. Vezelay. Cluny
- 43 Saint-Sernin de Toulouse
- 44 Arquitectura no Camiño de Santiago. Santo Isidoro de León
- 45 Catedral de Santiago de Compostela
- 46 Outras arquitecturas en terras hispanas
- 47 Escultura románica en portadas.
- 48 Portada e tímpano de San Pedro de Moissac
- 49 O mestre Mateo. Pórtico da Gloria e outras obras
- 50 Outras esculturas en terras hispanas
- 51 Frescos de San Clemente de Taüll
- 52 Frescos de Santo Isidoro de León
- 53 Frontal de Santa María de Avià

### ARTE GÓTICA

- 54 Arte gótica
- 55 Chartres, Laon, Nôtre-Dame de Paris
- 56 Outras arquitecturas europeas
- 57 Arquitectura na Coroa de Castela e Andalucía
- 58 Arquitectura na Coroa de Aragón
- 59 Compte... Lonxa de Valencia
- 60 Escultura en Europa e España
- 61 Pórtico Real de Chartres.
- 62 Portada Occidental de Reims: Anunciación e Visitación
- 63 Giotto. Pranto por Cristo morto ou Bico de Xudas ( Cap. Scrovegni )
- 64 Van Eyck. Matrimonio Arnolfini. Virxe do chanceler Rolin
- 65 O Bosco. O Xardín das Delicias
- 66 Pintura en España

### ARTE DO RENACEMENTO E DO MANEIRISMO

- 67 Arte do Renacemento e do Maneirismo
- 68 Brunelleschi. Santa María dei Fiore. San Lourenzo
- 69 Alberti. Santo André de Mantua
- 70 Bramante. San Pietro in Montorio
- 71 Miguel Anxo. San Pedro: cabeceira e cúpula
- 72 Palladio. A Rotonda
- 73 G. della Porta e Vignola, Il Gesú
- 74 Arquitectura española. Hospital Real e Fachada do Tesouro en Santiago

## Programación Departamento de Xeografía e Historia

- 75 Xoan Bautista de Toledo e Herrera. San Lourenzo de El Escorial
- 76 Donatello. David. Gattamelata
- 76 Miguel Anxo. David. Moisés. Piedade Rondanini
- 77 Outras esculturas italianas
- 78 Outras esculturas en España
- 79 Masaccio. A Trindade. O Tributo
- 80 Mantegna, A cámara dos esposos
- 81 Piero della Francesca. Virxe da Galería Brera
- 82 Botticelli. O nacemento de Venus
- 83 Leonardo da Vinci. A Gioconda. A Virxe das Rochas
- 84 Rafael. A Escola de Atenas. Unha Madonna florentina
- 85 Miguel Anxo. Creación de Adán e Xuízo Final ( Sixtina )
- 86 Tiziano. Amor sacro e profano. Dánae. Carlos V en Mühlberg
- 87 Outras pinturas italianas
- 88 O Greco. Martirio de San Mauricio. O enterro do conde de Orgaz
- 89 O Greco. Adoración dos Pastores ( 1612, Prado )

### ARTE BARROCA

- 90 Arte barroca e arte rococó
- 91 Bernini. Praza de S.Pedro. Santo André no Quirinal
- 92 Bernini. Baldaquín e Cátedra de San Pedro
- 93 Borromini. San Carlino alle Quattro Fontane
- 94 Arquitectura e urbanismo en España
- 95 O barroco compostelán. Cabeceira barroca da Catedral. Torre do Reloxio. Fachada de Santa Clara. Baldaquín de Pinario. Fachada do Obradoiro
- 96 Bernini. Apolo e Dafne. Éxtase de Santa Tereixa ( Cap. Cornaro )
- 97 Escultura en España
- 98 Gregorio Fernández. Cristo xacente
- 99 Martínez Montañés. Cristo da Clemencia
- 100 Caravaggio. Vocación de Mateo. Enterro de Cristo
- 101 Jan Vermeer. Vista de Delft
- 102 Rubens. As Tres Gracias. Descendemento de Anveres
- 103 Rembrandt. A "Ronda Nocturna". Os síndicos dos paneiros
- 104 Outras pinturas europeas
- 125 Ribera. Martirio de San Felipe. Santo André
- 126 Zurbarán. O padre Illescas ( Guadalupe )
- 127 Velázquez. O augador de Sevilla. A fragua de Vulcano. As Lanzas
- 128 Velázquez. Fábula de Aracné. Filipe IV dacabalo. As Meninas
- 129 Murillo. Inmaculada Sout.
- 130 Outras pinturas en España

### NEOCLASICISMO E ARTE DO SÉCULO XIX

- 131 Arquitecturas neoclásica e historicista

## Programación Departamento de Xeografía e Historia

- 133 Eiffel. Torre Eiffel
- 134 A Escola de Chicago. Sullivan, Auditorio
- 135 Horta. Casa Tassel
- 136 Ildefonso Cerdà. O ensanche de Barcelona
- 137 Rodin. O Pensador
- 138 Pintura do século XVIII
- 139 David. O xuramento dos Horacios. Morte de Marat
- 140 David. Coroamento de Napoleón. Napoleón nos Alpes
- 141 Goya. O Cacharreiro. A familia de Carlos IV
- 142 Goya. Os afusilamentos da Moncloa. Vello comendo sopa
- 143 Goya. A 2 "Majas".
- 144 Géricault. A balsa de "A Medusa"
- 145 Delacroix. A Liberdade guiando o pobo
- 146 Courbet. Enterro en Ornans
- 147 Manet. Le déjeuner sur l'herbe
- 148 Monet. Impresión: amencer. A catedral de Rouen
- 149 Renoir. Despido ao sol
- 150 Degas. Final de arabesco
- 151 Cézanne. Os xogadores de cartas. Bodegón das mazás
- 152 Van Gogh. O cuarto en Arlès. Os xirasois.
- 153 Gauguin. Despois do sermón. A alegría de vivir
- 154 Pintura do século XIX en España

### ARTE DO SÉCULO XX

- 155 Arte do século XX
- 156 Gaudí. Templo expiatorio da Sagrada Familia. Casa Milá
- 157 Wright. Casa Kauffman. Museo Guggenheim
- 158 Le Corbusier. Vila Savoia. Igrexa de Ronchamp
- 159 Mies van der Rohe. Pavillón en Barcelona 1929. Rañaceos de Chicago
- 160 Vangardas pictóricas do XX
- 161 Munch. O berro
- 162 Kandinsky. O arco negro
- 163 Picasso. Os saltinbanquis. As señoritas de Avignon
- 164 Picasso. A moza da mandolina. Os tres músicos
- 165 Picasso. Guernica. As Meninas
- 166 Mondrian. Táboa nº 1
- 167 Miró. "O carnaval de Arlequín"
- 168 Matisse. Gran Interior Vermello. A Xitana
- 169 Dalí. Presaxio da Guerra Civil. Persistencia da memoria
- 170 Gargallo. O Profeta
- 171 Moore. Figura recostada
- 172 Pollock. Nú,ero 1

- 173 Bacon. Retrato de Henrietta Morales
- 174 Andy Warhol. Sopa Campbell's
- 175 Tapiès. Pintura
- 176 Antonio López ( unha obra hiperrealista )
- 177 Maside. Marisqueiras. Muller sentada
- 178 Seoane. O Naranxo. O Meco
- 179 Souto. Feira
- 180 Torres. Bodegón. Señora con sombreiro
- 181 Maruxa Mallo. Mensaxe do mar
- 183 Colmeiro. Maternidade. Campesiña
- 184 Laxeiro. Máscaras
- 185 Eiroa. A leiteira
- 186 Outras pinturas de finais do século XX

#### ARTE E CULTURA VISUAL DE MASAS

- 187 O cartel, o cómic e o deseño gráfico
- 188 A fotografía. O cine. As novas tecnoloxías

Estes contidos específicos serán secuenciados da seguinte maneira:

Na 1ª Avaliación: da Prehistoria ao Románico.

Na 2ª Avaliación: do Gótico ao Neoclasicismo.

Na 3ª Avaliación.

## Avaliación

### **Cráterios de Avaliación para Historia da Arte** **Mínimos en cursiva**

1. Analizar e comparar as mudanzas producidos na concepción da arte e as súas funcións en distintos momentos históricos e en diversas culturas.
2. *Relaciona-las manifestacións artísticas con o seu contexto histórico-cultural e valorar a diversidade de correntes e modelos estéticos que poden desenvolverse nunha mesma época.*
3. *Analizar, situar no tempo e no espazo e interpretar, a partir de diversas metodoloxías, obras de arte representativas na evolución de la cultura occidental.*
4. *Utilizar, con precisión e rigor, a terminoloxía específica das artes visuais.*
5. Interpreta-los principais códigos iconográficos da cultura visual occidental.
6. Coñecer e valorar obras de arte significadas do noso patrimonio cultural no seu contexto orixinal, en museos ou exposicións, con especial atención ao entorno do alumnado.
7. Realizar actividades de documentación e indagación a partir de fontes de información diversas (textos, imaxes, planos, alzados, fotos, etcétera), sobre determinados aspectos da creación artística.

8. Utilizar un método de comentario que integre a valoración obxectiva da obra de arte e a creatividade persoal da alumno(-a), e expresa-lo coa axeitada claridade e corrección formal.
9. *Explica-la presenza da arte na vida cotidiana e nos medios de comunicación social*

### **Instrumentos de Avaliación e Sistemas de Recuperación e Calificación**

De acordo coas probas de acceso á Universidade os controles realizados nesta materia son análogos: Comentario de obras significadas e resposta a unha serie de cuestións relacionadas. Haberá polo menos 2 probas deste tipo por avaliación, e a nota da mesma estará constituída pola media aritmética das probas efectuadas por cada alumno, -a. Lembraremos que de tódolos xeitos a avaliación é sempre continua, e que materia xa impartida e valorada pode volver a ser materia de nova valoración en calquera momento.

Unha proba final constituiría o 20 % da nota de curso ( o 80 % restante derivaría das medias de avaliación ).

As recuperacións constarán de probas similares e a súa superación significará a recuperación da materia correspondente.

En cada nota enténdese que se comprende sempre a nota de conceptos, procedementos e actitudes, pero nos casos de actitudes salientes – sexan positivas ou negativas – poderá ser aplicado o 20 % que corresponde por actitudes ( sumando ou restando ). A contidos coirresponde o 65 % e a procedementos un 15 %.

### **Metodoloxía**

Básicamente, polas características da materia, clases maxistras, sen prexuício de actividades de investigación e visitas a exposicións.

### **Recursos didácticos e Materiais**

1. Diapositivas e filminas.
2. Videos.
3. Biblioteca do centro.
4. TIC. Periódicos e revistas. Fotocopias.



## 2º de Bacharelato

### Xeografía

#### Contidos Transversais

Son os mesmos que se recollen na programación de Historia de España.

#### Obxectivos da Xeografía do 2º de Bacharelato

1. Identificar e comprende-los elementos básicos da organización territorial, utilizando conceptos, procedementos e destrezas especificamente xeográficas para explica-lo espacio como unha realidade dinámica, diversa e complexa, na que interveñen múltiples factores.
2. Comprender e analiza-la realidade xeográfica de España e da Galiza como un espacio dinámico, que é o resultado da interacción de procesos sociais, económicos, tecnolóxicos e culturais, que actuaron nun marco natural e histórico particular.
3. Coñecer e comprende-la diversidade e a pluralidade do espacio xeográfico español, e identifica-los grandes contrastes e a complexidade territorial derivada dos distintos factores naturais, históricos e de organización espacial que foron modelando a sociedade, a cultura e o territorio de forma interdependente.
4. Explica-la posición de España e da Galiza nun mundo cada vez máis interrelacionado, no que coexisten, a un tempo, procesos de globalización na economía e de desigualdade socioeconómica, ante a que se formulan respostas locais; prestando unha atención especial á Unión Europea, ás súas características territoriais e ás consecuencias da integración en España e na Galiza.
5. Valora-la función do medio natural, dos recursos naturais e das actividades productivas na configuración do espacio xeográfico español, reconece-la súa relación mutua coa sociedade, percibi-la condición do home como o axente de actuación máis poderoso e rápido sobre o medio.
6. Entende-la poboación como o recurso esencial coas características cuantitativas e cualitativas que interveñen de forma eminente na configuración e no dinamismo dos procesos que definen o espacio.
7. Comprende-la interdependencia de tódolos territorios que integran España, así como a Unión Europea e outros ámbitos xeográficos mundiais, para desenvolver actitudes de coñecemento, respecto, aprecio e cooperación cos espacios próximos e afastados do hábitat do alumno e prestar especial atención á superación dos diferentes niveis de desenvolvemento e de saúde das poboacións do planeta.
8. Adquirir conciencia espacial para participar de forma activa e responsable nas decisións que afecten a ordenación do territorio, e valora-la necesidade de potencia-lo equilibrio natural e a equidade social. Valora-lo potencial da tecnoloxía xeográfica para resolve-los

desastres naturais, facer máis habitables as cidades e poñer estas ferramentas ó servizo dos máis desfavorecidos.

## Contidos Conceptuais de Xeografía

- I. España no sistema mundo.
  - O espacio xeográfico: noción e características do espacio xeográfico. Elementos e instrumentos de información e representación xeográfica. Nocións de análise de localizacións e distribucións espaciais.
  - Globalización e diversidade no mundo actual: procesos de mundialización e desigualdades territoriais. Clasificacións das áreas xeoecónómicas.
  - Caracteres xeográficos esenciais da Galiza e España: situación xeográfica. Contrastes e diversidade internos. Posición relativa no mundo e nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas.
- II. España en Europa.
  - O camiño cara á integración europea. Das comunidades europeas á Unión Europea. Estructura territorial e institucional da Unión Europea; perspectivas e retos do futuro.
  - Natureza e ambiente na Unión Europea. Os contrastes físicos: relevo, climas e hidrografía; situación do ambiente e políticas comunitarias con incidencia ambiental.
  - Territorio e sociedade na Unión Europea. Caracteres socioeconómicos xerais da Unión Europea e dos estados membros. Disparidades rexionais; políticas rexionais e cohesión territorial.
  - A posición da Galiza e España na Unión Europea: factores explicativos da integración de España. Consecuencias iniciais trala integración. Situación actual e perspectivas.
  - O impacto da UE na Galiza.
- III. Natureza e medioambiente en España.
  - Características xerais do medio natural. Diversidade xeolóxica, morfolóxica, climática e hídrica.
  - A variedade dos grandes conxuntos españois: identificación dos seus elementos xeomorfolóxicos, estruturais, climáticos e bioxeográficos.
  - Natureza e recursos na Galiza e na España. Materias primas, fontes e recursos enerxéticos.
  - Natureza e ambiente español: situación, condicionamentos e problemas. A protección dos espazos naturais.
  - A auga: cuncas e vertentes hidrográficas. Réximes fluviais. Regulación e distribución dos recursos hidráulicos. Natureza e ambiente en Galiza.
- IV. O espacio xeográfico nas actividades económicas.
  - Acción dos factores socioeconómicos no territorio español: evolución histórica, panorama actual e perspectivas.
  - A pluralidade dos espazos rurais: transformación e diversificación das actividades rurais e a súa plasmación en tipoloxías espaciais diversas. As dinámicas recentes do mundo rural.
  - A reconversión da actividade pesqueira. A pesca en Galiza e os seus problemas. O desenvolvemento da acuicultura.

## Programación Departamento de Xeografía e Historia

- Os espacios industriais: evolución histórica e características ata a industrialización da segunda metade do século XX. Crise do modelo de desenvolvemento concentrado e reestructuración industrial: tendencias actuais da industria galega e española.
- Os espacios de servizos: proceso de terciarización da economía española. A heteroxeneidade dos servizos e o seu desigual impacto territorial. Os transportes e as comunicacións. Os espacios turísticos: factores explicativos do desenvolvemento turístico español. Tipoloxías das rexións turísticas e impacto espacial do turismo. Novas tendencia do turismo.

### V. Recursos humanos e organización espacial en España.

- A poboación española: evolución da poboación e da súa distribución espacial. Dinámica demográfica natural, movementos migratorios exteriores, interiores e o fenómeno da inmigración actual. Estructura demográfica actual. Despoboamento e reorganización da poboación: o exemplo de Galiza.
- O proceso de urbanización en España: complexidade do fenómeno urbano. Evolución histórica da urbanización. Características do sistema urbano español. O declinio do mundo rural. Parroquias e vilas na Galiza.
- Morfoloxía e estrutura das cidades españolas. A pegada da historia da cidade preindustrial. A cidade industrial. A cidade das recentes transformacións sociais e económicas.
- A organización territorial de España na Constitución de 1978. O Estado das autonomías: orixe, proceso e mapa autonómico. Caracteres xeográficos básicos de cada unha das comunidades autónomas.
- Os desequilibrios territoriais: contrastes espaciais entre as comunidades autónomas. Disparidades demográficas e desigualdades socioeconómicas. Os desequilibrios rexionais en España e Galiza e as políticas rexionais da Unión Europea.

### Contidos de Actitudes

- Valorar e respecta-la diversidade cultural, lingüística e étnica do mundo e manter unha actitude crítica ante as opinións ideolóxicas diferentes en relación coa articulación administrativa de Europa.
- Valorar de forma crítica as diferentes percepcións do fenómeno da globalización.
- Curiosidade por coñece-los diversos medios e paisaxes existentes no mundo.
- Interesarse por coñece-las relacións de España e da Galiza coas diferentes zonas do mundo.
- Valorar de forma crítica as diferentes percepcións de Europa.
- Curiosidade por coñece-los diversos medios e paisaxes existentes en Europa.
- Interesarse por coñece-los distintos aspectos da integración da Galiza e de España na Unión Europea.
- Interesarse por coñece-los distintos aspectos físicos de Galiza e de España e mostrar interese pola conservación e o uso social do patrimonio natural existente.
- Valora-las limitacións que implican para os asentamentos humanos os diferentes medios ecoxeográficos.
- Valorar de forma crítica o proceso de industrialización.
- Tomar conciencia das desigualdades no nivel de renda das rexións españolas.
- Valora-lo impacto no medio da actividade humana.
- Valora-las formas de asentamento demográfico.
- Respecta-la diversidade cultural, relixiosa e lingüística da poboación española.
- Toma de conciencia das diferentes formas da organización do territorio nun mundo de convivencia e respecto polas minorías.

**Temporalización dos Contidos e Contidos Mínimos ( en cursiva )**

**BLOQUE I. ESPAÑA NO MUNDO**

Tema 1. España a escala mundial

- *O territorio español*
- *Posición relativa de España no mundo*
- Proxección cultural de España no mundo. As linguas
- *O papel de España nos organismos internacionais*

Tema 2. España na Unión Europea

- España nos conxuntos políticos e territoriais históricos de Europa
- *A construción de Europa*
- *Un país menos rico entre os ricos. Situación relativa de España na Unión Europea*

Tema 3. Organización territorial de España

- España, un Estado democrático
- *As Cortes Xerais*
- *A organización territorial*

**BLOQUE II. O MEDIO FÍSICO E A ACCIÓN HUMANA**

Tema 4. O relevo e o clima de España

- *O relevo de España no escenario físico mundial*
- *O relevo de España a escala europea*
- *O relevo de España*
- *As grandes unidades fisiográficas de España*
- *O clima de España a escala mundial*
- *Os climas de España*
- *O relevo e o clima das illas Canarias*

Tema 5. A auga, un recurso escaso

- *España é unha área xeográfica seca*
- *Os recursos hídricos e as cuncas fluviais*
- *Os recursos hídricos dispoñibles*
- *As demandas de auga*
- *Infraestructuras hidráulicas*
- *A auga como problema e como factor de risco ambiental*

Tema 6. O patrimonio ambiental e a biodiversidade

- *A biodiversidade é unha característica esencial do territorio español*
- *A intervención antrópica rexe en gran medida os trazos da paisaxe da Península Ibérica*
- *A paisaxe e as formacións vexetais de España*

**BLOQUE III. A POBOACIÓN**

Tema 7. Evolución da poboación e factores demográficos

- *A dinámica da poboación*
- *A transición demográfica de España e na Galiza*
- *A mortalidade e a natalidade en España e a Galiza*
- *O avellentamento da poboación española e galega*

Tema 8. A estrutura da poboación

- *A distribución da poboación no territorio español e no espacio galego*
- *A pirámide de idades*

## Programación Departamento de Xeografía e Historia

- A poboación activa española e galega

### Tema 9. Cambios e permanencias: o papel da muller e a familia

- *O novo papel da muller en España transformou a estrutura familiar*
- As familias españolas cambiaron
- *Os novos modelos familiares*

## BLOQUE IV. O ESPACIO PRODUCTIVO: SECTOR AGRÍCOLA

### Tema 10. Características do sector agrario: traballo, terra e capital

- A poboación que traballa no sector primario
- *O traballo agrario en España e a Galiza*
- A terra e a auga elementos clave da produción agrícola
- Características da produción e das explotacións agrarias

### Tema 11. A especialización agraria e pesqueira

- *A especialización agrícola do territorio*
- *Dun país agrícola a un país gandeiro*
- *España, unha potencia pesqueira: o papel clave da Galiza*

### Tema 12. Tendencias actuais da actividade agraria

- *O perfil nutricional de España*
- A cadea alimentaria española é agroindustrial
- A complexidade do sistema productivo e da comercialización agraria
- *Unha balanza comercial equilibrada*

## BLOQUE V. O ESPACIO PRODUCTIVO: SECTOR INDUSTRIAL

### Tema 13. A industria en España

- As etapas da industrialización
- A longa noite da industria española 1930-1950
- O segundo despegue industrial
- A crise do modelo industrial fordista
- O modelo de desenvolvemento industrial da información

### Tema 14. O tecido industrial español

- *Os factores de localización industrial e a organización dos espazos industriais*
- *Espazos industriais desconectados: os núcleos da industrialización española*
- *Xeografía de grandes concentracións e algúns eixos industriais*
- *O mapa industrial de España e da Galiza*
- Os espazos industriais e o espazo rede

### Tema 15. Os retos da industria na sociedade informacional

- *Da cultura do consumo enerxético á eficiencia enerxética*
- *O reto tecnolóxico: a información*
- *Os retos das novas formas de traballo e de emprego*

## BLOQUE VI. O ESPACIO DOS SERVICIOS, COMERCIO E OCIO

### Tema 16. Os servicios, clave da sociedade actual

- *Indicadores para o estudio do sector servicios*
- *Os servicios e o sistema productivo en España*
- A localización dos servicios
- A dimensión social dos servicios e as *tendencias de futuro*

### Tema 17. Os servicios e o tempo de lecer

- *España, unha potencia turística*
- Recursos e patrimonio turístico
- O modelo turístico español actual: transformación e cambio
- *O impacto do turismo na paisaxe e no traballo*

Tema 18. O comercio, o transporte e as comunicacións

- *As características do comercio*
- *O papel de España no comercio internacional*
- Os transportes e as comunicacións
- Os medios de comunicación e o impacto das novas tecnoloxías

BLOQUE VII. O ESPACIO URBANO

Tema 19. Cidade e urbanización en España

- *España / Galiza e o proceso de urbanización*
- *Os sistemas urbanos español e galego*
- Estructura e evolución do sistema urbano español ata a actualidade
- O futuro das cidades españolas

Tema 20. Redes urbanas e morfoloxía interior das cidades

- A cidade antiga e a cidade romana
- A cidade andalusí
- As cidades na baixa Idade Media
- As cidades na Idade Moderna
- A cidade industrial
- *A cidade metropolitana (1930-1975)*
- *A cidade postindustrial (1975-2000)*

Tema 21. Tres cidades de hoxe ( *mínimo 2 cidades* )

- Madrid, Valencia, Sevilla ( ou Barcelona, Bilbao, Vigo, p.ex. )

**Criterios de Avaliación en Xeografía**

1. Obter, clasificar e utilizar informacións de contido xeográfico procedente de fontes variadas: cartográficas, estatísticas, textos e imaxes diversos para localizar e interpreta-los fenómenos espaciais e as súas interrelacións. Elaborar, así mesmo, mapas, gráficos e informes, e empregar un vocabulario específico e uns procedementos correctos para explicar feitos e procesos xeográficos. Preparar e realizar traballos de campo e excursións xeográficas.
2. Identifica-las características do sistema mundo e os trazos esenciais da Unión Europea para comprende-los factores que explican a situación de España nunha área xoeconómica determinada e as súas consecuencias espaciais.
3. Coñece-los trazos xerais do medio natural europeo, español e galego e a diversidade de conxuntos naturais; identifica-los seus elementos, a súa dinámica e as súas interaccións e atender especialmente o papel da acción humana.
4. Analiza-lo estado do ambiente e dos recursos naturais en España e na Galiza, relacionándoos coa organización social e o nivel de desenvolvemento económico para comprender e valora-lo uso racional dos recursos e o respecto polo ambiente.
5. Clasificar, describir e analiza-las características dos espazos productivos españois e galegos: rurais, industriais, de produción enerxética e de servizos, e coñece-la súa dinámica recente para identificar e explicar, segundo proceda en cada caso, os factores de localización, a distribución territorial, as tipoloxías espaciais resultantes e as tendencias actuais das actividades productivas en relación co espacio xeográfico.

6. Identificar e interpreta-la evolución, a dinámica natural e migratoria, a estrutura e a distribución espacial da poboación española, recoñecendo as súas características demográficas actuais, as súas diferencias territoriais e as perspectivas de futuro.
7. Interpreta-lo proceso de urbanización español e galego para explica-la configuración do sistema urbano actual e a transformación do medio rural, así como a dinámica da estrutura interna das cidades e o seu estado actual. Identifica-los cambios.
8. Describi-la organización territorial española en comunidades autónomas e identifica-los seus trazos xeográficos máis característicos, para comprender e valora-la pluralidade histórica, cultural, socioeconómica e espacial de España.
9. Distingui-los principais contrastes territoriais, tanto entre comunidades autónomas como internos na Galiza, para analiza-los desequilibrios territoriais existentes en España, e coñece-las políticas europeas do desenvolvemento rexional como o Eixe Atlántico.

#### **Instrumentos de Avaliación, Sistemas de Calificación e de Recuperación.**

A avaliación é sempre continua.

O instrumento básico de avaliación son probas escritas análogas ás propostas nas PP.A.U., que se compoñen de traballos sobre mapas; comentarios sobre material gráfico diverso ( incluídos outros mapas ), cuestións a expór e propostas de vocabulario xeográfico a definir. As probas poden descompoñerse – por necesidades do tempo asignado a aulas – en sesións diversas. Pero deberan realizarse 2 probas como mínimo por cada avaliación. A nota de avaliación é a media aritmética das parciais.

Pode haber haber unha Proba final; neste caso constituirá un 20 % da nota do curso ( a media aritmética das avaliacións será o 80 % restante ).

En cada nota enténdese que se subsumen contidos, procedementos e actitudes. Nembargantes no caso de actitudes salientes – sexan positivas ou negativas – pode utilizarse o 20 % que corresponde a actitudes ben para sumalo ou restalo ( dito doutra forma: a actitude, nen suma nen resta nos casos normais ). A contidos correspóndelle de xeito xeral o 65 % da nota e a procedementos o 15 %.

As recuperacións efectuaranse con probas análogas, salvo que o profesor dispoña excepcionalmente outros métodos ( traballos p.ex. ).

#### **Metodoloxía**

Combinaranse, dadas as características desta materia, as explicacións docentes con actividades prácticas. Úsanse as T.I.C. semanalmente.

#### **Recursos didácticos e materiais**

1. Libro de texto
2. Diapositivas e videos. Mapas murais.
3. Material da biblioteca do centro. Xornais e revistas. Fotocopias.
4. T.I.C. ( aula de informática do centro ).

## **Programación do Ámbito da Sociedade para a ESA. curso 2008-09**

### **1. Xeralidades**

Educación, no contexto da educación para as persoas adultas, consiste en potenciar tódalas súas aptitudes para que poidan construí-lo seu propio proxecto de vida e desempeña-la súa función social con toda plenitude. Para levar a cabo esta función é esencial que as persoas adultas coñezan o medio no que se desenvolve a vida do grupo, non só no momento actual senón tamén como consecuencia dun longo proceso histórico.

O coñecemento da propia cultura e doutras conduce, sen dúbida, á comprensión das particularidades de cada sociedade e á toma de consciencia da existencia dun patrimonio común da humanidade. Dar resposta ás necesidades de aprendizaxe de cada un para lograr tal coñecemento e conseguir unha formación que combine o universal e o singular é o que se pretende desde o ámbito de coñecemento da sociedade.

A área de ciencias sociais ó redor da que xira o ámbito da sociedade está conformada por varias disciplinas e adoece dunha fundamentación epistemolóxica global, polo que cómpre concibila como un lugar de encontro de disciplinas e materias que coinciden no seu fin: o estudo obxectual dos homes e mulleres cando se relacionan con outros homes e mulleres, é dicir, en sociedade. Nesta liña, tanto a xeografía como a historia, ciencia cunha gran capacidade estruturadora dos feitos sociais, consideran a realidade social desde unha perspectiva global e integradora. Pero estas disciplinas, na actualidade, precisan do apoio doutras ciencias sociais que cos seus conceptos, métodos e procedementos de investigación, explicación dos feitos e incluso coas actitudes e valores que promoven facilitan a importante función socializadora que tradicionalmente tiveron a xeografía e maila historia.

Tendo en conta a gran diversidade de intereses do alumnado que nos ocupa e dada a grande amplitude de coñecementos que abranguen estas ciencias, os contidos do ámbito da sociedade no IES David Buján articúlanse ó redor dos seguintes eixes vertebradores: «O home e os recursos», «O devir da sociedade humana», «O mundo actual» e «Arte e lecer».

O currículo do ámbito da sociedade para a educación de persoas adultas pode parecer moi amplo se non se ten en conta o seu carácter aberto e flexible. Así, deberá se-lo profesorado quen, considerando as necesidades e intereses das persoas adultas, así como os seus esquemas de coñecementos, determine o grao de afondamento dos contidos dos diferentes módulos necesario para a consecución das capacidades establecidas nos obxectivos xerais deste ámbito.

### **2. Obxectivos xerais.**

Co fin de desenvolve-las capacidades ligadas ós coñecementos correspondentes ó ámbito da Sociedade, as persoas adultas deberán acadar-los seguintes obxectivos establecidos para este ámbito:

-Promover un sentimento de pertenza a unha comunidade (Galicia), a un Estado (España) e a unha cultura universal desde posicións solidarias e respectuosas con outras comunidades, outros estados e outras culturas.

-Identificar e aprecia-la pluralidade das comunidades sociais ás que pertence, participando criticamente dos seus proxectos, valores e problemas con plena conciencia dos seus dereitos e deberes, e rexeitando calquera tipo de discriminación.

-Valora-la diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e individuos á súa identidade, manifestando actitudes de tolerancia e respecto por outras culturas e opinións que non coinciden coas propias, sen renunciar por iso a un xuízo crítico sobre elas.



## Programación Departamento de Xeografía e Historia

-Aplica-los coñecementos adquiridos a partir do contacto coa realidade social galega para comprende-la súa situación actual, tendo en conta os factores externos que a condicionan influíndo, ás veces decisivamente, no funcionamento do seu devir.

-Identifica-los procesos e mecanismos básicos que rexen o funcionamento dos feitos e procesos sociais, utilizar este coñecemento para comprende-las sociedades contemporáneas e analiza-los seus problemas máis preocupantes para construír un xuízo persoal, crítico e razoado.

-Analizar e identificar, a diferentes escalas, as interaccións que as sociedades humanas establecen cos seus territorios na utilización do espacio e do aproveitamento dos recursos naturais, valorando as súas consecuencias de tipo económico, social, político e medioambiental.

-Identificar e analiza-las interrelacións que se producen entre os feitos políticos, económicos, culturais que condicionan a traxectoria histórica das sociedades humanas, así como o papel que os individuos, homes e mulleres, desempeñan nelas, asumindo que estas sociedades son o resultado de complexos e longos procesos de cambio que se proxectan no futuro.

-Valorar e respecta-lo patrimonio natural, histórico, cultural, lingüístico e artístico, responsabilizándose na súa conservación e mellora e apreciándoo como fonte de gozo e de coñecemento para o desenvolvemento individual e colectivo.

-Resolver problemas e levar a cabo estudos e pequenas investigacións aplicando os instrumentos conceptuais, as técnicas e mailos procedementos básicos da indagación característicos das ciencias sociais.

-Obter e relacionar información verbal, icónica, estatística, cartográfica, etc. a partir de distintas fontes, e en especial dos actuais medios de comunicación, tratala de maneira autónoma e crítica de acordo co fin perseguido e comunicárllela ós demais de xeito organizado e intelixible.

-Realizar tarefas en grupo e participar en discusións e debates cunha actitude constructiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as súas opinións e propostas, e valorando a discrepancia e mailo diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas humanos e sociais.

-Aprecia-los dereitos e liberdades humanas como unha conquista irrenunciable da humanidade e unha condición necesaria para a paz, rexeitando actitudes e situacións discriminatorias e inxustas e mostrándose solidario cos pobos, grupos sociais e persoas privados dos seus dereitos ou dos recursos económicos necesarios.

-Interesarse polas manifestacións culturais e artísticas de tódolos tempos para coñecer mellor a idiosincrasia doutros pobos, as súas raíces e os seus costumes.

-Recoñece-las peculiaridades do coñecemento científico sobre todo o relacionado coa sociedade, valorando que o carácter relativo e provisional dos seus resultados ou a aportación persoal do investigador son parte do proceso de construción colectiva dun coñecemento sólido e riguroso.

### 3. Módulos.

#### **Módulo 1: o home e os recursos.**

Neste módulo a liña de desenvolvemento debe estar moi relacionada co ámbito da natureza, xa que xira ó redor do benestar da humanidade en harmonía coa biosfera. Basea-lo desenvolvemento da humanidade e o seu benestar na explotación abusiva dos recursos sen ter en conta os límites da biosfera é, na actualidade, un dos grandes problemas que preocupa á sociedade e que esta ten que resolver. Por iso, as perspectivas de traballo céntranse na localización espacial, na identificación dos fenómenos xeográficos máis significativos e na explicación analítica das interaccións entre o medio e os seres humanos, con especial atención ós desequilibrios medioambientais. Pártese, pois, da análise do medio ambiente como recurso e dos seus factores físicos, así como da interrelación home-medio que configuran as distintas paisaxes. Os ámbitos espaciais céntranse basicamente en Galicia e en España e de maneira máis xeral en Europa e no resto do planeta. Co ensino-aprendizaxe dos

conceptos e procedementos deste módulo chegarase á localización e ó coñecemento das características de destacados feitos e conceptos xeográficos, como son a percepción e representación espacial, as fontes de información xeográfica, os grandes medios naturais, as áreas de produción de materias primas e recursos enerxéticos, a distribución da poboación e os seus desequilibrios, os sectores de produción, as grandes áreas urbanas e industriais e turísticas, coas vías de comunicación que as unen e as actividades económicas que as interrelacionan.

Ó se-la xeografía o referente disciplinar prioritario predominan os procedementos de índole cartográfica, gráfica e de resolución de problemas espaciais.

### 1.1. Contidos.

#### 1.1.1. Contidos conceptuais.

- O medio ambiente como recurso.
- Os factores físicos do mediorelevo, clima, vexetación e hidrografía como condicionantes da actividade humana.
- Principais unidades paisaxísticas de España e Galicia como consecuencia da interrelación homemedio.
- Os recursos naturais:
  - \* Básicos: aire e auga.
  - \* Alimenticios: agricultura, gandería e pesca.
  - \* Industriais: materias primas, enerxía.
- Os recursos humanos. A poboación e as actividades económicas diferenciadas. Movementos da poboación e distintas maneiras de ocupa-lo espacio.
- O movemento de recursos e produtos. Os transportes e as comunicacións.
- Os problemas de esgotamento e a degradación ambiental.

#### 1.1.2. Contidos procedementais.

- Diferenciación e interpretación dos distintos tipos de mapas: físicos, temáticos, políticos,...
- Elaboración de itinerarios sobre planos ou mapas atendendo fundamentalmente á escala.
- Identificación das distintas variables que se interrelacionan nun territorio.
- Clasificación e identificación das distintas paisaxes: agrarias, industriais, urbanas.
- Análise, a diferentes escalas espaciais, das interaccións que as sociedades humanas establecen cos seus territorios na utilización do espacio e no aproveitamento dos recursos naturais.
- Recoñecemento das actividades humanas que máis estean contribuíndo á degradación do medio ambiente, con especial incidencia na Comunidade galega.

#### 1.1.3. Contidos actitudinais.

- Valoración dos recursos naturais como bens que hai que protexer.
- Respecto e defensa do medio como configurador de calidade de vida das persoas.
- Valoración e respecto das distintas formas de vida dos habitantes de espacios asfaltados.
- Toma de conciencia das desigualdades existentes dentro da poboación mundial e actitude solidaria cos organismos que intentan mitigalas.
- Valoración da vida e da dignidade das persoas independentemente da súa procedencia.
- Interese por utiliza-las técnicas de análise espacial e os datos estatísticos como instrumentos de axuda para desenvolverse e entende-la vida cotiá.

### 1.2. Criterios de avaliación.

- Identificar e localiza-las características físicas máis destacadas (clima, relevo, hidrografía, vexetación e solos) que configuran os grandes medios naturais de Galicia, do territorio español e do planeta.
- Describir a partir da observación da realidade, de fotografías, mapas e textos as principais características do medio físico galego coa finalidade de distingui-las distintas unidades paisaxísticas e establecendo relacións causais entre os elementos que as compoñen.
- Analizar algúns exemplos representativos das paisaxes xeográficas resultantes da interacción medio físico e actividade humana: explotacións agrarias, trazado das redes de comunicación, industrialización, desenvolvemento turístico, etc.

-Identificar algúns dos riscos e problemas medioambientais máis graves en Galicia, España e no mundo, ocasionados polas distintas actividades humanas: explotación abusiva dos recursos, residuos urbanos e industriais, incendios forestais, construción de obras públicas, etc. e avalia-los perigos e riscos que supoñen.

-Utiliza-los modelos de crecemento demográfico e o coñecemento da distribución da poboación en Galicia, España e no mundo para analizar algúns exemplos representativos das tendencias demográficas no mundo actual.

-Caracteriza-los principais sistemas de explotación agraria existentes no mundo identificando e localizando algúns exemplos representativos, e utilizar esa caracterización para analiza-la escaseza de alimentos nalgunhas rexións ou países subdesenvolvidos así como os problemas da agricultura galega e europea.

-Localiza-los principais espacios industriais e centros de produción de materias primas e fontes de enerxía, analizando o intercambio desigual que se establece entre países desenvolvidos e países subdesenvolvidos no comercio destes produtos.

-Identifica-los diferentes usos do solo nunha determinada cidade e a súa área de influencia, analizando-os como manifestacións da diferenciación funcional e a xerarquización social do solo urbano.

-Localiza-la xerarquía urbana relacionándoa cos grandes eixes de transporte e comunicación, caracterizándoa como instrumentos de organización económica e política do espacio e como manifestación de importantes contrastes rexionais no territorio español.

-Utiliza-los medios propios da ciencia xeográfica: mapas de todo tipo, escalas, signos convencionais, gráficos, series estatísticas, etc. como medio para interpretar e comunicar determinadas informacións.

### **Módulo 2: o devir da sociedade humana.**

Neste módulo abórdase a evolución da sociedade humana cunha perspectiva cronolóxica, desde as sociedades primitivas ata os acontecementos ocorridos no século XX. Trátase, pois, de analiza-las grandes etapas da historia da humanidade para facer fincapé nos cambios e nas permanencias, nos feitos e nos procesos, na cronoloxía e no tempo histórico, e na problemática da causalidade e da intencionalidade.

No desenvolvemento deste módulo é imprescindible o exercicio constante e variado da representación gráfica do tempo histórico e dos diferentes ritmos de cambio por medio de eixes, cadros, mapas, etc. Outros procedementos prioritarios son os relativos ó tratamento das fontes históricas nas que se deben incluír obras artísticas, literarias e musicais representativas e a análise multicausal e intencional.

Entre os contidos actitudinais salientan a valoración, respecto e actitude de defensa na conservación do patrimonio histórico-artístico, a tolerancia e o relativismo cultural.

#### 2.1. Contidos.

##### 2.1.1. Contidos conceptuais.

-Iniciación á cronoloxía histórica por medio de técnicas de representación. Conceptos de cambio e permanencia, de feitos e procesos, de casualidade e da súa xerarquización, de consecuencias.

-As pegadas do mundo prerromano e do mundo clásico na denominada civilización.

-A Idade Media. O mundo feudal e as súas peculiaridades nos distintos reinos da Península Ibérica. A confluencia de tres culturas no territorio peninsular e as súas manifestacións artísticas como mostra de tolerancia. As bases do Estado Moderno que sentaron os Reis Católicos.

-Do autoritarismo dos Austrias ó absolutismo borbónico.

-O liberalismo como base ideolóxica do proceso de cambio da sociedade chamada do Antigo Réxime ó mundo contemporáneo. A incorporación de España e Galicia no terreo político e socioeconómico a ese proceso. As repercusións dese proceso na arte e na aparición de novas linguaxes artísticas.

-A época do Imperialismo e os comezos das grandes tensións que caracterizarán o século XX.

##### 2.1.2. Contidos procedementais.

-Distinción na evolución da sociedade humana de feitos ou acontecementos puntuais e procesos de cambio que se desenvolven a ritmos distintos no espacio e no tempo.

-Interpretación e representación de procesos de cambio históricos mediante diagramas, eixes temporais, cadros cronolóxicos, mapas, etc.

## Programación Departamento de Xeografía e Historia

-Utilización de conceptos e datas exactas para describir acontecementos e procesos que se dan en períodos máis amplos coa finalidade de diferenciar tempo histórico e tempo cronolóxico, e comprender que as distintas periodizacións que se fan en historia son convencionais pero non arbitrarias.

-Planificación e realización individual ou en pequeno grupo dun traballo de investigación, elixido polos alumnos, no que poidan empregar fontes de distinto tipo escritas, artísticas, orais, etc.

-Obtención de información explícita e implícita a partir de imaxes, restos arqueolóxicos, manifestacións intelectuais: plásticas, literarias, musicais, artesanais, etc., coa finalidade de caracterizar obxectivamente unha época determinada.

-Utilización e análise crítica de textos históricos e historiográficos, e elaboración de comentarios sobre eles.

### 2.1.3. Contidos actitudinais.

-Toma de conciencia de que a sociedade humana cambia, pero que non tódolos cambios implican necesariamente progreso.

-Valoración crítica das interpretacións subxectivas que, ás veces, se dan da historia e interese por explicacións máis obxectivas sobre ela.

-Valoración dos restos e vestixios do pasado existentes no contorno como manifestacións da memoria colectiva dos pobos, como testemuños presentes dos nosos devanceiros e cooperación e disposición favorable a actuar de forma que se asegure a súa conservación.

-Respecto pola diversidade histórica e cultural de España como unha realidade distinta pero enriquecedora do noso patrimonio colectivo.

-Interese por coñecer-las manifestacións intelectuais de sociedades afastadas de nós no tempo e no espacio.

-Tolerancia, respecto e valoración crítica de actitudes, crenzas, formas de vida, etc. de persoas ou grupos pertencentes a épocas distintas á nosa.

### 2.2. Criterios de avaliación.

-Ordenar e representar graficamente a evolución que sufriu algún aspecto significativo da vida humana (aspectos da vida cotiá, condicións da cultura material, hábito e crenza, etc.) ó longo de diferentes épocas históricas, sinalando os principais momentos e factores de cambio nesa evolución.

-Identificar cronoloxicamente as principais civilizacións e sociedades anteriores á Idade Moderna, analizando algunhas das súas aportacións máis representativas á diversidade e riqueza do noso patrimonio.

-Analiza-los trazos máis significativos da sociedade de Antigo Réxime e analizar nese contexto algún dos feitos máis relevantes da historia de España (colonización de América, presenza da monarquía hispánica en Europa, conflitos na construción dun estado centralizado, Galicia nos séculos escuros).

-Analizar e comparar obras de arte representativas dun estilo artístico sinalando aspectos comúns e peculiaridades que poidan derivarse de contextos históricos e espaciais distintos, con especial atención á arte galega.

-Identifica-los aspectos fundamentais do proceso que leva á sociedade do Antigo Réxime ó mundo contemporáneo sinalando as principais transformacións (demográficas, sociais, políticas e ideolóxicas) que experimentou a sociedade humana nestes últimos séculos.

-Describi-las principais transformacións experimentadas pola sociedade española e galega que poñen de manifesto a súa incorporación ó chamado mundo desenvolvido.

-Caracterizar e situar cronoloxicamente e xeograficamente as grandes transformacións e conflitos mundiais que tiveron lugar no presente século e aplicar este coñecemento á comprensión dalgúns problemas internacionais máis destacados da actualidade.

-Recoñece-las representacións artísticas máis representativas de cada época e valora-la arte contemporánea como froito dunha época cambiante que busca novas linguaxes e novos camiños de expresión.

### **Módulo 3: o mundo actual.**

Este módulo aglutina os acontecementos e procesos que se desenvolven a partir da Segunda Guerra Mundial e que constitúen os antecedentes históricos máis próximos á realidade na que se atopa o alumnado. O concepto de mundo actual debe entenderse, pois, no seu sentido máis amplo. Partindo da orde mundial que se xera despois da Segunda Guerra Mundial, analizaranse os

desequilibrios e conflitos na actualidade e o papel que Galicia e España están a representar nestes momentos. Dado o seu carácter interdisciplinar, este módulo ofrece unha clara alternativa para o desenvolvemento doutros temas transversais, como a educación para a paz, a saúde, a solidariedade cos pobos e grupos menos favorecidos, etc.

Entre os contidos procedementais salientáanse o tratamento da información dos medios de comunicación de masas e a realización de informes e debates.

Os contidos actitudinais prioritarios neste módulo están relacionados coa tolerancia, o respecto ó diálogo como medio de resolver os conflitos, a responsabilidade de todos na conservación e procura da paz, a actitude participativa nos asuntos colectivos e a valoración crítica perante as vivencias que amosen perda de valores.

### 3.1. Contidos.

#### 3.1.1. Contidos conceptuais.

- A configuración do mundo en bloques e as súas consecuencias: a carreira armamentística e a ameaza nuclear. A Guerra Fría.
- Nacemento e evolución do Terceiro Mundo.
- As organizacións internacionais de carácter militar, político, cultural, sanitario, etc. e a presenza de España nelas.
- Crise e novos focos de tensión. A construción da nova Europa e o papel de España e Galicia nela. A desintegración do bloque socialista.
- Espacio e poder político: formas de organización política dos territorios. A organización política e administrativa dos territorios galego e español. As comunidades autónomas e os desequilibrios entre elas.
- As desigualdades sociais e relixiosas e os desequilibrios políticos e económicos como fontes de conflito.
- A aparición dos chamados movementos alternativos: pacifismo, ecoloxismo, feminismo.

#### 3.1.2. Contidos procedementais.

- Análise dalgún conflito do mundo de hoxe, indagando sobre a súa orixe, contrastando as informacións e rexeitando as explicacións simplistas ou maniqueas.
- Realización de informes ou pequenos traballos sobre temas conflictivos do contorno máis próximo, empregando distintos tipos de información e avaliando criticamente os distintos medios que as proporcionan.
- Desenvolvemento de técnicas de confección e análise e interpretación de series estatísticas, de gráficos, de diagramas, etc.
- Preparación e debate sobre o sistema de eleccións xerais, municipais e autonómicas existentes no Estado español.
- Elaboración de mapas conceptuais e esquemas que permitan visualizar a xerarquización dos diferentes elementos e factores que interveñen na explicación dos feitos sociais.
- Busca de información sobre a situación actual da UE e dos problemas que teñen os diversos países e rexións, identificando aqueles que responden a intereses estritamente nacionais.
- Identificación e análise crítica dos problemas sociais do noso tempo: violencia social, consumismo, discriminacións, racismo, xenofobia, etc., tendo en conta os problemas que subxacen no fondo.
- Localización das zonas máis inestables politicamente na actualidade: dictadura, democracias débiles, guerrillas, etc., analizando a relación existente entre realidade socioeconómica e situación política e tendo en conta os seus antecedentes históricos.
- Comentario escrito das finalidades e actuacións dalgún organismo internacional aportando a documentación necesaria.

#### 3.1.3. Contidos actitudinais.

- Sensibilidade perante os problemas sociais derivados de situacións de desigualdade e solidariedade cos sectores máis marxinados da nosa sociedade.
- Valoración dos principios e institucións democráticas como instrumentos adecuados para resolver as discrepancias políticas e respecto por eles nas diferentes esferas da vida cotiá.
- Curiosidade e preocupación por ser cidadáns participativos e con capacidade crítica para actuar en liberdade, con tolerancia e con solidariedade.

- Tolerancia e valoración positiva da diversidade de opinións políticas, ideolóxicas, relixiosas, etc. no mundo actual.
- Toma de conciencia dos graves problemas existentes na actualidade e da responsabilidade colectiva na conservación da paz mundial.
- Disposición a colaborar con institucións e organismos gubernamentais ou non que perseguen a mellora das situacións de desigualdade e desequilibrios sociais.
- Actitude de implicación nos problemas que se dan no marco da comunidade, intentando pescudalas súas raíces históricas e valorando as diversas propostas e alternativas.

### 3.2. Criterios de avaliación.

- Identificar e localiza-las comunidades autónomas do Estado español, os estados europeos, así como as principais áreas xeoeconómicas e culturais do mundo, analizando exemplos representativos dos desequilibrios existentes dentro destes territorios e entre eles e outros territorios do planeta.
- Empregar procesos de análise, contraste e integración de distintas informacións ofrecidas polos medios de comunicación para comprender mellor as circunstancias políticas, económicas e ideolóxicas das grandes potencias que afectan á actualidade internacional.
- Recoñecer na Constitución española os principios e institucións democráticos fundamentais e aplicar ese coñecemento para vulgar e debater feitos ou actuacións da vida pública e actitudes ou comportamentos cotiáns.
- Analiza-la presenza de Galicia e de España na Comunidade Europea e identificalos obxectivos e institucións básicas desta coa finalidade de entender algúns feitos relevantes da actualidade. Analizar, no mesmo sentido, o papel noutros organismos internacionais (ONU, FAO, UNESCO, OTAN, OMS, ...).
- Situación temporal e especialmente e caracteriza-las grandes transformacións e conflitos mundiais trala crise do sistema de bloques e aplicar este coñecemento para a comprensión dalgún dos problemas internacionais máis destacados da actualidade.
- Obter información relevante a partir de varias fontes de información (documentos escritos e testemuños orais, obxectos materiais, imaxes, obras artísticas) distinguindo nelas os datos e as opinións que proporcionan sobre un tema non estudiado previamente.
- Realizar unha sinxela investigación de carácter descritivo sobre algún feito ou tema local abordando tarefas de indagación directa e comunicar de forma intelixible os resultados do estudo.
- Elaborar informes e participar en debates sobre cuestións problemáticas da vida cotiá na actualidade (situacións de marxinação, violencia, discriminacións, problemas da xuventude, paro, etc.) utilizando con rigor a información obtida dos medios de comunicación e manifestando actitudes de tolerancia e solidariedade nas opinións que se argumenten.
- Identifica-lo impacto na nosa sociedade do constante desenvolvemento técnico e científico, en particular o que afecta ó mundo da información, analizando e valorando as súas repercusións en tódolos ámbitos da vida.

### **Módulo 4 opción B: arte e lecer.**

O lecer adquire, na actualidade, unha dimensión que atinxe tamén o ámbito educativo. Así, á hora de planificar calquera proxecto desde a institución escolar deberase partir da perspectiva máis actual de educa-la persoa non só para a súa inserción laboral, senón tamén para gozar no tempo do lecer. De aí a necesidade de incluír na oferta educativa actividades que faciliten unha aprendizaxe capaz de harmoniza-las dúas finalidades primordiais do lecer: a diversión e o desenvolvemento da personalidade. Preténdese, polo tanto, desde este módulo, achega-lo alumnado adulto a outra dimensión da nosa cultura, que lle posibilite o acceso ó gozo estético que poden proporciona-las distintas manifestacións culturais da nosa sociedade. Non se trata, xa que logo, de darlle a este módulo un enfoque conceptual e puramente cronolóxico senón, dado que vivimos nunha comunidade que conta cun gran patrimonio artístico e artesanal, aprender a admiralo e valoralo, a conservalo, a participar activamente del e a interesarnos polos homes e mailas mulleres que o fixeron posible. Desde o punto de vista metodolóxico e didáctico preténdese un tratamento deste módulo partindo das propias manifestacións artísticas e artesanais do seu contorno máis próximo, para chegar a explicacións máis globais e integradores. Os procedementos que se deberán traballar estarán enfocados cara a actividades máis dinámicas e prácticas ca teóricas. Deste xeito, pódese recuperar, nunha sociedade tan tecnificada como a actual o pracer pola lectura e polas obras de arte.

### 4.1. Contidos.

#### 4.1.1. Contidos conceptuais.

- Definición e clasificación das artes. As artes plásticas, a literatura, a arte popular ou artesanía.
- O concepto de estilo e os grandes estilos artísticos da historia da arte. As súas manifestacións en Galicia e noutros territorios españois e europeos.
- A arte como testemuño dunha época e dun contexto histórico determinado. O románico e o barroco en Galicia como manifestacións de épocas de grande actividade económica.
- As grandes rutas do patrimonio natural e artístico galego.
- A artesanía da Comunidade galega: o traballo do liño, da cestería, dos encaixes, da cerámica.
- O concepto de lecer e a diferente valoración sobre como vivilo.
- As contradicións da sociedade actual: ¿valor do traballo ou valor do lecer?

#### 4.1.2. Contidos procedementais.

- Análise, comparación e debate sobre a complexidade do concepto de arte e sobre as súas funcións.
- Planificación e realización de itinerarios locais: ruta sacra, os camiños que levan a Santiago, ... como medio que axuda a enriquecernos no noso tempo libre.
- Interese por saber que estilos artísticos son os que cuantitativa e cualitativamente mellor están representados en Galicia e que factores económicos, políticos e culturais puideron influír.
- Realización de traballos manuais que poñan de manifesto as técnicas e as pericias necesarias para facer un bo obxecto artesán.
- Preparación dun comentario e posterior debate sobre algunha obra cinematográfica, teatral, musical, exposicións, etc.
- Preparación dalgunha viaxe turística real ou imaxinaria a algunha cidade relevante polo seu patrimonio histórico-artístico, polas súas condicións climatolóxicas, etc. planficando e organizando todo aquilo que se desexa facer.

#### 4.1.3. Contidos actitudinais.

- Interese por aprender algunha actividade relacionada coa artesanía galega.
- Valoración da lectura como fonte de pracer e enriquecemento persoal.
- Sensibilidade e preocupación por conserva-lo contorno natural, artístico e artesanal da nosa comunidade.
- Respecto e valoración crítica de concepcións estéticas e formas artísticas afastadas do gusto persoal.
- Valoración e sensibilidade das obras de arte como manifestacións da creatividade humana e como conciencia crítica da historia.
- Curiosidade por coñecer e participar nas ofertas culturais dos organismos próximos ó contorno.

### 4.2. Criterios de avaliación.

- Analizar e valora-la dificultade e as distintas definicións da arte, os cambios producidos no seu concepto e as funcións en distintos momentos históricos e en diferentes culturas.
- Recoñecer e situar no tempo e no espacio obras de arte representativas dun momento histórico, sinalando as diferentes concepcións estéticas e os trazos estilísticos que permiten a súa clasificación.
- Planificar itinerarios histórico-artísticos subliñando as obras de arte que se van visitar coa axuda da información pertinente.
- Elaborar inventarios e resumos sobre o estado do patrimonio artístico e artesanal do contorno próximo ó centro e ó alumnado.
- Realizar algún traballo manual valorando o sincretismo entre tradición e modernidade, a capacidade creativa e as posibilidades que ofrece como alternativa de inserción laboral.
- Localizar na xeografía galega as zonas de gran tradición artesanal, identifica-los procesos que implica o traballo do liño, a cestería, a cerámica, os encaixes, os produtos alimenticios, ... valorando os esforzos dos artesáns para dar a coñecer e comercializa-los seus produtos.
- Identificar noutras civilizacións distintas á nosa (A China, India, Grecia) a forma de entende-lo concepto do lecer para descubrir formas gozosas de construí-lo noso propio proxecto de vida e aprender a desenmaraña-lo tecido da nosa sociedade.

## **EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA E OS DEREITOS HUMANOS**

**GALICIA**

### **OBXECTIVOS**

1. Aprender a se relacionar cos demais e a participar en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, valorando criticamente as diferenzas e rexeitando os prexuízos sociais, así como calquera xeito de discriminación baseada en diferenzas de raza, sexo, crenzas ou clase social.
2. Asimilar hábitos e estratexias de traballo autónomo e en equipo que favorezan a aprendizaxe e o desenvolvemento intelectual del alumnado.
3. Valorar positivamente as diferenzas entre individuos rexeitando os prexuízos sociais e calquera xeito de discriminación baseada en diferenzas de raza, sexo, crenzas ou clase social.
4. Establecer relacións afectivas con persoas de distintas idades e sexo, superando calquera tipo de discriminación baseado nas características persoais e sociais.
5. Aprender a xestionar a información (busca, escolla e tratamento de datos), interpretala e valorala de forma crítica; e a transmitirla aos demais de maneira organizada e intelixible.
6. Utilizar as novas tecnoloxías da información e da comunicación para a xestión e mais a análise de datos, e a presentación de traballos e informes.
7. Utilizar estratexias de identificación e resolución de problemas en diferentes eidos de coñecemento, mediante a aplicación do razoamento lóxico, a formulación e o contraste de hipóteses.
8. Coñecer e valorar criticamente o desenvolvemento científico e tecnolóxico que tivo lugar ao longo da historia nos diversos campos do saber.
9. Adquirir coñecementos básicos sobre as leis e mecanismos que rexen o funcionamento da natureza
10. Coñecerse cada vez máis a si mesmo cunha imaxe positiva, exercer unha crecente autonomía persoal na aprendizaxe, buscando un equilibrio das distintas capacidades físicas, intelectuais e emocionais, con actitude positiva cara ao esforzo e a superación das dificultades.
11. Comprender e producir mensaxes orais e escritas para se comunicar e organizar o pensamento, reflexionar sobre os procesos implicados no emprego da linguaxe; e recoñecer as particularidades das distintas linguas que se falan en España.
12. Iniciarse na análise e interpretación de textos literarios relacionándoos coa súa correspondente corrente e xénero literarios.
13. Adquirir unha destreza comunicativa funcional na lingua ou linguas obxecto de estudo.



14. Comprender a necesidade de coñecer, protexer e conservar a xeografía e o patrimonio artístico, cultural e lingüístico de España e do mundo, entendendo a diversidade lingüística e cultural como un dereito indiscutible dos pobos e dos individuos.
15. Valorar positivamente a diversidade cultural e lingüística existente en España e en Galicia.
16. Comprender os aspectos básicos do funcionamento do corpo humano e desenvolver actitudes e hábitos positivos cara á conservación e prevención da saúde individual e colectiva (levar unha vida sa cun exercicio físico periódico, unha hixiene esmerada, unha alimentación equilibrada...).
17. Desenvolver hábitos e actitudes que favorezan o propio desenvolvemento individual e a conservación do medio.
18. Saber interpretar, valorar e producir mensaxes que utilicen diversos códigos artísticos, científicos e técnicos co fin de enriquecer as posibilidades de comprensión e expresión de xeito preciso, creativo e comunicativo.
19. Coñecer as particularidades do patrimonio natural, cultural, histórico-artístico e lingüístico de Galicia e valorar a necesidade de participar de forma activa na súa protección e conservación para asegurar a súa sostibilidade e o seu traspaso ás xeracións vindeiras.
20. Comprender a importancia do coñecemento do galego como parte da nosa identidade colectiva e individual.

## **EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA E OS DEREITOS HUMANOS COMPETENCIAS BÁSICAS**

A educación para a cidadanía e os dereitos humanos e a educación ético-cívica relaciónanse directamente coa competencia social e cidadá pero, a complexidade das sociedades democráticas exige facer fronte a unha serie de novos desafíos como o coidado do ambiente, a orientación do desenvolvemento tecnocientífico, a responsabilidade polas xeracións futuras, a igualdade entre os sexos, a loita contra novas formas de exclusión social e contra as existentes, que impiden desvincular a competencia social e cidadá do desenvolvemento das demais competencias básicas. Negarlle á cidadanía a participación no debate sobre estas cuestións, entre outras, sería contraditorio cos valores democráticos. Unha cidadanía activa debe ter capacidade de elixir, pero ser quen de elixir exige ser quen de formular preguntas, observar, seleccionar, analizar, sintetizar información e transformala en coñecemento, explicitar ideas, construír argumentos, formular hipóteses etc. Estamos a falar de destrezas relacionadas con diferentes competencias (competencia en comunicación lingüística, para aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal, etc.), que é necesario adquirir se o obxectivo é a formación integral do alumnado e a súa preparación para a vida social.

En relación coa competencia social e cidadá, a educación para a cidadanía propicia a adquisición de habilidades para vivir en sociedade e para exercer a cidadanía democrática, ao favorecer o desenvolvemento de destrezas que permiten participar, tomar decisións, elixir a forma axeitada de comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das consecuencias derivadas das decisións adoptadas. Contribúe así mesmo a reforzar a autonomía, a autoestima e a identidade persoal, a tomar conciencia e facilitar a expresión dos propios pensamentos, valores, sentimentos e accións. Ao impulsar os

vínculos persoais baseados nos sentimentos e os valores da convivencia e a participación, contribúe a fomentar habilidades sociais destinadas a mellorar as relacións interpersoais. O coñecemento da diversidade axuda a xerar sentimentos non excluíntes e a interiorizar o valor de respecto, así como a aceptar e usar convencións e normas sociais facilitadoras da convivencia. A sensibilización ante as situacións de discriminación e inxustiza, permiten consolidar os valores de cooperación, solidariedade, xustiza, non violencia, compromiso e participación tanto no ámbito persoal coma no social. A práctica do diálogo axuda a afrontar e resolver as situacións de conflito mediante procedementos non violentos.

Contribúese tamén á dimensión ética da competencia social e cidadá ao favorecer a identificación e reflexión crítica sobre os valores do contorno e ao ofrecer como referente ético común os valores que sustentan a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia. Contidos específicos como o coñecemento dos fundamentos e os modos de organización dos estados e das sociedades democráticas, a evolución histórica dos dereitos humanos, o achegamento á pluralidade social ou ao carácter da globalización e as implicacións que comporta para os cidadáns, proporcionanlle ao alumnado instrumentos para construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos, exercer os dereitos e liberdades e asumir as responsabilidades e deberes cívicos.

A educación para a cidadanía, a través da educación afectivo emocional, contribúe tamén ao desenvolvemento da competencia de aprender a aprender, porque facilita o recoñecemento das propias capacidades e carencias e as habilidades para sacar proveito das primeiras e superar as segundas. Por outra banda, o desenvolvemento do diálogo e a valoración das razóns doutras persoas, require admitir a diversidade de res-postas ante un mesmo problema. Así mesmo, o estímulo das destrezas orientadas á recompilación e á síntese de información, á transformación da información en coñecemento, ao desenvolvemento das habilidades sociais que permiten o traballo en equipo e a participación favorecen tamén as aprendizaxes posteriores.

Os contidos da educación para a cidadanía, potencian tamén o desenvolvemento da competencia básica autonomía e iniciativa persoal, xa que a reflexión sobre as relacións entre intelixencia, sentimentos e emocións, posibilita o coñecemento dun mesmo, o autocontrol e equilibrio emocional, necesarios para o desenvolver un comportamento autónomo. O coñecemento da contribución de distintas teorías éticas, facilita a creación dun código moral propio. Por outra banda, os contidos procedementais do currículo atenden especialmente á argumentación, á elaboración de ideas propias, ao estudo de casos que exixan un posicionamento persoal sobre un problema e a procura de posibles solucións. Prevé así mesmo a necesidade de planificar, tomar decisións con criterio propio e asumir a responsabilidade da elección. A formulación de dilemas morais, que caracterizan as materias desta área, contribúen tamén a que as alumnas e os alumnos constrúan un xuízo ético propio baseado nos valores e prácticas democráticas.

O uso sistemático do diálogo e do debate contribúe á competencia en comunicación lingüística. Debater en serio exige exercitarse na escoita, a exposición e a argumentación e para iso é necesario verbalizar os conceptos, facer explícitas as ideas, formar os xuízos e estruturalos de forma coherente.

A necesidade de buscar, obter, analizar, sintetizar e relacionar a información procedente de distintas fontes, comprendela e integrala para producir coñecemento, comunicala, facer inferencias e deducións son procedementos que contribúen tamén a desenvolver a competencia tratamento da información e competencia dixital.

A educación para a cidadanía permite tamén mellorar a competencia cultural e artística, porque o desenvolvemento de habilidades sociais para a convivencia nunha sociedade plural, exige ser quen de apreciar o feito cultural nas súas diversas manifestacións.

Finalmente, ser conscientes da importancia do uso responsable dos recursos naturais, da necesidade de preservar o ambiente, potenciar o consumo responsable e unha forma de vida saudable, son contidos con que desde a educación para a cidadanía é posible contribuír tamén ao desenvolvemento da competencia no coñecemento e interacción co mundo físico.

## **COMPETENCIAS BÁSICAS**

### **1. Competencia social e cidadá**

- Potenciar a capacidade de interrelación social a partir de coñecemento de si mesmo.
- Valorar os diversos axentes sociais que inflúen na formación da nosa personalidade.
- Asumir a multiculturalidade e o respecto á diferenza como valores propios.
- Valorar criticamente comportamentos discriminatorios.
- Coñecer e asumir os dereitos e os deberes cívicos.
- Aceptar e practicar normas de convivencia inspiradas nos valores democráticos.
- Coñecer a Declaración dos Dereitos Humanos.
- Analizar as repercusións da globalización.
- Coñecer as institucións democráticas españolas.
- Expresar as propias opinións de forma asertiva.
- escoitar activamente e mostrar unha actitude favorable ao diálogo e ao traballo cooperativo.
- Valorar a necesidade dunha ética universal.

### **2. Competencia para aprender a aprender**

- Identificar a idea principal dun texto e resumir o seu contido.
- Exercitarse na síntese de textos a partir da interpretación de esquemas e mapas conceptuais.
- Comprender e valorar criticamente realidades ou fenómenos sociais a partir da análise das súas causas.
- Valorar o aforismo como técnica para sintetizar coñecementos e visións da vida.
- Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.
- Contrastar coñecementos adquiridos sobre un tema mediante a resolución das preguntas dun cuestionario.
- Analizar e relacionar datos numéricos coa realidade que describen.
- Anticipar posibles escenarios e consecuencias futuras das accións individuais e/ou sociais.
- Formular solucións a problemas complexos a partir dunha análise previa exhaustiva.

### **3. Autonomía e iniciativa persoal**

- Valorar a propia capacidade para escoitar e comprender as opinións alleas á nosa
- Identificar os trazos da nosa personalidade que favorecen a nosa capacidade para relacionarnos socialmente.
- Valorar e asumir os perigos que supoñen determinadas condutas de risco para a propia persoa e o seu ámbito.
- Reflexionar sobre a imaxe que teñen os demais sobre nós e reforzar a propia autoestima.
- Valorar criticamente a nosa interacción co medio social.
- Reflexionar de forma autónoma sobre problemas sociais complexos e formular propostas para resolvelos.
- Valorar os propios estereotipos de xénero que interfieren na nosa valoración doutras persoas.
- Seleccionar os valores que consideramos máis importantes para fundar unha ética cidadá.
- Formarse e expresar unha opinión propia sobre procesos sociais complexos como a globalización.

#### **4. Competencia en comunicación lingüística**

- Saber expresar as propias ideas e emocións, oralmente e por escrito, utilizando a terminoloxía axeitada.
- Comunicarse argumentando idéelas propias e respectando as quendas de palabra dentro dun grupo.
- Definir conceptos facendo uso da linguaxe específica da área.
- Argumentar por escrito a propia opinión persoal sobre unha realidade ou un tema de actualidade controvertidos.
- Realizar unha exposición oral estruturada e argumentada.
- Explicar o significado de determinados conceptos a partir do seu contexto.
- Expoñer ideas e propostas de forma argumentada nun proceso electoral simulado.
- Realizar un comentario de texto guiado.
- Expoñer opinións de forma argumentada ao longo dun debate.
- escoitar as opinións distintas á propia con respecto, sensibilidade e espírito crítico.

### **OBXECTIVOS**

1. Recoñecer a condición humana na súa dimensión individual e social, tomando conciencia da propia identidade, das características e experiencias persoais respectando as diferenzas cos outros e desenvolvendo a autoestima
2. Coñecer e expresar os sentimentos e as emocións e desenvolver a afectividade nas relacións cos outros, manifestando unha actitude aberta, solidaria e respectuosa, rexeitando os estereotipos, os prexuizos e a violencia en todas as súas formas.
3. Desenvolver a iniciativa persoal, actuar con autonomía, asumindo responsabilidades individuais e colectivas e practicar formas de convivencia

e participación baseadas no respecto, utilizando o diálogo e a mediación para evitar e resolver os conflitos.

4. Coñecer, valorar e exercer os dereitos e asumir responsablemente os deberes e as obrigas que se derivan das declaracións internacionais de dereitos humanos e da Constitución española e Estatuto de autonomía de Galicia, identificando os valores que os fundamentan.
5. Asumir a pluralidade das sociedades actuais recoñecendo a diversidade como enriquecedora da convivencia e defender a igualdade de dereitos e oportunidades de todas as persoas, rexeitando as situacións de inxustiza e as discriminacións existentes por razón de sexo, orixe, crenzas, diferenzas sociais, orientación afectivo-sexual ou de calquera outro tipo, como unha vulneración da dignidade humana e causa perturbadora da convivencia.
6. Recoñecer e asumir a igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes, valorar a diferenza de sexos rexeitando os estereotipos e prexuízos que supoñan discriminación e participar activamente na prevención da violencia de xénero.
7. Coñecer e apreciar os principios e valores que fundamentan e lexitiman os sistemas democráticos e o funcionamento da Comunidade Autónoma de Galicia, do Estado español e da Unión Europea, tomando conciencia do patrimonio común e da diversidade social e cultural.
8. Coñecer os fundamentos do modo de vida democrático e aprender a obrar de acordo con eles nos diferentes ámbitos da convivencia. Asumir os deberes cidadáns na mantenza dos bens comúns e recoñecer o papel do Estado como garante dos servizos públicos.
9. Coñecer as diversas formas de participación política, desenvolver habilidades dialóxicas orientadas á participación democrática e valorar a importancia da participación cidadá ben sexa na vida política institucionalizada ou noutras formas de participación como a cooperación, o asociacionismo e o voluntariado.
10. Coñecer as causas que provocan a violación dos dereitos humanos, a pobreza e desigualdade, así como a relación entre os conflitos armados e o subdesenvolvemento. Valorar as accións encamiñadas á consecución da paz e seguridade e a participación activa como medio para lograr un mundo máis xusto.
11. Recoñecerse membros dunha cidadanía global, baseada nos valores da liberdade, igualdade e xustiza e implicarse activamente na súa realización, comezando por mostrar respecto crítico polos costumes e modos de vida de poboacións distintas á propia e manifestar comportamentos solidarios coas persoas e colectivos desfavorecidos.
12. Coñecer e analizar as principais teorías éticas que máis contribuíron ao recoñecemento das liberdades e dos dereitos das persoas.
13. Identificar as posicións morais que están na orixe dos principais problemas e conflitos do mundo actual, valorar a importancia da análise ética na orientación da súa resolución e desenvolver unha actitude crítica ante os modelos que se transmiten a través dos medios de comunicación, mediante a adquisición de destrezas básicas na utilización das fontes de información.
14. Adquirir un pensamento crítico, desenvolver un criterio propio e adquirir habilidades para comunicar as propias ideas e defender as propias posicións en debates, a través da argumentación documentada e razoada, así como para escoitar e valorar as razóns e argumentos dos outros.
15. Practicar o diálogo coa realidade social en continuo proceso de transformación, como instrumento para a análise crítica das conviccións

persoais e a formulación dun proxecto de vida propio, na dimensión persoal, cívica e profesional.

## **CONTIDOS**

### **Bloque 1. Contidos comúns**

- Identificación de problemas actuais, a súa conceptualización e reflexión argumentada.
- Análise comparativa e avaliación crítica de informacións proporcionadas polos medios de comunicación sobre un mesmo feito ou cuestión de actualidade.
- Prácticas de exposición (oral e escrita) das ideas propias ou dos resultados das lecturas e da información obtida a través de diversos medios.
- Preparación e intervención en debates, sobre aspectos relevantes da realidade social, considerando as posicións e alternativas existentes e desenvolvendo unha actitude de compromiso para a súa mellora.
- Utilización do diálogo como estratexia para a identificación dos conflitos e a solución dos problemas.

### **Bloque 2. Relacións interpersoais, convivencia e participación**

- Comprensión e incorporación dos conceptos de amizade, fraternidade, dignidade, sinceridade, agradecemento, cordialidade, diálogo, etc., básicos para a convivencia.
- Recoñecemento e valoración da convivencia familiar como un sistema de comunicación e cooperación entre xeracións. Posibles disfuncións: análise e busca de solucións compartidas.
- Recoñecemento e valoración da amizade como un sistema de comunicación e cooperación entre iguais.
- Valoración e uso do diálogo como instrumento para a prevención e resolución de conflitos nas relacións entre iguais e nas relacións interxeracionais.
- Análise da importancia da sexualidade na vida humana, da necesidade dunha regulación ética das relacións sexuais baseada no respecto e na equidade e prevención de prácticas de risco.
- Valoración crítica da división social e sexual do traballo e rexeitamento de prexuízos racistas, xenófobos, homófobos e sexistas.
- Axuda a compañeiras, compañeiros e, en xeral, a persoas en situación desfavorecida e responsabilización no coidado das persoas dependentes.
- Participación no centro educativo e en actividades sociais da comunidade como aprendizaxe dos deberes cidadáns. Especial incidencia na mediación e acollida de alumnado inmigrante.

### **Bloque 3. Deberes e dereitos cidadáns**

- Identificación e exercicio dos deberes e dereitos que teñen como alumnado dun centro.
- Coñecemento e manexo da Declaración universal dos dereitos humanos, asunción dos deberes e responsabilidades que dela se derivan e valoración do proceso de recoñecemento e proclamación dos dereitos humanos como unha conquista histórica inacabada.

- Recompilación de información sobre os distintos tipos de documentos que recollen a lexislación internacional sobre os dereitos humanos (declaracións, pactos, convenios...) e sobre os mecanismos de control e protección dos acordos.
- Recoñecemento da igualdade das persoas en dignidade e dereitos, identificación e condena de situacións de violacións dos dereitos humanos e coñecemento dos recursos para denunciar e combater a violación dos dereitos.
- Valoración das diferenzas de xénero como enriquecedoras das relacións interpersoais. Coñecemento dos dereitos das mulleres na nosa sociedade actualealoita pola súa consecución. Recoñecemento da igualdade de dereitos de mulleres e homes e identificación e rexeitamento das situacións de discriminación de feito das cales aínda son vítimas as mulleres.

#### **Bloque 4. Democracia e cidadanía.**

- Identificación do sistema de dereitos e deberes como base da convivencia política. Valoración do exercicio dunha cidadanía activa, que coñece os seus dereitos e asume as súas responsabilidades. Os sistemas de votación democrática.
- Identificación das principais institucións e dos conceptos fundamentais que definen un sistema democrático.
- Identificación e coñecemento dos principios, dereitos e deberes fundamentais recoñecidos na Constitución española e no Estatuto de autonomía de Galicia.
- Identificación e valoración das diversas formas de participación cidadá: cooperación, asociacionismo e voluntariado.
- Valoración da política como servizo á cidadanía: a responsabilidade pública. Información sobre a estrutura e funcionamento da protección civil e coñecemento do seu papel na prevención e xestión dos desastres naturais e provocados. Os sistemas de votación democrática.
- Asunción da responsabilidade cidadá: identificación e aprecio dos bens comúns e servizos públicos. Valoración dos impostos como a contribución dos cidadáns aos gastos e investimentos públicos e como instrumento para a distribución da renda e compensación das desigualdades.
- Reflexión sobre as causas, avaliación das consecuencias dos accidentes de circulación e implicación na súa prevención.
- Coñecemento dos dereitos e deberes que implica o consumo, planificación de condutas e adquisición de hábitos de consumo racional e responsable compatible coa sustentabilidade.
- Observación do impacto das actividades individuais e colectivas sobre o ambiente e valoración da responsabilidade polo seu coidado.

#### **Bloque 5. Cidadanía en tempos de globalización.**

- Valoración da diversidade social e cultural como enriquecedora da convivencia nunha sociedade plural. Identificación dos elementos culturais propios que poidan estar en perigo nun mundo globalizado e posibles solucións
- Identificación de situacións de violación de dereitos e sensibilización fronte ás necesidades de colectivos e grupos desfavorecidos. Planificación de iniciativas encamiñadas á construción duna sociedade máis xusta e solidaria.

- Identificación dos principais conflitos no mundo actual e sensibilización ante as situación das persoas que sofren directamente as súas consecuencias. Información sobre o papel dos organismos internacionais e as forzas de pacificación na prevención e resolución dos conflitos. Identificación e valoración das accións individuais e colectivas a favor da paz.
- Análise e valoración da influencia das novas formas de comunicación, información e mobilidade no establecemento de relacións globais entre as persoas de diferentes lugares do mundo e das consecuencias da globalización económica.
- Sensibilización ante as desigualdades: riqueza e pobreza. Coñecemento de iniciativas encamiñadas á loita contra a pobreza e a axuda ao desenvolvemento.

## **SECUENCIACIÓN**

### **I. IDENTIDADE E AUTOESTIMA**

#### **TEMA 1. COÑÉCESTE?**

- VALE A PENA QUE TE COÑEZAS
- VALE A PENA QUE TE QUEIRAS
- TOMA O MANDO
- RESPÉCTASTE O SUFICIENTE?

#### **TEMA 2. OS OUTROS ENTRAN EN ESCENA**

- INDIVIDUAIS E SOCIAIS
- BENVIDO Á FAMILIA
- HORA DE IR Á ESCOLA
- UN AMIGO É UN TESOURO
- A OUTRA METADE
- CHAMANDO ÁS PORTAS DO MUNDO

#### **TEMA 3. O RESPECTO Á DIFERENZA**

- NON ES COMA MIN, QUE MEDO!
- DA DIFERENZA Á DISCRIMINACIÓN
- POR RIBA DE TODO, RESPECTO!

### **II. CONVIVENCIA E VALORES CÍVICOS**

#### **TEMA 4. AS PERSOAS TEMOS DEREITOS**

- FALEMOS DOS DEREITOS



- OS DEREITOS HUMANOS
- O CONTIDO DA DECLARACIÓN UNIVERSAL
- AÍNDAMOS MOI LONXE DA META
- QUEN LOGRA QUE OS DEREITOS SE CUMPRAN?

#### **TEMA 5. NON DESCUBRIMOS OS DEBERES**

- DEREITOS E DEBERES: AS DÚAS CARAS DO CIVISMO
- NORMAS POR TODAS PARTES
- A LEI É A LEI
- OS DEBERES CÍVICOS

#### **TEMA 6. DECIDIMOS ENTRE TODAS E TODOS**

- A DEMOCRACIA: UN "INVENTO" SORPRENDENTE
- ALGUNHAS IDEAS CLAVE
- COMEZA A EXERCER DE DEMÓCRATA
- A DEMOCRACIA ESPAÑOLA
- TRABALLAMOS A DEMOCRACIA

### **III. PERTENZA E CIDADANÍA**

#### **TEMA 7. UN MUNDO GLOBLAMENTE INJUSTO**

- UN PASTEL MAL REPARTIDO
- FACTORES DE DESIGUALDADE
- A POBREZA TEN ROSTRO FEMININO
- COMO SE CONSTRÚE UN MUNDOMÁIS XUSTO

#### **TEMA 8. GUERRA E PAZ: A SUPERACIÓN DOS CONFLITOS**

- A VIOLENCIA OMNIPRESENTE
- A GUERRA E AS SÚAS CAUSAS
- O QUE CÓMPRE SABER SOBRE AS GUERRAS
- CARA A UNHA CULTURA DA PAZ

#### **TEMA 9. GLOBALIZACIÓN E INTERDEPENDENCIA**

- O MUNDO FÍXOSE PEQUENO
- NOVOS TEMPOS, NOVOS PROBLEMAS
- A NECESIDADE DUNHA CONCIENCIA PLANETARIA

## **AVALIACIÓN**

1. Valorar a importancia das outras persoas para a construción da propia identidade, tomar conciencia dos vínculos que están na base da convivencia e iniciar a construción dun código de conduta autónomo, a partir do recoñecemento da propia identidade e do respecto e tolerancia polas diferenzas persoais e sociais.
2. Practicar o diálogo para evitar e superar os conflitos nas relacións entre iguais e nas relacións interxeracionais.
3. Identificar e rexeitar, a partir da análise de feitos reais ou figurados, as situacións de discriminación cara a persoas de diferente orixe, xénero, ideoloxía, relixión, orientación afectivo-sexual e outras, respectando as diferenzas persoais e mostrando autonomía de criterio.
4. Participar, de modo democrático e cooperativo, en todas as actividades programadas tanto na aula como fóra dela, e en xeral na vida do centro e do contorno como preparación para o exercicio duna cidadanía activa.
5. Utilizar diferentes fontes de información e considerar as distintas posicións e alternativas existentes nos debates que se formulen sobre problemas e situacións de carácter local ou global.
6. Identificar os principios básicos das declaracións internacionais dos dereitos humanos e a súa evolución, distinguir situacións de violación destes e recoñecer e rexeitar as desigualdades de feito e de dereito, en particular as que afectan as mulleres.
7. Identificar os conceptos fundamentais (pluralismo político, parlamentarismo, representatividade...) que definen un sistema democrático, os principios e as institucións fundamentais, así como os dereitos e deberes que establece a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia.
8. Identificar os principais servizos públicos que deben garantir as administracións, recoñecer a contribución dos cidadáns no seu mantemento e mostrar, ante situacións da vida cotiá, actitudes cívicas relativas ao coidado do contorno, á seguridade vial, á protección civil e ao consumo responsable.
9. Utilizar e contrastar con rigor información procedente de diversos medios para identificar as causas dalgúns dos problemas de convivencia nas sociedades actuais, elaborar un punto de vista propio e desenvolver actitudes responsables que contribúan á súa mellora.
10. Identificar as características da globalización e o papel que xogan nela os medios de comunicación, recoñecer as relacións que existen entre a sociedade en que vive e a vida das persoas doutras partes do mundo.
11. Recoñecer a existencia de conflitos e o papel que desempeñan neles as organizacións internacionais e as forzas de pacificación. Valorar a importancia da participación humanitaria para paliar as consecuencias dos conflitos.









